


DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTO DE GALICIA

Sesión Plenaria n.º 40

Celebrada o mércores, 15 de xuño de 1983

ORDE DO DIA

- I.- Debate do ditame da Comisión Institucional de proposición de lei de Normalización Lingüística.
- 2.- Debate do ditame da Comisión Institucional do proxecto de Lei de Recoñecemento da Galeguidade.
- 3.- Interpelacións:
 - De D. Manuel Morán Morán do Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia, sobre aplicación da campaña de vacunación antiaftosa obrigatoria e avaliación das perdas polo seu incumprimento. (Pub. no B.O.P.G. nº. 101, de 21 de maio de 1983).

- De D. Manuel Morán Morán, do Grupo Parlamentario de Alianza Popular, sobre Concurso para cubrir prazas de Xefaturas Provinciais convocadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, por resolución de 9 de marzo de 1983. (Pub. no B.O.P.G. núm. 101, de 21 de maio de 1983).
- De D. Ramón Félix Blanco Gómez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre programación de instalacións deportivas da Consellería de Turismo e Deportes nos municipios galegos (Pub. no B.O.P.G. núm. 87, de 18 de abril de 1983).
- Do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre calendario lexislativo da Consellería de Agricultura (Pub. no B.O.P.G. núm. 87, de 18 de abril de 1983).
- De D. Camilo Nogueira Román, do Grupo Parlamentario Mixto, sobre elaboración, aprobación, execución de plans, programas, normas e orientacións pedagóxicas de desenvolvemento e complementariedade do ensino de E.X.B. (Pub. no B.O.P.G. núm. 57, de 27 de xaneiro de 1983).

SUMARIO

Abrese a sesión ás once e vinte minutos da mañán.

Antes de entrar na orde do día, o señor Presidente prega ó señor Secretario dea lectura á orde do día, así como ás comunicacións de inasistencias xustificadas. Así o fai o señor Secretario (Olives Quintás).

Entrase na orde do día.

– Debate do dictame da Comisión 1º Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, da Proposición de Lei de Normalización Lingüística. Páx. 2310

0 señor Presidente explica o procedemento para o desenrolo do debate, segundo dispón o artigo 127 do Regulamento da Cámara.

0 señor Presidente da Comisión (Pardo Montero) fai a presentación do dictame. A continuación, o señor Presidente abre un turno de intervencións de Portavoces dos Grupos Parlamentarios para fixa-las súas posicións respecto do dictame. Neste turno interveñen os señores Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto), Guerreiro Carreiras (Grupo Parlamentario Mixto), Díaz e Díaz (Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia), Olives Quintás (Grupo Parlamentario Centrista-UCD), Miras Portugal (Grupo Parlamentario Centrista- UCD), e Barreiro Rivas (Grupo Parlamentario de Alianza Popular).

0 señor Presidente anuncia, que se vai proceder ás votacións parciais comenzando polo articulado.

– Artigos 1 a 25.....Páx. 2328

Ouedaron aprobados por unanimidade os artigos 1 a 25, por términos en que figuran no dictame da Comisión.

– Disposición adicional..... Páx. 2328

Foi aprobada a Disposición adicional por 54 votos a favor, e 2 abstencións.

– Preámbulo. Páx. 2328

0 señor Presidente, tal como manifestou ó comenzo da sesión, dando cumprimento ó que dispon o artigo 127 do Regulamento da Cámara, por tratarse dunha proposición de lei de desenrolo básico do Estatuto, anuncia que a votación final sobre o conxunto do texto se efectuará dentro de cinco minutos, e procede suspende-la sesión.

Suspéndese a sesión.

Reanúdase a sesión.

0 señor Presidente manifesta que comprobada a presenza na Cámara dunha maioría absoluta dos seus membros, vaise proceder á votación final sobre o conxunto do texto desta proposición de lei.

Queda aprobada por unanimidade a Proposición de Lei de Normalización Lingüística por unanimidade da Cámara.

– Debate do dictame da Comisión Institucional do Proxecto de Lei de Recoñecemento da Galeguidade. Páx. 2328

0 señor Presidente da Comisión Institucional (Pardo Montero) fai a presentación do dictame. Seguidamente intervén o señor Conselleiro de Traballo, Seguridade Social e Emigración (Corral Pérez).

Entrase no debate e votación do articulado.

– Artigos 1 a 4 Páx. 2332

Quedaron aprobados os artigos 1 a 4 nunha votación conxunta por unanimidade da Cámara, segundo o dictame da Comisión.

– Artigo 5.....Páx. 2332

Foi aprobado o artigo 5, por unanimidade, nos termos que figura no dictame da Comisión.

0 señor Presidente manifesta que hai un voto particular do señor Nogueira referido ó artigo 9 do proxecto. 0 señor Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto) solicita defender conxuntamente tódalas súas emendas que versen sobre o mesmo tema, con independencia que estas sexan votadas por separado; solicitud á que accede a Mesa. 0 señor Nogueira Román fai a defensa de varias das súas emendas formuladas. 0 señor Presidente abre un turno a favor destas emendas. Non habendo ningún turno a favor, procede a abrir un turno en contra que tres señores Deputados solicitan. Cuestión de orde do señor Díaz e Díaz, solicitando haxa catro turnos en contra, dado que foron catro as emendas defendidas polo señor Nogueira, ó que accede o señor Presidente. No turno en contra interveñen os señores Piñeiro Sánchez (Grupo Parlamentario Mixto), Olives Quintás (Grupo Parlamentario Centrista- UCD), Miras Portugal (Grupo Parlamentario Centrista- UCD), Rodríguez González (Grupo Parlamentario de Alianza Popular).

0 señor Presidente suspende a sesión para reanudala ás cinco da tarde, comenzando coas votacións relativas as emendas e artigos do proxecto de lei.

Suspéndese a sesión.

Reanúdase a sesión.

0 señor Nogueira Román pide a palabra para facer unhas aclaracións.

Sometidas a votación conxuntamente as emendas e votos particulares, formuladas polo señor Nogueira, quedaron rexeitadas por 1 voto a favor, e 45 en contra.

– Artigos 6 ó 15. Páx. 2344

Foron aprobados os artigos 6 a 1.5, segundo o texto do dictame da Comisión, por 45 votos a favor e 1 abstención.

– Disposición adicional. Páx. 2344

Foi aprobada a Disposición adicional, por 45 votos a favor e 1 abstención nos términos que figura no texto do dictame da Comisión de Comisión.

- Disposición final. Páx. 2344

Quedou aprobada a Disposición final, por 45 votos a favor, e E abstención, nos términos que figura no texto do dictame.

– Exposición de motivos. Páx. 2344

Quedou aprobada a Exposición de motivos, por 45 votos a favor, e abstención.

0 señor Presidente declara aprobada a Lei de Recoñecemento da Galeguidade.

Para explicación de voto fan uso da palabra os señores González Mariñas (Grupo Parlamentario Mixto), Piñeiro Sánchez (Grupo Parlamentario Mixto), Díaz e Díaz (Grupo Parlamentario dos Socialistas), Miras Portugal (grupo Parlamentario Centrista- UCD), e Rodríguez González (Grupo Parlamentario de Alianza Popular).

INTERPELACIÓNS:

– De D. Manuel Morán Morán, do Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia, sobre aplicación da campaña de vacunación antiaftosa obrigatoria e avaliación das perdas polo seu incumprimento. Páx. 2350

0 señor Morán Morán expón esta interpelación. Respóstalle o señor Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes (Rey de Roa). No turno de intervención de Grupos Parlamentarios fan uso da palabra os señores Bernárdez Alvarez (Grupo Parlamentario Centrista-UCD), Recimil Taboada (Grupo Parlamentario Centrista- UCD).

Para réplica fai uso da palabra o señor Morán Morán autor da interpelación. Nova intervención do señor Conselleiro de Agricultura Gandería e Montes (Rey de Roa).

- De D. Manuel Morán Morán, do Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia, sobre concurso para cubrir prazas de Xefaturas Provinciais convocadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, por resolución do 9 de marzo de 1983. Páx. 2364

0 señor Morán Morán expón a súa interpelación. Respóstalle o señor Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes (Rey de roa).

No turno de intervencións de Grupos Parlamentarios para fixa-la súa posición fai uso da palabra o señor Piñeiro Sánchez (Grupo Parlamentario Mixto). Para réplica intervéñen o señor Morán Morán e o señor Conselleiro de Agricultura Gandería e Montes (Rey de Roa).

0 señor Morán Morán, autor da interpelación, anuncia converti-la súa interpelación en moción.

- De D, Ramón Félix Blanco Gómez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre programación de instalacións deportivas da Consellería de Turismo e Deportes nos municipios galegos. Páx. 2373

0 señor Blanco Gómez expón a súa interpelación. Respóstalle o señor Conselleiro de Turismo, Xuventude e Deporte (Villanueva Cendón). No turno de intervencións de Grupos Parlamentarios interveñen os señores Olives Quintás (Grupo Parlamentario Centrista- UCD), García Casasnovas (Grupo Parlamentario de Alianza Popular). Para réplica fai uso da palabra o señor Blanco Gómez, e o señor Conselleiro de Turismo, Xuventude e Deportes (Villanueva Cendón).

- Do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre calendario legislativo da Consellería de Agricultura.Páx. 2385

0 señor Casal Vila expón a súa interpelación. Res-

póstalle o señor Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes (Rey de Roa). No Turno de Grupos Parlamentarios para fixa-la súa posición fan uso da palabra os señores Recimil Taboada (Grupo Parlamentario Centrista- UCD), Lage Lage (Grupo Parlamentario Centrista-UCD). Para réplica fai uso da palabra o señor Casal Vila e o señor Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes (Rey de Roa).

- De D. Camilo Nogueira Román sobre elaboración, aprobación e execución de plans, programas, normas e orientacións pedagóxicas de desenvolvemento e complementariedade do ensino de Educación Xeral Básica. Páx. 2393

0 señor Nogueira Román retira a súa interpelación polas razóns que expón.

0 señor Presidente levanta a sesión, anunciando que o próximo Pleno terá lugar o día 21 ás cinco da tarde para continuar ó día seguinte.

Levántase a sesión.

Eran as nove da noite.

Abrese a sesión ás once e vinte minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Abrese a sesión.

Prégolle ó señor Secretario que dea lectura á Orde do Día, e tamén ás comunicacións das inasistencias xustificadas.

O señor SECRETARIO (Olives Quintás): Xustificaron a súa inasistencia a este Pleno o señor D. Mariano Rajoy Brey e o señor D. José González Dopeso.

A Orde do Día é a seguinte:

1.- Debate do dictame da Comisión 1º, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, da Proposición de Lei de Normalización Lingüística.

2.- Debate do dictame da Comisión 1º, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, do proxecto de Lei de Recoñecemento da Galeguidade.

3.- Interpelacións.

-De D. Manuel Morán Morán, do Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia, sobre aplicación de campaña de vacunación antiaftosa obrigatoria, competencia e responsabilidade da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e avaliación das perdas polo seu incumprimento. (Pub. B.O.P.G. nº 101, do 21 de maio de 1983).

-De D. Manuel Morán Morán, do Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia, sobre concurso para cubrir prazas de xefaturas provinciais, convocadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes por resolución do 9 de marzo de 1983. (Pub. B.O.P.G. nº 101, do 21 de maio de 1983).

-De D. Ramón Félix Blanco Gómez, do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, sobre programación de instalacións deportivas da Consellería de Turismo e Deportes nos municipios galegos. (Pub. B.O.P.G. nº 87, do 18 de abril de 1983).

-Do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, dirixida ó Conselleiro de Agricultura, sobre calendario lexislativo da súa Consellería. (Pub. B.O.P.G. nº 87, do 18 de abril de 1983).

-De D. Camilo Nogueira Román, do Grupo Parlamentario Mixto, sobre elaboración, aprobación e execución de plans, programas, normas e orientacións pedagóxicas e desenvolvemento e complementariedade do ensino mínimo de E.X.B. (Pub. B.O.P.G. nº 57, do 27 de xaneiro de 1983).

-DEBATE DO DICTAME DA COMISION 1º INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACION XERAL, XUSTICIA E INTERIOR, DA PROPOSICION DE LEI DE NORMALIZACION LINGUISTICA.

O señor PRESIDENTE: Tendo en conta a especialidade do procedemento, que ten de axeitarse ó disposto nos artigos 126 e 127 do Regulamento, por tratarse dunha das leis de desenrolo básico que prevé o Estatuto, o debate, por acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces, farase deste xeito: presentación do Dictame da Comisión, por un membro da mesma; un turno de Portavoces dos Grupos Parlamentarios, para fixar posicións. Seguidamente faranse 3 votacións: unha ó articulado, outra á Disposición Adicional, e a outra ó Preámbulo. E finalmente a Presidencia, tendo en conta que non se manteñen emendas nin votos particulares --anunciando anticipadamente o momento da votación do texto conxunto-- procederá a efectualala, tal como dispón o artigo 127 do Regulamento.

Pode facer uso da palabra o señor Pardo Montero, para facela presentación do Dictame da Comisión.

O señor PARDO MONTERO: Señor Presidente, Señorías, hai circunstancias nas que a presentación dun proxecto de lei é moito máis ca un acto meramente formal, e sen dúbida esta é unha delas. Cunha cadencia, cun intervalo dunhas horas vou telo alto honor de presentar, e a Cámara en pleno de coñecer, dous proxectos de lei igualmente entrañables. Son dous proxectos de lei que teñen, en último término, a mesma causa teleolóxica ou finalista: a preservación da nosa identidade. Son eles, os que agora vou presentar: o Proxecto de Lei de Normalización Lingüística; e o que farei máis adiante, o Proxecto de Lei sobre recoñecemento da Galeguidade ás Comunidades asentadas fóra de Galicia.

Falabamos hai uns días da cultura como expresión de identidade dun pobo. Agora podemos dicir que se algo define, e aínda crea a cultura, é a linguaxe. Sendo a lingua a expresión viva da personalidade colectiva, a súa normalización representa, pois, un paso decisivo na afirmación da nosa propia identidade. Nacida do gran tronco galaico-portugués --e non é deste lugar o problema de cal foi primeiro, pero está claro por onde apuntan as miñas simpatías--, a nosa lingua acadou nos séculos XIII e XIV un gran esplendor, cun excepcional prestixio no campo da expresión literaria.

Decaída posteriormente, durante cerca de catro séculos, abandonada polas clases elevadas e cidadás, perviviu contra tódolos eventos, contra tódolos ataques directos ou agachados, menosprecios, intentos de subordinación ou colonialismo, defendida tenazmente polas clases humildes, singularmente polo mundo rural.

O rexurdimento dos séculos XVIII e XIX caracterízase, ó meu modo de ver, por dous signos: polo

renacemento literario unido á postergación política, e desde outro punto de vista, por estar sustentado por unhas minorías que dan vida a unha linguaxe técnica elevada e académica, non sempre coincidente coa lingua popular. O cabo, xa nos tempos de esplendor medievais, ó lado das cortesanas "cantigas de amigo" levadas polos trovadores, o pobo creara ou dera pe ás "cantigas de escarnio e mal dizer".

No presente, ó chegar a Galicia o seu autogoberno, advertíase como tarefa fundamental ou necesaria un proceso de recuperación do uso da nosa lingua, e paralelamente un proceso de integración, na orde institucional, na orde social e na orde cultural. A iso vai destinada esta lei, que non ten por cometido --como alguén podería pensar-- o dicta--las normas de estruturación morfolóxica ou sintáctica da lingua galega, senón facer normal o uso pola nosa sociedade.

Nacido dunha ponencia especial, integradora de tódolos Grupos Parlamentarios, ó amparo do artigo 126 do Regulamento, con a penas algunhas correccións de estilo en Comisión, todas por asentimento, o Proxecto de Lei vén representar, desde outro punto de vista, un testemuño da capacidade de integración e colaboración de tódolos galegos naquelas tarefas que son fundamentais.

O Proxecto de Lei comprende 1 Preámbulo; 6 Títulos, que compoñen 25 artigos, e 1 Disposición Adicional. E probablemente habería que indicar aquí, aínda que sexa un tema lateral e extraño, que se impón unha corrección, porque no Boletín Oficial do Parlamento púxose o Título I por riba do Preámbulo, e crea unha certa confusión, anótoo para que non pase na impresión definitiva do texto da lei.

O Título I, baixo a rúbrica de "Dos dereitos lingüísticos en Galicia" comprende os artigos 1 a 3, e refírese principalmente ó galego como lingua propia, ó galego como lingua oficial, ó dereito ó uso, ó

deber de coñecelo, e á garantía do uso entre outros principios xerais.

O Título II, "Do uso oficial do galego", abarca os artigos 4 a 11. Contráese principalmente ó uso do galego polas Administracións Autonómica e Local, pola Administración de Xusticia, nos rexistros oficiais e, en xeral, nas institucións e órganos corporativos ou administrativos.

O Título III, baixo a rúbrica "Do uso do galego no ensino" fai referencia, nos artigos 12 a 17, ó emprego do galego a tódolos niveis educativos, procedendo quizais destacar aquí o principio que se recolle, de que os nenos teñen dereito a recibirlo primeiro ensino na lingua materna, que á súa vez recolle unha recomendación da UNESCO, do ano 1951, que dicía que é particularmente conveniente que os nenos inicien o seu ensino en lingua materna, pois esta práctica abrevia a brutal transición entre o lar e a escola.

O Título IV, "Do uso do galego nos medios de comunicación", abarca os artigos 18 a 20, e regula o galego como lingua habitual nos medios de comunicación sometidos a competencia ou xestión da Xunta de Galicia. Artella tamén e obriga á Xunta a fomentar a produción de películas, estimular as manifestacións culturais e contribuír ó fomento do libro en galego, e tamén define o apoio económico ós medios de comunicación non dependentes da Comunidade Autónoma que adoitan empregalo habitualmente.

O Título V, intégrase polo artigo 21, e leva a denominación "Do galego exterior". Protexe, como o seu nome di, o galego que se fala fóra de Galicia, e fai unha especial referencia ó galego nos territorios limítrofes.

Por último, o Título VI, "Da Administración Autonómica e a función normalizadora", atende a un presuposto acadado coa nosa forma de ser, de ter unha rexa, unha for-

te decisión e, ó mesmo tempo, unha medida, unha prudencia no modo de facela andadura. Nós sabemos as dificultades que entraña a sucesiva gradualización do galego, a imposición do galego como uso normal. A iso vai destinada esta disposición, que deixa á Xunta de Galicia a misión de establecer esta gradualización nos termos xerais que recolle a presente lei.

A Disposición Adicional establece, tamén, como un punto de vista distinto, nas cuestións relativas á normativa, actualización e emprego correcto do galego, o criterio de autoridade establecido pola Real Academia da Lingua Galega.

Este é en síntese o proxecto de lei que a Comisión somete ó coñecemento da Cámara. Resta sinalar e agradecer publicamente a dedicación e o esforzo prestado por tódolos membros da Ponencia especial intervinientes alí, lingüistas, xuristas, e demais membros representados na Comisión, para dotar a Galicia dun texto eficaz, porque é consensuado. Diso non temos a menor dúbida. Coa esperanza de conseguilo, ó devolvérmolle a normalización necesaria, ben podemos confiar en que a nosa lingua, esa fala nobre e harmoniosa --en verbas pondalianas-- da súa vella orixinalidade creadora, da súa potencialidade, do seu esplendor, e saberá desenvolverla en tódolos campos da nosa actividade futura, a nivel individual e colectivo.

Moitas grazas a todos.

O señor PRESIDENTE: Corresponde o turno ós señores Portavoces dos Grupos Parlamentarios que desexen intervir: *(Pausa)*.

Pediron facer uso da palabra os Deputados señores Nogueira e Guerreiro, polo Grupo Mixto; polo Grupo dos Socialistas de Galicia, os señores Díaz e Piñeiro; polo Grupo Centrista, os señores Olives e Miras Portugal; e polo Grupo de A.P., o señor Barreiro.

Señor Nogueira Román, pode facer uso da palabra para fixa--la súa posición.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, teño a satisfacción --como seguro que a terán tódolos Deputados aquí presentes e moi especialmente na representación deles, os seus Portavoces-- de falar nesta Tribuna para defende--la aprobación da Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

Nós, o noso Partido político, Esquerda Galega, dá un apoio franco a esta proposición de lei, e á lei, no momento que sexa presentada para a súa aprobación. Dámoslle un apoio a esta lei, se se desenrolan tódalas súas potencialidades. E unha lei que deixa moitas portas abertas, moitos camiños abertos, camiños que se poden encher de formas moi diversas, e nós, defendémo--lo camiño que leve autenticamente á normalización da nosa lingua nacional.

Xunto con esta defensa vou facer unha valoración sobre a nosa posición, respecto do problema da normalización lingüística en Galicia, e unha valoración, en concreto, da proposición de lei que tratamos.

A nosa posición sobre a lingua está baseada na consideración do galego como lingua propia de Galicia, así o di o Estatuto, e como lingua nacional de Galicia, a única lingua nacional de Galicia. Tamén está baseada na consideración do galego como unha lingua universal. Nós defendemos que o galego forma parte dunha familia lingüística, e témo--la sorte de ser non só a lingua nacional galega, senón tamén unha das linguas universais, unha das linguas máis faladas no mundo enteiro. Refírome á familia lingüística á que pertence o galego.

Por outra parte, a nosa posición respecto do galego está baseada na consideración de que no futuro o galego debe ser indiscutible-

mente a lingua primeira de Galicia. Esta posición respecto do galego ten como contrapartida unha conduta sobre a lingua castelá. Nós cremos que no futuro, se habemos de normaliza--lo noso país, o castelán hai que resitalo no seu papel, no papel que historicamente debeu de ter. E dicir, unha lingua próxima, unha lingua fraterna, tamén unha lingua universal, unha lingua que pode ser, por tanto, utilizada polos galegos como lingua de comunicación, pero, en todo caso, unha lingua secundaria, papel que, sen dúbida, puido te--lo castelán en Galicia, se non fose un instrumento, como foi, historicamente, de dominación e discriminación do galego.

Nós cremos, ademais, que a postura que hai que ter en relación coa normalización no futuro, ten que ser unha actitude positiva, de tal forma que se dea un trato privilexiado ó galego. Non cremos que se lle poida dar un trato de igual ó galego e ó castelán, no próximo futuro, no labor normalizador, porque o galego é unha lingua historicamente discriminada e, se se me permite, agredida. Polo tanto, a igualdade que se pide na lei entre o galego e o castelán, non se pode conseguir máis que se hai un trato privilexiado para o galego para dalgunha forma remedia--la discriminación histórica.

Desta forma poderá conseguirse que no futuro o galego poida ser considerado, non como unha lingua extranxeira, non só en Galicia, senón mesmo no conxunto do Estado español. Houbo un tempo pasado en que o galego, ou máis concretamente o galaico--portugués, non era unha lingua extranxeira nos reinos da península. Non vou lembrar aquí, claro está, que reis do Reino de León, de Galicia, utilizaban o galego, como unha lingua propia. Nós quixeramos que o galego, ademais de ser unha lingua nacional galega, realmente normalizada, fose tamén unha lingua non extranxeira no conxunto da península ibérica, como realmente non é hoxe.

Para ilustrar esta posición, e sen ningún ánimo de polémica, voume referir a un feito recente que demostra que o galego aínda é unha lingua extranxeira no Estado español. Moi recentemente celebrouse en Madrid unha reunión para a defensa da democracia en Iberoamérica. Nun discurso, non sei se de inauguración ou de clausura, o Presidente do Goberno español fixo mención ó que nos unía cos latinoamericanos, cos sudamericanos, e referiuse nun momento determinado á nosa lingua, "a nuestra lengua" segundo el. Estaban alí presentes representantes de Brasil, e mesmo estaba á súa dereita o actual presidente do Goberno portugués. Falou de "nuestra lengua", naquel momento, referíndose exclusivamente ó castelán.

Pois ben, a nosa postura, respecto do papel que o galego ten que cumprir dentro do Estado español, é que, cando un Presidente do Estado español fale da nosa lingua, teña tamén que referirse ó galego, e concretamente no caso de Latinoamérica ou Sudamérica, por moitas razóns. Esa é a nosa postura respecto da normalización do galego, desde un punto de vista do conxunto da península ibérica.

Neste sentido, cremos que o galego é un asunto fundamental para o proceso de reconstrución nacional que estamos encetando. Dixen aquí outra vez, e repito, que o galego é un espacio de liberdade, mesmo unha boa fronteira que impide a asimilación e nos posibilita a reconstrución nacional.

Permítanme as Súas Señorías recordar, que nós tivémo-la iniciativa dunha proposición de lei semellante, en decembro de 1981, que foi afortunadamente reconvertida nunha Ponencia conxunta, que traballou cun espírito a favor da nosa Nación, de Galicia, espírito do cal nós felicitámonos.

Quixera resalta--los puntos que nos parecen básicos desta lei, que xustifican o noso apoio e a súa defensa. En primeiro lugar, está o

feito introducido na lei de Normalización Lingüística do deber de coñecer e o dereito de usa--lo galego. Cremos que é unha cláusula absolutamente progresista e lexítima, que equipara autenticamente o castelán ó galego. Sen esta cláusula, en Galicia non hai equiparación entre o castelán e o galego, porque ela está esixida pola Constitución para o castelán, e se non se esixe para o galego, non hai equiparación. A Ponencia tivo a virtude de introducila como un distintivo da nosa Lei, que mesmo nos distingue da lei catalana e da vasca, e que espero que non sexa recorrida. Esta cláusula reforza a oficialidade do galego e procura unha auténtica igualdade.

Respecto do uso oficial, quixera manifestar que a Lei di que o galego é a lingua oficial da Comunidade Autónoma, de tódalas súas Administracións, e mesmo da Administración Local. Damos aquí un paso moi importante, porque nesta lei faise un pronunciamento por parte do Parlamento galego, que nas cuestións de competencia da Comunidade Autónoma nós lexislamos tamén para a Administración Local. E un paso importantísimo.

Por outra parte, esta Lei posibilita o libre uso do galego, de tódolos cidadáns en relación coa Administración, de toda a Administración, non só da autonómica, senón mesmo da Administración do Estado. Pide que a Xunta dicte de inmediato as disposicións necesarias para a normalización do uso do galego. Recoñece, nos topónimos, a galega como única forma oficial, e pide tamén a capacitación dos funcionarios da Administración e das empresas públicas no uso da nosa lingua. No ensino, esta Lei abre o camiño para o uso do galego como lingua vehicular, feito que estaba posto en cuestión ata este momento. Recoñece o dereito dos nenos a recibir--lo primeiro ensino na súa lingua materna. A min paréceme isto fundamental e básico. E quero dicir que cando se fala de lingua materna, nós interpretamos --cremos que

a interpretación é auténtica--aquela que a equipara coa dos nenos galegos, aquela á que se refiren as disposicións de tipo internacional, incluídas as da UNESCO, aquela que hai que defender fronte ás linguas estatais, linguas oficiais, moitas veces discriminadoras da lingua materna.

Normalmente, para a maior parte da poboación galega, cando falamos de lingua materna estamos referíndonos ó galego; e ó dicir isto, tamén recoñezo que o castelán se entende, como lingua materna, para unha parte da poboación galega. Hai unha parte de Galicia que terá que recibí--lo seu ensino tendo o castelán como lingua materna, pero para a maior parte de Galicia a lingua materna é o galego. Eu entendo como materna, a lingua da familia --por iso xustifico esta aseveración anterior--, a lingua da nai, a lingua que hai que defender, a lingua que fala a maioría, a lingua coa que conviven a maior parte dos nosos nenos e nenas. A lingua pode favorecer--la galeguización, e non a desgaleguización.

Tamén referido ó ensino, quero dicir que esta lei pide o uso progresivo do galego de tal forma que, pasado un certo tempo, os nosos nenos e nenas dominarán tanto o galego coma o castelán, o cal tamén nos permitirá facer un traballo positivo de cara á normalización da nosa lingua. Neste sentido, chegada certa idade, esixírase un coñecemento oral e por escrito e nun pe de igualdade das dúas linguas.

Quixera destacar que nos medios de comunicación, fundamentalmente audiovisuais, que dependen das institucións da Comunidade Autónoma, a lingua usual será o galego. Así foi afortunadamente dictaminado pola Comisión, considerando que hai medios de comunicación, televisión e radio, xa necesariamente en castelán, dependentes ou procedentes doutras partes do Estado.

A lei tamén establece un apoio claro e expreso ó galego exterior,

ó galego dos emigrantes, ó galego dos territorios limítrofes. E, por fin, impón unha función normalizadora da Administración. Esta lei cumprirá tódalas súas potencialidades se realmente a Administración galega, sexa cal sexa, se compromete a favor do galego como lingua nacional, como lingua propia de Galicia.

Por fin, hai unha Disposición Adicional que se refire á normativa, e eu quixera deixar clara a nosa postura. A Disposición Adicional establece que o criterio de autoridade para a normativa é o da Real Academia Galega. Nós non estamos en contra de que sexa a Real Academia Galega xustamente a institución que faga de autoridade respecto da normativa, e así o puxemos de manifesto na discusión na Ponencia. En cambio, non compartímo--la postura política que tivo a Real Academia Galega na normativa hoxe oficial e vixente. Sen entrar a valora--las distintas normativas, cremos que a Real Academia debeu ter unha postura máis integradora, máis prudente e máis intelixente, unha postura que facilitaría o traballo de normalización. Nós dixémolo así publicamente, mesmo antes da promulgación desas normas, e así o seguiremos dicindo no futuro. Nós imos ter unha actitude positiva respecto desta cuestión, procurando que a normativa galega sexa integradora ó servizo dunha postura política, como acabo de expresar.

Por outra parte, hai un segundo párrafo na Disposición Adicional, párrafo que compartimos plenamente, onde dicimos que a propia normativa ten que evolucionar en función do proceso de normalización do uso do galego. Algunhas razóns que se argumentan neste momento para escoller unha normativa e non outra, que nós chamariamos máis avanzada, é xustamente a dificultade de facer unha normalización con outra normativa. Pois ben, este segundo párrafo deixa aberta a porta, xuridicamente, para que esta normativa sexa reformada, a fin de que o galego adquira ese carácter de lingua na-

cional e lingua universal, en función da normalización do uso do galego.

Esta segunda parte, claro está, apoiámola plenamente. Pero, en todo caso, quero anunciar que ó servizo desta actitude positiva pero clara que acabo de dicir, nesta Disposición Adicional concreta, non nos imos opoñer pero imos absternos; non imos ter unha postura positiva na Disposición Adicional.

Acabo falando de que o Goberno galego ten unha función importantísima na normalización do galego, que non pode en absoluto esguellar, pero tamén teño que dicir que, de momento, non se ve esta postura claramente positiva. Concretamente, os presupostos de 1983 non prefiguran esta actitude positiva. Non me podo poñer aquí a detalla--lo contido normalizador do galego que teñen estes presupostos, pero realmente a postura non é, en absoluto, positiva. Aínda onte tivemos un debate en Comisión sobre un aspecto parcial deste labor normalizador, e quedou claramente de manifesto que todo parecido entre o que fan cataláns e vascos co que facemos nós, neste ano, é pura coincidencia e non ten nada que ver.

Tamén teño que dicir que os grupos que loitaron ata hoxe pola normalización do uso do galego, preferentemente os grupos nacionalistas, pero en xeral toda a xente que está a favor da normalización do galego, teñen que convencerse de que se abre unha nova etapa. Xa non estamos nunha etapa de loita contra a represión --e ó mellor existe algún tipo de represión nalgún caso-- senón nunha etapa de convencemento. Temos que convencer ós miles e miles de ensinantes, ós millóns de galegos, de que realmente é un traballo digno e necesario o labor de normaliza--la nosa lingua. Todo o mundo debe convencerse desta cuestión.

Para normaliza--lo galego --e acabo xa-- hai que salvar diversos atrancos.

En primeiro lugar, o escollo do complexo de inferioridade respecto da nosa lingua, que a todos sen excepción nos tolle.

En segundo lugar, temos que salva--lo sectarismo, e algunha xente pode non darse conta de que entramos nunha nova etapa, e non recoñeza os pasos positivos cara a diante que se dan, aínda que non sexan protagonizados por eles mesmos. Creo que isto é, tamén, un escollo que hai que salvar.

En terceiro lugar, o escollo do populismo. Creemos que o galego hai que consideralo como unha lingua nacional, e como lingua universal, e hai que darlle este carácter aberto.

E, en cuarto lugar, o escollo do españolismo; é dicir, hai moita xente que pode seguir pensando que aquí o que temos que facer é fala--lo castelán, e considera--lo galego como unha lingua inferior.

Son catro escollos que hai que salvar, que se poden salvar positivamente. Se facemos isto creemos que estamos dando un paso decisivo no labor de normalización do galego e no labor de reconstrución nacional, que nos corresponde como representantes do pobo galego.

Máis nada. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor Guerreiro.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor Presidente, Señorías, se subo á Tribuna non é porque vaia facer un longo discurso, senón para darlle a solemnidade necesaria ó meu apoio a esta proposición de lei, feita por tódolos Grupos Parlamentarios da Cámara.

Creo que, efectivamente, ó pobo galego cábelles o honor de conserva--la súa lingua durante moito tempo nunhas condicións moi difíciles, e nós agora témo--la responsabilidade

de, na nova etapa, de normalizala.

Esta proposición de lei, que seguramente ó acabar esta sesión será unha Lei de Normalización Lingüística, dá un paso non só na normalización do idioma, senón na normalización do país. Porque non hai que esquecer --como recordaba dalgún xeito o señor Nogueira-- que a loita pola lingua, pola conservación e a normalización lingüística, encarnou en determinados momentos a loita global pola reconstrución nacional, é dicir, por ser precisamente o expoñente máximo visible, unificador, do noso carácter nacional. Polo tanto, ó normaliza--la nosa lingua, ó intentar comenazar legalmente a normalización lingüística, estamos dando tamén un paso decisivo, non só na reconstrución nacional, senón na propia normalización do noso país e da nosa vida pública, abríndose, loxicamente, unha nova etapa, distinta, tal como plantexaba dalgún xeito tamén o señor Nogueira.

Pero, hai que ter en conta que a lei creo que se plantexa de forma aberta, de forma integradora, e toca os problemas esenciais con que se atopa a normalización dunha lingua. Ten, unha virtude, un compromiso moi claro do Lexislador, e espero que sexa tamén logo do Goberno. Trátase de que o certo eclecticismo que existe no Estatuto e na propia Constitución respecto dos dous idiomas, empézase a romper con este proxecto de lei, que aprobaremos hoxe. Tómase esa posición, intelixente, sen sectarismos, pero empézase a tomar posición respecto da potenciación do galego, rompéndose ese certo equilibrio a favor do uso e da potenciación do galego. E iso é unha toma de posición comprometida, seria, do Lexislativo galego, que debe de encontra--la mesma actitude, e espero que así sexa, da Xunta de Galicia, do Goberno galego.

E evidente que esta Lei, que abre as portas para un proceso de normalización lingüística, que é unha lei aberta, non absolutamente

detallada, que abre --como aquí se dixo-- moitas portas e moitas posibilidades, se hai unha actitude e un compromiso serio, vai tropezar con moitos obstáculos, que se derivan do desprestixio social que ten o noso idioma en amplas capas populares. Hai que saber, como as Súas Señorías coñecen perfectamente, que as leis non resolven o substrato cultural dun país, son unha peza importante, pero é o compromiso diario, a praxe diaria a que vai renovando ese substrato cultural, que é unha gran oposición á normalización real do noso galego, independentemente de que a lei sexa boa.

Hai que vencer hábitos, costumes, reticencias, sectarismos de todo tipo, como aquí se dixo, o que provocará, sinceramente, que esta lei teña moitos problemas para a súa aplicación. Se non é co compromiso de todos, Partidos, Institucións, Goberno, Lexislativo, tódalas institucións políticas, sociais e culturais do país, esta lei pode ser un bo desexo, un día histórico, que pode acabar en augas de borras, se non hai unha actitude comprometida por parte de todo o mundo.

Termino dicindo que estamos hoxe satisfeitos desta lei e que un dos problemas serios da normalización é tamén a normativización do idioma, o consenso en torno ás normas, como dicía o señor Nogueira. Nós tamén pensamos que no futuro, esa Disposición Adicional, o segundo párrafo, é moi importante, porque, efectivamente, recoñécese a necesidade de ir renovando as propias normas, simultaneamente co proceso de normalización lingüística. Sen lle negar tampouco á Real Academia Galega a autoridade neste tema, de tódalas maneiras, pensamos que no futuro, se queremos aplicar unha lei tan complicada como esta, que actúa sobre un panorama social e cultural tan complicado, hai que ter en conta o máis posible chegar a un acordo, a un consenso maioritario, para que un dos obstáculos fundamentais, que é a súa normativización, non se sume ós sociais e culturais que acabo de expoñer.

Polo tanto, o noso apoio entusiasta a esta lei, e a felicitación global a tódolos Grupos Parlamentarios que creo que fixeron un esforzo de síntese, de integración, como corresponde ós grandes temas nacionais, ós grandes temas galegos que exceden o ámbito de partido ou de ideoloxía.

Máis nada. Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo dos Socialistas, pode facer uso da palabra o señor Díaz.

O señor DIAZ E DIAZ: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, estamos ante unha lei moi importante, de desenrolo básico do Estatuto, que persegue nada máis e nada menos que rematar cunha situación anómala, na que a lingua propia de Galicia, o galego, recoñecida como oficial na Constitución e no Estatuto, non ten esa consideración na vida real. De aí que a lei tente de amparar e fomenta--lo uso do galego deica normalizalo. Normalización que, ó noso entender, quere dici--lo seu uso pleno en tódolos ámbitos da vida pública, oficial e non oficial.

A lei, desde unha posición de respecto ós dereitos da persoa, marca un camiño para a normalización do galego, e faino con delicadeza e respecto para todos: para os que non falan galego, e para os que o falan. A lei, na vida oficial, parte dun principio longamente esquecido: o principio de que a Administración está ó servizo dos administrados, e non ó revés. En consecuencia, é a Administración quen ten que adaptala lingua á dos administrados, e non ó revés, como viña ocorrendo ata hoxe.

No ensino recóllense as recomendacións da UNESCO, que eran algo que estaba aí, pero que ata hoxe soamente os pedagogos e a xente preocupada defendía, pero cando se trataba da súa aplicación práctica, sempre se dicía que era un problema

difícil de resolver. A lei recólleo e agardamos que se aplique.

Recóllense así mesmo nesta lei, medidas de impulso institucional, que coidamos deben ser suficientes para que a nosa lingua saia da "longa noite de pedra" --en palabras de Celso Emilio-- na que estivo ata agora.

Con esta lei preténdese protexer e promociona--la nosa lingua, a lingua do pobo, o galego, lingua que estivo e está discriminada, hoxe, na Nosa Terra. As Súas Señorías recordarán que cando foi debatida aquí a súa toma en consideración e se decidiu que iría por Ponencia conxunta, foi unha decisión política importante, por considerar que a lingua non podía ser patrimonio de ningún partido e ningunha forza, senón que a lingua, como patrimonio do pobo, debía ser elaborada dun xeito especial. Buscouse a Ponencia conxunta para, deste xeito, dala maior participación e o maior protagonismo a todas e cada unha das forzas parlamentarias, para que ninguén se sentise marxinado. E nos traballos de Ponencia, nos traballos de Comisión, coido que logramos iso: facer unha lei de todos. Todos renunciámos a algo na súa elaboración pero, ó final, todos nos sentimos satisfeitos con ela, e o meu Grupo Parlamentario respálda sen vacilacións de ningún tipo, porque consideramos que é un instrumento válido, un instrumento xurídico-político para conseguir, a medio prazo, a normalización plena do galego.

Tanto en Ponencia coma en Comisión esforzámonos en conseguirla unanimidade, e esta unanimidade, que agardamos que se acade na votación final, parécenos fundamental, porque se trata da recuperación do galego como idioma oficial da Nosa Terra. Se se consegue esta votación unánime, vaise conseguir algo moi importante por primeira vez na historia contemporánea da Nosa Terra: que o galego pase a ser defendido, non por sectores A, ou por sectores B, senón polo conxunto das forzas

políticas e sociais desta Terra. E isto é algo moi importante, porque o galego non é patrimonio da forza política A, ou da forza política B; o galego é patrimonio dun pobo e tódolos representantes dese pobo deben defende--lo seu patrimonio.

Por iso parécenos moi importante que acabemos por acada--la unanimidade. E isto, aínda que historicamente non fose así, non debe ser un obstáculo para que hoxe celebremos todos a unanimidade que debe acadarse nesta lei, e agardamos tamén que a defensa deste voto unánime que lle imos dar a esta lei, sexa unha defensa que persevere, que non se quede no acto simbólico de hoxe, senón que todos, cos feitos, loitemos por esta normalización.

Nós, o Grupo Parlamentario Socialista, desde unha postura socialista e galeguista, subscribímo--lo espírito desta lei, de conseguí--la normalización plena do galego, non por imposición, pola forza, senón empregando a persuasión e o convencemento como armas.

E, xa, para rematar, cabe preguntar se esta lei chega a tempo. Consideramos que, aínda que o galego está gravemente enfermo, esta lei chega a tempo. Estamos firmemente convencidos de que estamos a tempo de salva--la nosa lingua. Pero non podemos deixar que se salve soa. Se pomos tódolos medios institucionais que a lei sinala para logralo, o pobo, que a conservou durante séculos, porá o resto.

Máis nada. Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor Don Ramón Piñeiro López.

O señor PIÑEIRO LOPEZ: Señor Presidente, Señorías, xa se dixo que a lingua era a expresión da nosa identidade. Toda lingua é a expresión viva dunha cultura orixinal e, mesmo por iso, a lingua galega é

a raíz e a forza impulsora da nosa propia orixinalidade cultural.

Entre os lazos comunais con que contamos, a lingua é o máis fondo, é o que ós galegos nos une con máis forza. Certo que tendo unha historia común, un pasado histórico común, pertencendo a un mesmo país, vivindo os mesmos problemas, pois temos unha conciencia solidaria, temos unha responsabilidade común, quere dicir, temos unha estrutura de pobo, pero o que a esa estrutura de pobo lle dá un contido cálido de fraternidade é a lingua. E a lingua a que fai que esa conciencia solidaria vibre co sentimento de irmandade.

O nacermos nunha mesma terra dáno--lo sentimento de paisanaxe, fai que nos sintamos compatriotas, pero o falarmos unha mesma lingua, dáno--lo sentimento verdadeiro de irmandade. Por iso, neste día, no que nós imos recuperar para o noso pobo a plenitude de dereitos da nosa lingua, temos que ter conciencia, e témola --ben se bota de ver polas palabras dos que me precederon e polo ambiente xeral da Cámara-- do protagonismo que nos corresponde exercer. Nós, por azar histórico, imos se--los que lle devolvamos, co noso voto, a plenitude de dereitos á nosa lingua. Quérese dicir, imos se--los que lle devolvamos á nosa identidade de pobo, á nosa personalidade comunal, a plenitude dos seus propios dereitos, como tal pobo, como tal comunidade.

E neste intre, como protagonistas deste acto transcendente cara ó futuro de Galicia, penso que lle debemos render homenaxe a quen fixo posible este protagonismo, porque este non é un feito que se pode improvisar, que pode ocorrer de súpeto, por libre e espontánea iniciativa de quen o protagoniza. Este feito é resultado de todo un proceso, no cal creo que debemos considerar algúns factores fundamentais. Un deles, o da conservación mesma da lingua fronte á adversidade histórica, á dura adversidade histórica que tivo que padece--lo pobo, o

mesmo pobo que a creou, esa colectividade que, por ser unha realidade existencial común, soubo crear unha lingua común, unha lingua propia. O mesmo pobo que a creou, foi quen a conservou, quen nola conservou, quen a foi transmitindo, de xeración en xeración, ata entregárla a nós como o máis valioso legado histórico, como o patrimonio que nos dá a nosa propia personalidade como ser colectivo.

Polo tanto, neste intre, temos que ter presente aquí, nos nosos corazóns, a memoria dese pobo que, dun modo calado, dun modo pasivo pero teimudo, soubo conservar ese patrimonio, que é nada menos cá nosa personalidade de galegos, o que nos singulariza e o que nos diferencia a nós entre os demais pobos. O que nos dá unha personalidade propia, diferenciada, definida, peculiar, orixinal no mapa do mundo, é precisamente o feito de que ese pobo, ó longo dos tempos, ó longo das adversidades, soubera conserva-la lingua.

En segundo lugar, tamén a lembranza a quen se esforzou, a quen loitou por esta reivindicación, que nós hoxe lle imos ofrecer como logro ó noso pobo, pero que llo imos ofrecer para o futuro, e penso que nese trance, nese momento, ben podemos lembrar a quen no pasado fixo posible este momento transcendente. E como símbolo de cantos loitaron, de cantos se esforzaron, de cantos se sacrificaron pola defensa da lingua, porque ó defende-la lingua, defendían o propio ser de Galicia, eu trataría de traer aquí a presenza espiritual dun nome, dunha personalidade que simboliza ese proceso recuperador da nosa lingua.

Eu traería aquí o nome de Rosalía de Castro, porque ela foi, hai 120 anos, nesta mesma cidade, a poucos metros deste mesmo local, a que iniciou o proceso de dignificación cultural da nosa lingua; pero non só iso, senón que, a través da lingua, e utilizando a lingua, ela foi a que lles descubriu ós galegos

a imaxe real de Galicia, a que pola forza da súa sensibilidade poética, e pola profundidade e polo alento do seu espírito, expresado poeticamente, forzou ós galegos a contemplar, a saber ve-la realidade humana de Galicia.

Ata aqueles momentos, para os galegos desgaleguizados, ou desinteresados da realidade de Galicia como tal, o pobo galego formaba parte da paisaxe. Estaba tan naturalmente integrado na paisaxe ós ollos dos contempladores urbanos, que para eles era igual cós outeiros, ou cás fontes, ou cós soutos. Quere dicir que o mundo humano, o mundo social galego, que vivía unido á terra e creaba a nosa propia paisaxe, que creaba, co seu traballo, coa súa suor, co seu sufrimento, a "facies" paisaxística de Galicia, para a xente urbana formaba parte natural desa paisaxe.

Pero Rosalía fíxolles ve-lo drama humano, a dor humana, a mágoa que vivía, que sufría e que padecía esa xente. Ela soubo denunciar como os segadores que ían a Castela eran humillados, explotados; soubo denunciar-la dor das viúvas de vivos e mortos, das mulleres dos maridos que emigraban, e que tiñan que quedar aquí cos fillos, e cos seus poucos bens, nunha situación espiritual de viúvas; e soubo interpretar e expresar esa dor, soubo interpretar e expresa-la dor, a desesperación e a impotencia das vítimas de toda clase de opresións.

Rosalía íase identificar con ese pobo real, con ese pobo que falaba galego, que era mudo ante os demais, e que era descoñecido para os demais, porque o integraban na paisaxe. Rosalía deulle voz, e deulle voz na súa propia lingua, e soubo desperta-las conciencias da xente, para volve-los ollos a esa realidade, para comprendela, para saber ver Galicia. Ela foi a que descubriu ese veo de maxia poética, paisaxística e mítica de Galicia, para presenta-la Galicia real e viva, a Galicia que sufría e traballaba, a Galicia oprimida, a Galí-

cia marxinada, e coa súa propia lingua darlle toda a forza expresiva do seu espírito, e bater nas consciencias e nas mentes dos galegos, e de fóra dos galegos, porque, ó cabo, Rosalía é a figura máis universal que produciu Galicia nos tempos modernos.

E coa forza da súa capacidade poética, Rosalía non só despertou as consciencias dos galegos, senón que transcendeu as fronteiras de Galicia e de España, traducida a distintas linguas, estudiada en teses doctorais en diversas universidades do mundo. A propia UNESCO, que é o órgano cultural da ONU, cando quixo facer unha selección de cen poetas de toda a literatura universal, para traducilos ás diversas linguas e difundilos por tódolos ámbitos, un deses cen poetas da literatura universal foi precisamente Rosalía de Castro. Ela, que foi a que verdadeiramente descubriu a realidade social de Galicia, e que foi a que recolleu a lingua desa situación de abafallo na que se encontraba, e a converteu en lingua poética, e a introduciu de novo con forza no mundo da cultura escrita, deulle o alento suficiente para transcende--las fronteiras, para facer presente esa realidade galega, e en lingua galega, no mundo da cultura universal.

Neste momento, en que nós lle imos da--lo voto á normalización da nosa lingua, á recuperación dos dereitos que lle corresponden, eu pediría que nese voto puxeramos todos --porque sei que todos o sentimos-- a intención moral de converte--la Lei no máximo monumento a ese pobo que soubo conserva--la lingua, e a Rosalía como símbolo de todos cantos se esforzaron e loitaron por conserva-la, desenvolve-la e dignificala, que era tanto coma defender e dignifica--la personalidade de Galicia.

Máis nada.

(Aplausos en toda a Sala).

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Centrista, pode facer uso da palabra o señor Olives.

O señor OLIVES QUINTAS: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, realmente resulta un pouco esmagante ter que falar despois do noso compañeiro Ramón Piñeiro, coa súa fermosa exposición, pero cómpreme manifestar cal é a nosa postura respecto do presente proxecto de lei, que coido que de contado se vai converter en lei.

O espírito, a filosofía que o noso Grupo mantivo ó longo dos debates na elaboración da presente lei, dalgún xeito vén reflexado neste fermoso Preámbulo, tamén obra do meu antecesor na oratoria, onde se di fundamentalmente: "Un dos factores fundamentais desa recuperación é a lingua, por se--lo núcleo vital da nosa identidade. A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Unenos co pasado do noso pobo, porque del recibímola como patrimonio vivo, e uníranos co seu futuro, porque a recibirá de nós como legado de identidade común". Engade: "E na Galicia do presente serve de vínculo esencial entre os galegos afincados na terra nativa e os galegos emigrados polo mundo".

Pois ben, ese foi o espírito que desde o principio nos guiou na elaboración da presente lei, pero coido que en tódolos exponentes estivo presente tamén unha cuestión fundamental: que ó enfrentarnos con esta lei tratábase de facer unha lei do galego. A este desexo, coido que da maior parte do pobo galego, había que engadir que esta era unha lei para o galego, unha lei que de maneira especial potenciaría e protexería o galego. Entendimos que para acada--lo que di o artigo 3º da Constitución, e máis especificamente o artigo 5 do noso Estatuto, era preciso facelo así: había que protexe--lo galego. O español sinceramente xa está suficientemente

protexido como lingua de tódolos españois. Sen esquecermos de que evidentemente ámbalas dúas linguas o son de Galicia, a que nestes momentos necesita máis atención, a ninguén lle cabe ningunha dúbida, é a nosa lingua materna.

Sinceramente coido que este obxectivo se acada coa promulgación da presente lei. E disto é reflexo o que espón o artigo 1, onde se declara: "O galego é a lingua propia de Galicia. Tódolos galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito de usalo"; o artigo 2, que di: "Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma"; o artigo 3, onde se di: "Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua".

En definitiva, podería citar moitos máis artigos desta lei. Pero a situación é especial e, como docente, non quixera deixar de facer unha breve referencia ó Título III desta lei, "Do uso do galego no ensino", e en especial ós artigos 12 e 13, porque dalgunha maneira acaba definitivamente coa incertidume que ata hoxe mantiveron certos centros escolares, cunha posición de dúbida na utilización ou non utilización da nosa lingua. Estes artigos coido que dan un tratamento xusto e equitativo para tódolos alumnos.

Por outra parte, neles queda ben claro cal debe ser o nivel de esixencia para que no futuro non exista ningún tipo de discriminación por razón da lingua. Aquí, neste Título, sinceramente, está o futuro da nosa realidade sociolingüística, a realidade da Comunidade Autónoma á que nós pertencemos. Non podía, polo tanto, deixar pasa-la oportunidade de resalta-la importancia deste Título que, como volvo a repetir, é o noso futuro lingüístico, o futuro lingüístico da nosa Comunidade, e tamén resalta-lo acerto da Ponencia e da Comisión en facelo así, e redactalo así como está.

Xa se dixo que hoxe pode ser un gran día para o pobo galego. Efectivamente, hoxe aprobaremos unha lei pola que o galego, a nosa lingua, adquire xa non só a cooficialidade en pe de igualdade co castelán, senón que ademais establece as canles para que, en pouco tempo, o galego sexa a lingua habitual nas nosas relacións cotiás, nas nosas relacións sociais e nas nosas relacións administrativas.

Pero, ademais, coido que a promulgación da presente lei elimina un vello problema, un vello conflito que, en moitos casos, levou a unha división do pobo galego, e en moitos casos levou mesmo a unha vergonzante clasificación dos galegos. Non hai moito, o galego era unha lingua utilizada por certas clases opulentas ou privilexiadas, por dicilo dalgunha maneira, porque só a elas lles estaba permitido o acceso a certos eidos da cultura e, por outra banda, tratábase da lingua do pobo, da lingua dos pobres, da lingua dos incultos. Polo contrario, todos sabemos, e díxose aquí xa reiterativamente, o español --digo español con toda a intencionalidade-- era o idioma dos opulentos ou simplemente dos aspirantes ó poder. A nós quedábannos, dalgunha maneira, cativas manifestacións culturais e folclóricas que xustificaban a imposición dos sistemas impostos, a imposición do español. Isto é unha realidade viva. Como consecuencia, houbo outro tempo en que, desgraciadamente, o galego se utilizou como arma reivindicativa, como arma de choque, de combate. Afortunadamente, hoxe en día, as nosas pretensións, pasados aqueles tempos difíciles, non son outras cás propias dun pobo que aspira á utilización da súa lingua como reflexo da súa identidade, como algo común, como algo, non que separa, senón que une a tódolos galegos, sexa cal sexa a súa condición social ou política. E algo común a todos nós, é de tódolos galegos.

Pero a posibilidade de que o galego sexa unha realidade viva non só depende do noso acerto legisla-

tivo, e coido que si o tivemos. E obvio que unha lei elaborada polos representantes democráticos dun pobo, responde dalgunha maneira ós anxeios deste, e coido que neste caso responde ós anxeios do pobo galego. Pero o camiño que hoxe comenzamos coa aprobación da presente lei non terá boa fin se, a partir de aquí, todos nós non nos comprometemos na progresiva concienciación de tódolos galegos. Isto é fundamental.

Estimo que, paseniño, ós poucos, tódolos días, é máis importante dar un paso adiante que pechar unha porta para sempre. Temos que ter moito coidado. Somos conscientes de que hai certos sectores que se resisten, e debemos de ir vencéndoo pouco a pouco coa nosa convicción. Pero tamén é certo que facer realidade esta lei depende, en grande medida, dunha boa acción de Goberno. A eles é ós que lles cómpre dunha maneira efectiva coordinar tódolos estamentos implicados na progresiva normalización de uso do galego. E a eles, desde agora, ós que lles corresponde, de maneira máis directa --aínda que, como xa dixen antes, correspóndenos a todos nós-- facer realidade todo o que esta lei di. Por iso pídolle ó noso Goberno que se tome con moito cariño a tarefa que hoxe, dunha maneira formal, comenza.

A nosa obriga, como Deputados, será o controlar esas accións, pero fundamentalmente, neste eido, coido que debe de se--la de propiciar esas accións, para que á volta de pouco tempo todos nós teñamos que subirnos aquí de novo para felicitar, e felicitarnos, polo camiño percorrido.

Por último, quero manifestar o noso apoio incondicional á presente lei, felicitar a tódolos Grupos e a tódolos ponentes porque, de verdade, fíxose unha lei cunha mente aberta, cedendo en moitos casos terreo, pero propiciando dalgún xeito o consenso.

Tamén sería importante que á

hora da votación non quedase nin un só escano baleiro, que a votación fose unánime, porque nós evidentemente sómo--lo pobo galego, e a todo el vai dirixida. Ademais, quixera deixar unha pequena lembranza a todos aqueles que desde tempo loitaron e fixeron posible o manter, por oral ou por escrito, a nosa lingua; e, sobre todo, recordar que hoxe é fundamentalmente un día de homenaxe ó pobo galego.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Polo mesmo Grupo, pode facer uso da palabra o señor Miras Portugal.

O señor MIRAS PORTUGAL: Señor Presidente, Señorías, eu sinto un tremelar de verbas, primeiro por oír do que se trata, e segundo, despois de oír falar a don Ramón Piñeiro. Temo que se me trabuquen as verbas.

Eu, se me permite a Cámara, quixera empezar coas verbas dun gran poeta, que dixo: "Lingua proletaria do meu pobo, eu fáloa porque si, porque me gusta, porque me peta". A partir dese poema pode un comprender moitas cousas.

¿Por que a xente di que si? Ninguén di que si, se non tivese unhas razóns. As razóns da xente para falar galego son moi profundas, tan profundas, que se perden sempre, sempre, sempre, no tempo. E é curioso, entendo eu, que a nosa lingua se gardase en mans do pobo, en mans de cantores, de poetas e escritores. Curiosamente, sempre foi unida ciclicamente a momentos filosóficos, políticos, con rexurdimientos de corte nacionalista. Antes oín aquí dicir que en determinados intres, a lingua se utilizou por algunhas forzas políticas, e que non foi conveniente, porque traía reivindicacións moi concretas. Eu creo que non. Eu bendigo a todos aqueles que a utilizaron, aínda que fora co fin que fora, se souberon utilizala.

Teño que dicir que, como representante e Portavoz do Grupo Centrista, a partir do ano 1978, en que foi posible a Constitución, Galicia puido recobrar parte --e digo parte-- da súa soberanía. Un pobo, non é pobo se non ten soberanía. Esa é a chave principal para que nós poidamos conserva--la nosa lingua.

E ó fío do que estou dicindo, permítome lerlles un artigo que para min é grandioso, non só pola súa redacción, senón polo que supón. O artigo 1º, di: "O galego é a lingua propia de Galicia. Tódolos galegos teñen o deber...". Para min, esta verba "deber" é dunha profundidade que nos devolve a algo que perdemos xa hai case máis de cinco séculos, que é a soberanía.

Un pobo non é el mentres non poida escoller en que fala. Cando un pobo pode escoller en que fala, estase recoñecendo a si mesmo. E unha reflexión. E coma quen se mira no espello. Ninguén se pode recoñecer a si mesmo se non se mira no espello. Pois igual é a lingua. A nosa lingua foi gardada sabiamente, porque a sabiduría non só é propia das ciencias, senón dos homes que parece que as descoñecen, pero que si son posuidores dela.

Eu preguntome moitas veces: ¿en que outra lingua podería fala--lo noso pobo? E que a lingua se fai de moitos xeitos, faise a partir da paisaxe que nos rodea, faise a partir da etnia que nos compón e, curiosamente, os pobos atlánticos souberon gardar todos eles un montón de tradicións moi fortes; e nós, Galicia, somos un pobo atlántico, e non soamente ós da costa, tamén ós do interior nos chega o zumegar do mar.

Nós, hoxe, desde esta Tribuna, todos, porque uns representamos a todos, e todos aquí xuntos representando ó pobo galego, temos un compromiso moi forte: devolver desde os pazos ó pobo a súa lingua. Nós, os representantes do sabio pobo, temos hoxe que devolver a tra-

vés dunha lei o que eles souberon gardar. Pero é que isto, "o que eles souberon gardar", nós, coa lei, non llelo imos definir exactamente como é. Por iso hai algo nesta lei, que é a Disposición Adicional, que di que a Academia da Lingua é a que irá velando, dalgún xeito, polo que nós falamos. A lingua, por certo, non é a mesma cá que se falou hai moitos séculos, foi evolucionando, e a Real Academia é a que nos vai ir dando pautas de comportamento. Esas pautas de comportamento é o que nos permite que sexa unha lingua viva.

Hoxe preséntase esta lei chamada de Normalización. Creo que a verba "normalización" é un pouco sorprendente porque, nestes tempos modernos, non houbo ningún país que tivese que normaliza--la súa lingua. As linguas veñen normalizadas a través do seu uso cotián. Pero aquí hai unha dicotomía brutal que existirá ata en moitos de vostedes, entre o galego falado e o galego escrito. Moitos, ou case todos, sabemos falar galego, pero moi poucos o saben escribir. Niso, cómpre por parte de todos, e darlle á Real Academia a posibilidade de marcar unhas pautas porque, se non, producirase entre nós unha diáspora de linguaxe que ó final non nos entenderemos. Os pobos, canto máis avanzados son, defínense por unha cousa: pola súa clara visión da necesidade dunhas institucións que regulen os tempos nos que se vivan, e concretamente a súa lingua.

A min sorprendeume que antigamente, cando accedeu a España Felipe V, como os cataláns loitaran en contra del, fixo un decreto para tratar de erradica--lo catalanismo ou a lingua catalana. Contra Galicia non o fixo, porque xa estaba en parte esquecida, e en parte porque os cataláns loitaran na Guerra de Sucesión Española en contra del. E curiosamente os cataláns defendérono, pero defendérono ó mellor por motivos moi diferentes ós nosos; eles soubérono defender, porque xa tiñan unha economía próspera, pero nós, sen economía, fomos capaces de

vencer e ter unha propia lingua. O cal quere dicir, que a lingua non soamente é produto da economía, senón da firmeza dun pobo. Creo que esa firmeza temos que manifestala desde aquí --e volvo a repetir--, desde os pazos, para rendirlle os honores á xente do pobo.

Máis nada, e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor Barreiro.

O señor BARREIRO RIVAS: Señor Presidente, Señorías, cómpre, naturalmente, que as primeiras verbas sexan para recoller --asumido en nome propio e en nome do meu Grupo, e facelo certamente con ledicia e con sentido de apoiar esa actitude-- a emoción contida nas verbas dos oradores precedentes e, por suposto, tamén a transcendencia que se lle quere dar a este importante acto da aprobación da Lei da Normalización Lingüística.

Nembargantes, quixera reconducir un pouco o debate, e facelo en defensa da propia identidade, da propia realidade e da importancia que o galego ten para todos, cultural, humana e socialmente.

Digo reconducir--lo debate desta Lei, porque me dá a impresión de que está chegando un pouco fóra de lugar, ou se se quere un pouco retardado. E digo facelo en defensa da propia lei, porque dá a impresión de que realmente o galego, o propio ser do galego, a importancia do galego, pode sufrir algún cambio fundamental simplemente coa aprobación, ou non aprobación, desta Lei de Normalización Lingüística. E isto faría que a relatividade que ten toda lei, que é a referencia a un momento concreto determinado, puidese chegar a atinxir o propio galego e, polo tanto, facer que a súa importancia, o seu propio ser, e o seu vencellamento coa nosa identidade como pobo, quedase igualmente relativizada, como relativa é a Lei.

Dalgún xeito, estívose facendo durante moito tempo un canto á importancia, á transcendencia, ó sustento cultural e á expresión que significa o feito de que teñamos unha lingua propia. Isto creo que é, sinxelamente, un feito que por estar aí, non é obxecto dunha plasmación legal, normativa, concreta da súa aplicación, senón simplemente o recoñecemento dun feito obxectivo. E ese recoñecemento obxectivo, está feito ós máis altos niveis, que son o da Constitución e o do Estatuto, que recoñecen a lingua galega como propia e oficial en Galicia.

Polo tanto, creo que non se debe rebaixar esta situación do galego nin poñelo en función da súa propia normalización nin, por suposto, do seu propio status adquirido por lei, senón simplemente darlle esa característica e retrotraer, polo tanto, o debate a ese punto fundamental do recoñecemento da lei propia de Galicia, ó debate constitucional e ó debate estatutario, onde simplemente hai que dicir e hai que afirmar que se limita a recoñecer unha realidade existente, a realidade fundamental do galego.

Neste senso apoio os comezos da intervención anterior, do deputado do Grupo Centrista, porque nesa expresión poética do "porque si", "porque me peta", "porque me gusta", "porque me sae de dentro", por esas razóns fundamentalmente humanas, vivenciais, existenciais que todos levamos dentro, é onde está a raíz e o ser do galego.

E para que poidamos centra--lo sentido desta sesión, e para que poidamos centra--lo sentido desta lei, sendo unha lei de normalización, hai que empezar por normalizala a ela mesma. Polo tanto, o que vén facer, non é insuflarlle uns novos alentos ó galego, que xa están aí, están porque si, porque o viñemos falando, porque fomos capaces de impoñelo, porque fomos capaces de defendelo. E nós somos representantes do pobo, pero somos pobo tamén, e témonos que sentir

protagonistas da defensa desta razón do mantemento, que nos vén, mais non porque si. A normalización da súa utilización, por suposto, non é máis ca unha concreción dun dereito que está por riba desta propia lei; é unha concreción dun dereito humano fundamental, que o pobo ten como tal, de utiliza-la súa propia lingua, na que creceu como pobo, na que se formou como pobo, na que formou a súa identidade, e na que formou a súa propia cultura.

Neste senso quero facer algunhas referencias á Lei de Normalización Lingüística. Primeiramente, o feito de que coincide cun proceso, que non é realmente un fito, senón que é o conxunto, que está afectando para ben, que está afectando positivamente ó galego. Vén chegando da man de toda unha evolución política, social e cultural. En primeiro lugar, a extensión que tódalas clases galegas veñen facendo progresivamente do uso do galego. En segundo lugar, a ese recoñecemento constitucional, o máis alto nivel normativo do Estado, da súa situación de lingua propia e lingua oficial de Galicia. En terceiro lugar, a algo fundamental, que é a normativización feita a partir dos estudos da Real Academia, elevada a rango dun decreto, dun acto de Goberno pola Xunta de Galicia, que vén fixar morfolóxica, sintáctica e ortograficamente o galego, e polo tanto fai posible o seu uso normalizado no futuro, e fai posible o crecemento da cultura e da utilización en tódolos ámbitos cidadáns e educativos desta lingua.

A normalización o que vén facer é que o dereito xeral recoñecido, o dereito que xa temos adquirido, o dereito que está máis alá mesmo do propio recoñecemento constitucional, o dereito fundamental que a todos nos asiste, queda agora concretado na posibilidade de que teñámo-la súa defensa concreta, imos dicilo así. E esta Lei de Normalización Lingüística ó que nos leva é a garantizárno-la defensa concreta dun dereito que xa de noso, pola

propia estrutura lingüística e cultural do pobo galego, temos adquirido. Esa defensa é o gran paso que se está dando neste momento, e esa é a transcendencia que ten esta lei, porque a outra transcendencia --insisto e repito-- está por riba desta propia lei.

Polo tanto, ese novo estatus do galego vén dado por un desenrolo que felizmente remata hoxe no seu proceso de construción, e que se abre hoxe na iniciación da súa de práctica. Realmente, non nos imos atopar á saída de aquí, unha vez que todos votemos --como así espero, porque eu tamén anuncio o voto unánime do meu Grupo Parlamentario a favor desta lei-- cunha situación automaticamente cambiada, senón cun longo camiño por percorrer. Esa longa noite de pedra vai seguir en moitos sectores da sociedade galega. Temos un longo camiño por percorrer. O que temos é tamén un instrumento de defensa en mans de todos cantos esteamos decididos a manter, por riba de todo, que esa lingua propia é algo que leva en si a nosa identidade e o noso fermento cultural e, polo tanto, ten que ser defendida por todos.

Se esta Lei de Normalización é máis un punto de partida ca un punto de chegada, evidentemente, eu sinto que hai unha certa falla na lei. Non é algo que eu diga aquí agora por primeira vez, senón que así o manifestei cando me correspondeu intervir na Ponencia conxunta que elaborou esta lei, que creo que ó mesmo tempo é compartido por todos aínda que os antecesores non o dixeran así. Sentimos que esta Lei é un pouco limitada no seu contido, non polos nosos desexos, non porque non leve o fermento dunha capacidade expansiva de defende-lo galego dentro dela, senón porque existe dentro do Estado autonómico un cativo entendemento do bilingüismo e, polo tanto, segue estando dalgún xeito condicionada pola imposibilidade que temos para facer chegar dunha maneira clara, nidia, contundente, o sentido da normalización á propia Administración con-

xunta do Estado. Evidentemente, queda contido nesta lei, pero non queda expresamente nela, que o dereito ó uso do galego e a obriga de potencia--lo seu uso --por ser establecido, primeiro por leis fundamentais, e despois por esta propia lei-- é algo que ten vixencia no territorio de Galicia, e non restrictivamente a aquelas institucións ou entidades que teñen as súas competencias reducidas ó ámbito de Galicia, senón, pola contra, a todas aquelas que, con independencia do seu ámbito, veñen actuando en función das súas competencias estatais en Galicia.

Hai que facer outra referencia --esta absolutamente positiva--, ó feito de que sexa unha lei consensuada. Eu doulle absoluta importancia a este feito, precisamente porque ó contrario do que se dixo --e aquí non coincido coa anterior intervención-- o rematar cun proceso de instrumentalización do galego é fundamental. Dalgún xeito --e aquí comparto, por suposto, as teses do representante do Partido Socialista-- é importante que a lingua galega sexa galega, sexa de todos, e remate ese proceso de instrumentalización, ese proceso de obxectiva--ción política, e pola contra, asumámola todos, e esta Cámara concretamente como representante do pobo galego, como algo que a todos nos pertence, como algo que de todos depende o que chegue a ser, o que ten que ser no conxunto cultural e social de Galicia.

A normalización non se consegue simplemente por unha imposición normativa. Segue a necesitar unha comprensión evidente para a súa posta en práctica. E aquí habería que entrar no sentido que ten que te--lo Goberno galego. Cando vaia completando a regulamentación que se esixe a partir desta propia lei, ten que ter un sentido oportuno desta obriga de normalización. Porque o bilingüismo plantexa problemas: educativos, de información, de culturalización, mesmo de administración e de interpretación das propias normas.

Non se pode entende--la normalización como unha simple imposición normativa, senón como unha garantía de que ese desexo compartido por todos será posible ó longo do tempo.

Sería lamentable que en función dun acordo unánime desta Cámara se quixese forza--la propia inercia do pobo galego, que se está achegando progresivamente ó galego --e esta é unha realidade feliz que hai que constatar--, que o forzasemos de tal xeito que novamente o galego, en vez de ser un fin ó que todos queremos chegar, se convertese nunha pexa para a unidade de todos, para o entendemento dunha Galicia cada día mellor e cada vez máis contenta do seu propio ser e da súa propia personalidade.

Este é un perigo evidente, que non releva das obrigas que temos de potencia--lo galego, que en absoluto releva da necesidade de potencialo cada vez máis, que non releva tampouco da necesidade de facelo canto máis rapidamente sexa posible, pero que impón a comprensión e a prudencia para todas aquelas situacións que, forzadas, podían chegar a ser non só algo distinto do que todos queremos, que é a unidade polo galego como tal, senón que podía chegar a ser un mundo fundamental de disensión.

A pesar de todo isto, o momento é importante e transcendente, porque, rematado este proceso, o Goberno galego ten que asumir--la súa posición. Todos temos que asumir, e o Goberno galego asúmea, esta obriga de levar adiante con tódolos medios, con tódalas posibilidades, a normalización do idioma, e facéndoo desde esa posición constructiva, de recuperación da identidade, de recuperación da personalidade, de crecemento da cultura, porque hai que acabar de falar "da defensa de", e empezar a falar dunha vez, progresivamente, cara ó futuro, "da creación de", da creación dunha nova cultura galega, da creación dun novo espírito galego, da creación dun novo sentimento de pobo galego.

Isto é posible, precisamente, a partir desta lingua que hoxe estamos asumindo todos como un patrimonio propio, que temos que defender.

Por tanto, doulle a máxima importancia a ese último párrafo da Disposición Adicional, que di que a normativa será revisada en función do proceso de normalización, na medida en que aí está o espírito vivo dunha lingua e está o espírito vivo dun pobo. Non varía nada porque aprobemos esta lei. Simplemente temos un instrumento de defensa dos nosos dereitos, duns dereitos que están por riba, queirámolo ou non, queiran outros ou non, do propio recoñecemento constitucional, porque falamos porque si, porque nos gusta, e porque nos sae de dentro, e ese é o galego que nós queremos defender.

Gracias, señor Presidente. Gracias Señorías.

O señor PRESIDENTE: Segundo se anunciou ó comenzo da sesión, vaise proceder agora ás votacións parciais, empezando polo articulado. ¿Votos a favor? (Pausa).

Queda aprobado o articulado por unanimidade.

Sométese a votación a Disposición Adicional.

¿Votos a favor? (Pausa). . ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 56
Votos a favor 54
Abstencións: 2

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a Disposición Adicional.

Sométese a votación o Preámbulo.

¿Votos a favor? (Pausa).

Queda aprobado por unanimidade.

Dando cumprimento ó que dispón o artigo 127, a Presidencia anuncia que dentro de cinco minutos se levará a efecto a votación do conxunto do texto, suspendéndose entre tanto a sesión.

Suspéndese a sesión.

Reanúdase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Continúa a sesión.

Comprobada a presenza na Cámara do número de señores Deputados que facilita a posibilidade dunha maioría absoluta, procédese á votación final sobre o conxunto do texto da Proposición de Lei de Normalización Lingüística.

¿Votos a favor? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 53
Votos a favor 53

(Aplausos en toda a Sala).

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, declárase aprobada a Lei, nas condicións esixidas no artigo 127 do Regulamento. Foiño por unanimidade, e comprobada a presenza dunha maioría absoluta. Por tanto, demos cumprimento estricto ó que dispón esta norma.

-DEBATE DO DICTAME DA COMISION INSTITUCIONAL DO PROXECTO DE LEI DE RECOÑECIMENTO DA GALEGUIDADE.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ó debate do dictame da Comisión Institucional do Proxecto de Lei de Recoñecemento da Galeguidade.

O señor Presidente da Comisión pode face--la presentación do dictame.

O señor PARDO MONTERO: Señor Presidente, señores Deputados, por causas profundas e diversas, ás veces non ben explicadas, pero as súas raíces adivínanse, a reducida renda per cápita, a incapacidade dos sectores industrial e terciario para asumir ou absorbe--lo excedente de man de obra do medio rural, o minifundio, ese outro minifundio social máis intenso aínda que representa a falta de servicios e a ausencia de horizontes, e outros temas polo estilo, o Galego foi tradicionalmente un pobo sometido a unha forte emigración.

Xa, noutros países, o home galego, laborioso, tenaz, emprendedor, organízase, e organízase, quizais, mellor que aquí, como se a circunstancia en principio adversa lle servise como contrapunto dinamizador da súa capacidade asociativa. E organízase, non pretendendo busca--lo illamento ou pecharse sobre si, senón, polo contrario, participando no medio en que vive, axudando ó engrandecemento dos pagos que lle deron acollida.

Así xorde esa multiplicidade de asociacións, de entidades mutualistas, de centros ou sociedades, prodixio de colaboración e que aínda hoxe moven ó asombro a quen as contempla. Centros e sociedades que, en horas difíciles para a nosa Nación, actuaron como auténticas embaixadas, mobilizaron recursos e opinión, impedindo o illamento dos que quedamos aquí. Tamén centros e sociedades onde se mantivo a proxección dun pobo, dunha cultura, dunha forma de sentir e de pensar, e os anxeios de comparti--los valores da comunidade de orixe.

Tal é, ó meu entender, o senti-

do da galeguidade, á que alude o artigo 7 do Estatuto, como dereito das Comunidades asentadas fóra de Galicia a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego.

En desenrolo deste precepto artículase o proxecto de lei que agora presentamos, que ten por finalidade a proxección e o exercicio de ese dereito, en favor desas comunidades, definindo cales son, cales son os requisitos, como o poden facer e traducir en algo operativo.

O falar de Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia, en adiante xa só Comunidades Galegas, non se pode deixar de vista de que detrás destas está, como sempre, o home como fin último.

A Lei consta dunha Exposición de Motivos e de dous Títulos; o Título I está dividido, á súa vez, en dous Capítulos; consta tamén dunha Disposición Adicional e outra Final.

O Título I, que leva a rúbrica "Do recoñecemento da galeguidade das Comunidades asentadas fóra de Galicia", comprende os artigos 1 a 4. Contén principalmente a definición da galeguidade a que acabamos de facer referencia e a definición das Comunidades que poden ter dereito á mesma. O que senta como aquelas entidades asociativas sen ánimo de lucro, validamente constituídas e con personalidade xurídica propia no territorio en que se atopan asentadas, que teñan por obxecto principal nos seus Estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e cultura e ás que lles fose recoñecida a súa galeguidade, de acordo coa presente lei.

O Título II, dividido, como dixemos, en dous Capítulos, rubrica o primeiro: "Do alcance e contido do recoñecemento da galeguidade". A iso dedica os artigos 5 a 12, e fai referencia principalmente á participación e colaboración na orde social e cultural. Naturalmente, que-

dan excluídos os dereitos políticos porque é algo prohibido pola propia Constitución e que estaría fóra de lugar, entre outras circunstancias, porque provocaría conflitos e mesmo con dereitos doutros países, no Dereito Internacional.

O Capítulo segundo: "Do exercicio da galegitude", contraese á forma de participación na vida comunitaria, á intervención e á colaboración, que se traduce principalmente a través do Consello que se crea, un Consello de Comunidades, como órgano deliberante e asesor nunha serie de resolucións que vai te--lo Executivo galego.

A Disposición Adicional establece a obligatoriedade dunha partida presupostaria específica para o cumprimento dos fins previstos pola lei.

A Disposición Final establece normas regulamentarias que deixa ó criterio da Xunta de Galicia.

Imponse aquí, xa para terminar e ser moi breve nesta presentación, facer referencia á vontade de concordia, de achegamento de tódolos membros da ponencia e da Comisión ós asesores, ós Grupos Parlamentarios, asesores non só do Parlamento senón dos propios grupos que estiveron presentes. Parece oportuno destaca--la presenza do Decano da Facultade de Dereito, don Manuel Pérez, que verqueu acertados criterios, sobre todo nos temas relacionados con cuestións de Dereito Internacional Público.

Como síntese, e para rematar, eu estimo que o presente proxecto de lei encerra no seu contido xurídico sustantivo dúas mensaxes. A primeira é ese ofrecemento, e máis que ofrecemento, esa posibilitación que, a través do seu articulado, establecen a Comunidade Autónoma galega e os galegos que estamos aquí, para que os galegos que están doutro lado, os galegos que están fóra do noso territorio, poidan participar activamente na nosa vida cultural, na nosa vida social, na

nosa vida comunitaria. O segundo, e con isto xa termino, é a invitación que lles facemos nesta hora, sempre difícil de construción da nosa Autonomía, para que contribúan co seu xeneroso esforzo, co seu acento, coa súa preocupación a que esta teña no exterior a proxección e importancia, ou impronta que Galicia demanda.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Conselleiro de Traballo, Seguridade Social e Emigración.

O señor CONSELLEIRO DE TRABALLO, SEGURIDADE SOCIAL E EMIGRACION (Corral Pérez): Señor Presidente, Señorías, o Estatuto de Autonomía de Galicia recolle a realidade dun pobo, cunha importante parte dos seus membros espallados polo mundo, cun forte espírito asociativo, froito do seu amor ás nosas ricas e fondas tradicións, e contén os anxeos de fixar como acenos de identidade, sobre unha vida social e cultural cultivada de maneira compartida entre as institucións autonómicas e as Comunidades galegas.

Estes que poderíamos chamar principios inspiradores dunha tarefa común para engranzar xuridicamente os sentimentos de unidade, entrañados no fondo da alma galega, rematan na fermosa utopía estatutaria de fixar, como principio rector dos poderes políticos da Comunidade Autónoma, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na súa terra.

E así, o Presidente da Xunta de Galicia, desde o seu discurso de Investidura, e ó longo do seu traballo á fronte do Goberno galego, impulsa de continuo co seu exemplo persoal, estimulando a esta e a outras Consellerías para manter unha inqueda a cada paso maior no camiño a percorrer, ata que haxa conciencia en todo o mundo da existencia do pobo galego, das súas condicións de laboriosidade e honestidade, dun pobo sabio e forte, de fon-

das tradicións culturais, en permanente loita para avanzar polo camiño da unidade, na suma dos esforzos de todos para facermos posible a convivencia de tódolos galegos en paz e benestar dentro da Nosa Terra.

A preocupación da Xunta será sempre, vencendo as dificultades que entraña a dispersión dos nosos paisanos polo mundo, a de traballar de abondo, a de traballar forte, para que este obxectivo se poida facer realidade algún día.

Nesta data importante para toda a colectividade galega quero soamente distraer uns instantes á Cámara (antes de que interveñan no debate os Grupos Parlamentarios e remate como desexamos todos coa aprobación unánime da lei) para facer unhas breves consideracións que reflexen o traballo que está levando a cabo o Goberno galego e a súa vontade de manter en permanencia a preocupación prioritaria polos nosos emigrantes.

Ata chegar ó envío deste proxecto de lei ó Parlamento, unha vez aprobado pola Xunta, que tivo lugar o 31 de nadal do ano pasado, coidamos que o primeiro que tiñamos que facer era iniciar e manter unha constante comunicación con tódolos centros e colectividades galegas de todo o mundo para facilitarlles, primeiro, o coñecemento das Institucións Autonómicas como condición esencial para se encariñaren con elas, e ademais para irmos elaborando un censo provisorio que nos deixe coñecer--la súa vitalidade, necesidades e desexos de colaborar no desenrolo do noso pobo.

Levamos, nesta data, máis de 8.000 comunicacións ás máis de 200 Comunidades, e temos un censo de 90 coas que a relación é moi fluída. A experiencia non puido ser máis positiva. Gracias a ela, e por mor das nosas informacións en materias culturais educativas e de axudas sociais, puidemos saber que, ademais das inesgotables posibilidades de atopar outros eidos de cooperación que o tempo irá ofrecendo, xa

chegamos a facer realidade a instalación dun ancián emigrante nunha residencia da terceira idade en Galicia. Estamos tramitando a chegada de máis, e seguimos recibindo solicitudes de axuda de repatriación, e insistimos e seguiremos insistindo ante o Goberno central para que decida conceder axudas a galegos e españois emigrantes que sufran situacións de indixencia.

As comunicacións trouxeron consigo outra necesidade, que consiste en materializa--lo desexo das nosas colectividades, primeiro de coñecer--los seus gobernantes e parlamentarios, e logo demandárno--la chea de solucións ós moitos problemas que lles plantexa a súa situación de afastamento da súa orixe. Viñeron as viaxes iniciadas polo Presidente da Xunta e do Parlamento a América, despois a Europa e a diversos lugares de España, Cataluña, Euskadi, Zaragoza, Madrid, etc. Podemos dicir que xa temos unha idea de como viven, como senten, como sofren, como traballan e como nos fan sentir orgullosos de sermos galegos os nosos irmáns que están fóra de Galicia. Nuns casos, os seus problemas convertéronse en puntuais reivindicacións nosas ante o Goberno central e a institucionalización de contactos co Instituto Español de Emigración, ante quen témo--la obriga de demandar que se teña en conta, nos programas de axuda á emigración, que a nosa supera o 40% da do resto do Estado.

Noutros casos, como xa é realidade, comprobouse a celebración de manifestacións culturais e artísticas de Galicia nos países de acollida dos nosos emigrantes, en estreita colaboración do Goberno galego coas nosas colectividades. A vez que se contribúe con isto a afonda--la nosa identidade, permiten mostrar ós cidadáns desas nacións que Galicia, ademais de contar con mulleres e homes que saben gañar--lo pan con dignidade, é terra de ricas tradicións e vasta cultura. Penso que temos que intensificar aínda máis esta maneira de actuar, e sempre mantendo un estilo

institucional básico, penso eu, para construí-la unidade do noso pobo. Por iso nos diriximos sempre á Presidencia desta Cámara, que acostuma a compartir coa Xunta, a través da variada representación política da Mesa, as experiencias das que lles estou falando.

Para ir rematando, xa que hoxe o máis importante é o debate e votación do instrumento que vai enriquecer desde agora os vieiros de actuación futura do Goberno, as últimas verbas son para deixar constancia da participación das Comunidades Galegas no dictame deste proxecto de lei.

Unha vez redactado pola Xunta, remitiuse a máis de 200 colectividades, e as suxerencias producidas trasladáronse á Comisión Institucional, para que a voz dos nosos emigrantes se tivese en conta á hora dos seus debates. Con isto, ademais do enriquecemento do proxecto, que sen dúbida se produxo, os galegos de aquí e os de fóra comencen xa a traballar xuntos desde os cimentos da Autonomía, na construción dun pobo sen fronteiras, creando canles de recíproca comunicación e apoio entre a Comunidade Autónoma e as Comunidades Galegas, para facermos real e efectiva a súa colaboración na vida social e cultural de Galicia, como agora vai quedar consagrado xa no texto da lei que vostedes terán a honra de aprobar.

Das destacadas e valiosas aportacións dos nosos paisanos da emigración, é xusto non soamente recoñecer e agradecer-lo seu traballo, senón --e isto é máis transcendente-- a súa resposta, a resposta dos nosos paisanos, dos nosos irmáns da emigración á chamada de Galicia, que quere que tódolos seus fillos se vencellen na laboura polo seu engrandecemento.

Finalmente, quero deixar constancia ante a representación da Comunidade Autónoma do noso compromiso, do compromiso do Goberno galego, ó considerar preocupación e

traballo prioritario a execución e desenvolvemento dos mandatos contidos nesta lei.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Debate e votación do articulado.

Os artigos 1 a 4, que forman o Título I do proxecto, non teñen emendas nin votos particulares. Polo tanto, se lle parece ben á Cámara, sometémolos a votación, conxuntamente.

¿Votos a favor? *(Pausa)*.

O señor PRESIDENTE: Quedan aprobados os 4 artigos por unanimidade, segundo o dictame da Comisión.

Pasamos ó Título II.

O artigo 5, non ten tampouco emendas nin votos particulares.

Ponse a votación ó artigo 5.

¿Votos a favor? *(Pausa)*.

O señor PRESIDENTE: Queda aprobado o artigo 5, por unanimidade, nos términos que figura no dictame da Comisión.

Hai aquí un voto particular do Deputado señor Nogueira, que como está referido ó artigo 9 do Proxecto, penso que é este o momento de o defender, se o ten a ben o señor Deputado.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, como antes fixen constar, teño unha serie de emendas e votos particulares, que todos se refiren á mesma cuestión de fondo: que é a introducción das cuestións sociais e económicas no proxecto de lei. Polo tanto, se conto co seu acordo, penso que debo defender tódalas emendas conxuntamente, con independencia de que se voten por separado, porque todas

responden á mesma filosofía.

O señor PRESIDENTE: A Mesa acéptalle o seu criterio.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Moitas grazas, señor Presidente.

Defendo estas emendas na crenza de que este é un proxecto de lei positivo, abre vías que ata este momento estaban pechadas, ou relativamente abertas polo artigo 7º do Estatuto de Autonomía de Galicia. Pero tamén na crenza de que é un proxecto de lei que non aproveitou todas as posibilidades que ten o Estatuto, en función das necesidades de recoñecemento da galegitude, é dicir, das Comunidades Galegas que viven fóra de Galicia, tanto no Estado español coma no estranxeiro.

O artigo 7º do Estatuto de Autonomía de Galicia fala do dereito dos galegos emigrantes a compartiren a vida social e cultural do noso pobo. Di tamén que: "en ningún caso isto supoñerá a concesión de dereitos políticos". Eu entendo --non fun membro da Ponencia que redactou este dictame-- que a negación de dereitos políticos refírese ás Comunidades galegas como tales, non ós galegos que están no estranxeiro, porque se son cidadáns españois, teñen dereitos recoñecidos, como tódolos que habitan no Estado español. Polo tanto, a restricción que impón ese artigo 7º é unicamente que as Comunidades como tales asociacións teñan ou non dereitos políticos, e iso é un problema fácil de salvar.

Pero, en cambio, cando fala do dereito a comparti-la vida social e cultural do pobo galego, creo que hai que entendelo no sentido extenso. A vida social inclúe, desde logo, a vida social no sentido estricto, pero pode comprender tamén a vida económica. E tanto a vida social coma a vida económica creo que foron ignoradas no proxecto de lei que estamos a debater.

Considero que a reivindicación dos emigrantes e mesmo do pobo galego referente á súa presenza na vida galega ten historicamente e moi recentemente tamén unha razón de tipo económico fundamental xunto con outras. Sempre dixemos que as causas da emigración non se refiren ó carácter dos galegos, senón que teñen unha fonda raíz económica. Mesmo, cando se fala dos aforros dos emigrantes, menciónase a necesidade de tomar aquí iniciativas. Falouse --sexa ou non posible, veríase no futuro-- da existencia dun banco dos emigrantes, xustamente para traballar en contra desas causas de emigración e propicia--lo retorno. Todos sabemos que na emigración máis moderna hai por defender moitos dereitos dos traballadores. Por exemplo, hai unha clara discriminación social nos países de Europa que teñen traballadores emigrantes. ¿Mesmo ante a hipótese da entrada no Mercado Común do Estado español, os dereitos dos traballadores emigrantes galegos non van ser, aparentemente, asimilados ós de calquera traballador europeo de países que forman parte do Mercado Común, máis que ó finalizar un período transitorio? Recentemente estivo aquí o señor Siolitti, en representación da Comunidade Europea, e preguntándolle sobre esta cuestión, dixo que cría que habería un período transitorio.

Quero dicir con todo isto --e podía-se falar aínda moito máis-- que realmente ou atendemos ás Comunidades galegas na emigración como unha reivindicación económica ou queda este proxecto de lei dalgunha forma frustrado, por moitos que sexan os puntos positivos.

Está claro que a preparación da volta dos emigrantes, que debe ser un dos obxectivos dos galegos --recoñecendo o respecto absoluto da emigración a vivir fóra de Galicia--, pasa fundamentalmente pola creación de condicións económicas apropiadas. Mesmo o artigo 4º do Estatuto da Autonomía de Galicia --xa non o 7º-- que foi citado polo Conselleiro de Traballo, pero non

está recollido nin sequera textualmente no proxecto de lei, cousa que me extraña, no seu apartado 3, di: "Os Poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios rectores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra". Este artigo tan apropiado merecía ser recollido no proxecto de lei. Por outra parte, e teño que recordalo de novo, é un artigo que procede do primitivo proxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia, da Comisión dos 16.

Xunto con esta reivindicación económica, existe a presenza de emigrantes a través doutro tipo de reivindicacións, por exemplo de tipo político, que fundamentalmente procede da parte republicana, ou galeguista, que foi vencida na guerra civil. Hai unha presenza na emigración Arxentina e outros países. Repito que hai unha reivindicación emigrante de tipo político, que non se recolle, e que hai problemas para recollela, pero non se recolle. Tamén existe unha reivindicación de tipo cultural, que está inserta na política --de aí a súa vixencia-- que posiblemente non fose a máis intensa, e que xustamente está recollida no proxecto, aínda que tamén de forma parcial. Nós non entendemos, e pódense aducir motivos de tipo xurídico, pero non creo que razóns de tipo político sexan obrigatorias para non telas en conta, polo que non creo que teña sentido esta restricción.

Dixen o outro día, e repítoo, que o centralismo en conxunto quere transforma--la nosa aspiración ó autogoberno nunha reivindicación cultural, que ás veces quere cambiala en culturalismo. Nós non temos por que reduci--la nosa aspiración ó autogoberno a ese aspecto. Creo que, posiblemente con boa fe, neste proxecto de lei foi reducida esa reivindicación respecto da emigración a unha cuestión cultural. Nós cremos que comparti--la vida social e cultural do pobo galego require algo máis cá presenza estrita na vida cultural.

A isto refírense as nosas emendas e votos particulares. Nuns casos foron emendas feitas por Esquerda Galega ó proxecto de lei do Goberno; e noutros casos non tiveron máis remedio que recorrer ó voto particular, defendendo o do Goberno, aínda que a formulación estrita non a fariamos tal como foi presentada polo Executivo. Pero, non cabe dúbida que na iniciativa do Goberno había aspectos da vida económica que abrían camiños de colaboración, de ilustración das Comunidades Galegas tamén nos aspectos económicos, e que foron, curiosamente, como se di agora, pelados do proxecto de lei.

Presentamos un voto particular referente ó artigo 9, onde se falaba de que os emigrantes serían informados dunha chea de cuestións sobre a vida económica de Galicia, sobre os sectores en crise, sobre as accións a levar polo Goberno. Mesmo presentamos unha emenda referente á información sobre aforro, sistema financeiro e as resolucións que podían afectarlles neses aspectos. Pois ben: toda esta parte do artigo do Proxecto do Goberno foi eliminada, pero creo que se pode introducir agora mesmo, porque non é contradictorio.

Era un artigo diferente, pero que encaixa perfectamente no proxecto de lei, e anque era nada máis unha información, non cabe dúbida que abría unha porta de colaboración. Con independencia da soberanía política sobre os emigrantes, nada se opón a que a Comunidade Autónoma galega se relacione cos emigrantes, mesmo en asuntos económicos. Outra cousa é que nós teñamos soberanía sobre eles. Iso correspóndelle ó Estado, pero como Comunidade Autónoma --tal como ocorre nunha empresa privada-- podemos te-la relación que queiramos, e tamén no aspecto económico.

¿Por que nós temos competencias para ter relacións de tipo cultural con eles e non competencias de tipo económico? No Estatuto de Autonomía de Galicia tanto aparecen as cues-

tións económicas coma as culturais. E cando nos referimos a relacións internacionais do Estado, estas refírense tanto a cuestións culturais coma económicas. Non creo que haxa ningún obstáculo fundamental para que sexa asumida esta relación. Polo tanto, defendo a inclusión do artigo 9 do proxecto de lei enviado polo Goberno, coa inclusión desta referencia ó aforro e ás finanzas, principalmente as que teñen relación cos emigrantes.

Doutra banda, hai un voto particular referente ó artigo 11 do proxecto, onde se fala da colaboración de tipo cultural. E o complementario do outro, pero soamente restou este no proxecto de lei.

Ademais, presentamos unha emenda de Esquerda Galega ó apartado 10, que establece que a misión do organismo que integra as Comunidades galegas, e o propio proxecto de lei pretende colaborar na presenza cultural de Galicia no mundo e en especial nos países onde están asentadas. Quero dicir con isto o seguinte: o porvir do noso pobo non soamente se xoga en Galicia, senón tamén se xoga no seu recoñecemento internacional. Polo tanto, non se trata soamente de que nós recoñezamos ós emigrantes que participen en Galicia, senón de que eles sexan a canle para que nós sexamos recoñecidos internacionalmente. Non se trata só do futuro interno, senón tamén do exterior, mesmo diría que neste momento histórico case fundamentalmente do exterior.

Iso é un feito que ten a súa importancia. Evidentemente, a presenza exterior depende do que nós fagamos interiormente, e por iso tamén defendemos que se engada este novo apartado. En todo caso admitiría como artigo correspondente ó 11 do proxecto de lei, pero engadindo este apartado.

En correlación con isto, no artigo 15 do proxecto de lei do Goberno --que é outro artigo no dictame da Comisión-- fálase da composición do Consello das Comunidades

Galegas --creo que se chama así--, e tamén curiosamente nese Consello elimínase todo tipo de representación económica. Existe a representación do Consello de Traballo, posiblemente porque depende da Consellería respectiva para os asuntos da emigración. Pero, ¿por que está o Conselleiro de Cultura --que debe estar-- e non o resto dos Conselleiros? No proxecto de lei do Goberno estaban. ¿Por que non está o Conselleiro de Industria, o Conselleiro de Cultura? Non hai ningunha razón de tipo estatutario ou de tipo constitucional que o impida. Está a Real Academia, e non estou en contra dela, claro está, aínda que pareza hoxe que teño esa posición. ¿Por que está a Real Academia, e non está un representante dos sindicatos? ¿Por que non está o representante das organizacións empresariais? Estaban no proxecto de lei do Goberno ¿Por que se quitaron? Non creo que haxa ningunha razón que o explique.

Creo, polo tanto, que este proxecto de lei merece ser recomposto, e nestas dúas cuestións que acabo de falar. No artigo 9 deberíanse contemplar tódolos asuntos económicos, sen merma en absoluto do contido e da estrutura da propia lei. Nos aspectos económicos, tamén se podería engadir algunha representación máis, onde se fala dos Conselleiros, mesmo a representación dos sindicatos e das organizacións empresariais. Non estou pedindo en absoluto un imposible sempre e cando se queira mellora-la lei neste sentido, e se as Súas Señorías quedan convencidas despois das miñas palabras.

Por outra parte, hai outro voto particular respecto do artigo 14 do proxecto de lei do Goberno. Refírese a que desde Galicia se estableza un censo dos emigrantes a efectos desta lei. Repito o de antes: con independencia de que nós teñámo--la nosa realidade política, ¿por que non ter un censo en Galicia dos emigrantes? ¿Por que non? ¿Por que ten que telo soamente o Estado? Nós queremos que se teña, porque iso

supón unha relación con eles. Os galegos en Galicia estamos censados, pois tamén os galegos na emigración. Non sei por que se sacou este artigo. En todo caso, tamén defendemos unha emenda que ten un contido semellante, que di: "A Xunta de Galicia instará do Goberno do Estado as medidas conducentes a posibilita--lo exercicio dos dereitos políticos de tódolos galegos emigrantes". E unha recomendación da Xunta ó Estado, que debe facerse expresamente para que realmente como cidadáns españois e galegos, os galegos emigrantes participen na vida política de Galicia, pero non como Comunidade, senón como cidadáns, en exercicio dos dereitos individuais que lles pertencen.

Despois de expoñer isto, creo que perdemos unha nova oportunidade para dar pasos adiante, que son constitucionais, estatutarios e xuridicamente válidos. Pregúntome se, en realidade, o noso "sino" é estar sempre achantados ¿Por que temos que estar presos de legalismos, cando estamos tratando unha cuestión tan vital para o noso futuro e para o futuro dos nosos cidadáns galegos emigrantes?

Recentemente, na prensa galega apareceu un artigo destacado dun xoven escritor galego que facía referencia a unha visita súa a Venezuela --tamén houbo outras mesmo de membros das Institucións Galegas--, e falaba alí da presenza dos cataláns e do catalán na televisión venezolana. Resaltaba que a nosa presenza non é, se se me permite a palabra, tan agresiva coma a doutros países. Os cataláns saben --e nós tamén debemos sabelo, e sabémolo, o caso é que hai que plasmalo en feitos-- que tamén xogan o seu porvir no recoñecemento internacional. E os galegos estamos moito máis capacitados cós cataláns para buscar ese recoñecemento, porque somos un pobo --sen demérito de ningún outro-- máis universal có pobo catalán. Dígo, claro está, con tódalas reservas, sen buscar en absoluto o demérito de ningún outro pobo.

Debemos buscar esa presenza internacional de Galicia dobremente: instando o apoio dos emigrantes, e dándolle--los dereitos que lles corresponden a participar na vida social, tamén económica e cultural do noso país.

Máis nada. Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Turno a favor e turno en contra.

¿Turno a favor? *(Pausa)*. ¿En contra? *(Pausa)*. Hai tres peticións presentadas á Mesa.

O señor DIAZ E DIAZ: Señor Presidente, unha cuestión de orde.

Como o señor Nogueira presentou catro emendas globalizadas nunha, coido que caben tres turnos en contra, para que dalgunha maneira se vaian repartindo as respostas.

O señor PRESIDENTE: Terase en conta, oportunamente.

Pode facer uso da palabra o señor Piñeiro Sánchez.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, eu fun membro da Ponencia que elaborou o texto que hoxe se somete aquí nesta Cámara a debate. Certamente non me sorprenderon os plantexamentos, porque foi parte dunha análise que nós tivemos que facer na Ponencia das emendas do Deputado señor Nogueira. Máis penso que non estaría tranquilo se non lle respostase a algunha das afirmacións que fixo. Por iso, coa benevolencia da súa Presidencia, vou consumir un turno en contra.

Penso, señor Nogueira, e dígo-llo con toda a sinceridade, que algunhas das afirmacións que vostede fixo se traducen mesmo en contra da teoría que mantén. Vostede di que esta lei non ten contido económico, que non abarca máis alá do que di a

norma estatutaria do artigo 7, apartado 2°. Voulle responder. Quizais me diga que é un sofisma, é posible, pero dígolle que está feita con esa conciencia, de que a lei non vai máis alá, porque pretende ir máis alá. E dicir, se no contexto do que é a regulación das relacións sociais ou económicas das Comunidades asentadas fóra de Galicia --non económicas, digo sociais ou culturais--, no concepto social que o señor Deputado emprega, pódese abarcar, se se quere, moito máis do que realmente se pode dicir. E nós non temos por que estar sometidos permanentemente --e mesmo polo que dicía o señor Deputado-- a esa espada de Damocles, esa orixinalidade que témo--los galegos, se é que a temos, para poder legislar, que moitas veces lévanos a ser tan agudos, tan incisivos, que non concretamos en termos específicos todo aquilo que poida supo--la inconstitucionalidade da propia lei.

Se buscamos unha razón de operatividade, se buscamos unha razón de practicismo, se buscamos un pragmatismo político, e ademais xurídico, non podemos dicir na lei máis do que a norma estatutaria nos permite. E cando se fala das relacións culturais, e cando se fala das relacións sociais, debemos limitarnos a regular positivamente na lei o que son estrictamente relacións culturais e relacións sociais. Dirame o señor Deputado: ¿E que realmente hai unha distinción nítida, que non nos corresponde a nós, no que é a relación social, o que é a relación cultural, distinguíndoa perfectamente do que é a relación política?

Mire, señor Deputado: cóntolle unha anécdota que vivín cun Catedrático de Dereito Político da Universidade de Santiago. Chámase González Casanova, e está en Barcelona. Falaba de Dereito Político, e todos quedabamos mirándonos. El facía esa especial definición de socioloxía política cunha gran destreza, e respondaba que dicir Dereito Político é como dicir café-café. ¿Onde está o Dereito e onde

está a Política?

Todo isto, señor Deputado, non é falta de imaxinación, é todo o contrario, pode se--la norma permisible que nos leve a facer realmente deste Proxecto de Lei de Recoñecemento da Galeguidade o que nós queiramos. A min a lei non me preocupa tanto no contexto normativo, senón na aplicación que a lei poida ter. E célebre xa, non vou dicilo desde aquí, a frase de que "No me deixan face--las leis, pero polo menos que me deixen face--los regulamentos". E evidente que esta lei ten ese contido: o recoñecemento da galeguidade das Comunidades asentadas fóra de Galicia.

¿Por que non se comprometen os dereitos subxectivos? Fixo unha afirmación a Súa Señoría que a min me preocupa. Hai dúas cousas, que xa o significou o Presidente da Comisión cando interview, pero que son transcendentais. O recoñecemento da galeguidade non compromete dereitos persoais. Nós non temos por que entrar en estados subxectivos das persoas que compoñen precisamente aquela Comunidade. Nese sentido a lei é tremendamente progresista: respetámo--lo Estatuto xurídico da Comunidade, calquera que sexa o lugar onde estea asentada.

¿Entón, que podemos facer? Para non entrar en conflitos positivos de dereitos persoais --e os dereitos políticos xa os teñen atribuídos tódolos que sexan galegos, por imperativo do artigo 3 do Estatuto, como sabe moi ben o señor Deputado--, aí non restamos ningunha capacidade ós dereitos que teñen concedidos. Pero nós imos máis alá. Deixemos que a Comunidade se constitúa tal como é, e imos facer unha cousa: recoñecerlle a súa galeguidade. Iso é o que nos corresponde a nós: recoñecerlle a súa galeguidade; iso é realmente o compromiso da lei. Non comprometemos dereitos persoais, nin nos saímos tampouco do marco subxectivo da norma, o que podería ter conflitos.

Facía outra alegación o señor

Deputado. ¿Por que non entramos en temas específicos da emigración? Creo que eu, cos meus compañeiros do Grupo Mixto, mesmo fun máis alá. O tema transcendental da emigración, non era facer unha declaración programática de que os galegos viñesen para acá. Pero é que está aí o texto constitucional do artigo 149, señor Nogueira. Para ir máis alá, nós o que tiñamos que aprobar aquí --se tivesemos esa vontade e esa posibilidade, que está por riba da vontade-- era dicir, non soamente que os galegos retornasen á terra, senón facer xa un proxecto de lei que facilitase o retorno e que facilitase un posto de traballo. Ese era o verdadeiro contido social. Iso sería ir moito máis alá do que proclamaba mesmo o señor Nogueira.

Imos limita--lo contexto das leis á transcendencia política que teñen que ter. Isto é o recoñecemento da galeguidade dunhas asociacións que están instituídas fóra de Galicia.

Vou facer unha última afirmación, e estou recordando oír ó fío da intervención do señor Nogueira --e con isto conclúo señor Presidente-- algo referente á composición do Consello. A Comisión --e mesmo xa nos traballos da Ponencia-- tivo un problema tremendo para esa composición. Por razóns de axilidade mental de tódolos Deputados --inclúome eu, perfectamente-- non chegamos a prever por vía de emenda, de que non podíamos regular para todas aquelas asociacións que estaban en América un sistema de distribución dos membros que viñeron ó Consello en Galicia. Non podíamos, non estaba previsto. ¿Que houbo que recorta--la composición? Si, en beneficio deles, señor Nogueira. Inicialmente, agás o Consello Consultivo, que se crea, forman parte todas e cada unha das asociacións que estean asentadas fóra de Galicia e que se inscriban dentro do rexistro especial que se vai facer. Non se está limitando nin cinguindo os dereitos deles, senón todo o contrario, o marco é máis am-

plo.

¿Prescíndese das centrais sindicais? Si, tamén das empresariais, é dicir, de certos sectores, porque tiñamos que recortar ese Consello para non darlle unha magnitude que practicamente non cabería na Praza do Obradoiro.

Penso que a lei ten que axeiarse ó marco xurídico que o propio Estatuto establece, e non pode ir máis alá. Creo, ademais, que o contexto desta lei, a súa eficacia, non está tanto no que di, senón na aplicación que logo teña.

Moitas gracias, señor Presidente.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Olives Quintás.

O señor OLIVES QUINTAS: Señor Presidente, señores Deputados, a min aquí cústame moito levarlle a contraria ó señor Camilo Nogueira, pero aínda independentemente do afecto persoal, é obvio que non mantémo--la mesma posición política. Polo tanto, vou tratar de explicar por que imos opoñernos ás emendas.

Entendo que esta lei, fundamentalmente, é o desenvolvemento do artigo 7º do noso Estatuto. Entre outras cousas di que esta lei recoñece ás devanditas Comunidades a súa galeguidade e a posibilidade da súa inserción na vida social e cultural do pobo galego.

Por outra banda, respecto das emendas, en concreto o voto particular de mantemento do artigo 9, orixinal do proxecto, simplemente di, "en todo caso, a través dunha sesión especial do Diario Oficial da Xunta de Galicia e sempre que sexa posible mediante notificación especial individualizada, darase conta ás Comunidades galegas inscritas de: os plans establecidos

polo Estado; os programas orientados e estimulados; programas de actuación, emisión de débeda pública", etc. Mesmo a emenda que quere engadir, dun novo apartado, que di: "As disposicións da Comunidade Autónoma do Estado que se refiran", etc. Entendo que está totalmente subsumida no artigo 5°, apartado a), dunha maneira quizais cinguida, pero non en amplitude, senón en redución literal. Di o apartado a), "O dereito á información de cantas disposicións e resolucións se adopten polos poderes da Comunidade Autónoma Galega". Entendo que, neste voto particular, o espírito da emenda está totalmente subsumido e interpretado no apartado lido.

Tamén quería resalta--lo que xa dixo o meu compañeiro, Miguel Piñeiro, no sentido de que efectivamente ninguén nega os dereitos políticos e individuais dos galegos asentados fóra de Galicia, pero non é o obxectivo desta lei. O obxectivo é o recoñecemento da galeguidade, e polo tanto daquelas Comunidades recoñecidas coma tales.

En canto ó voto particular de mantemento tamén do artigo 11, todo o que se pretende entendo que está perfectamente subsumido nos artigos 6, 7, 8, 9, 10 e 11, e que practicamente, coa variación do texto, é o mesmo que di o artigo 11.

En canto á emenda de adición, que se refire á "presencia cultural de Galicia no mundo, en especial nos países de asentamento da Comunidade", é xustamente o que di o artigo 5°, apartado b): "O dereito a compartiren a vida social galega e colaboraren na súa difusión, dentro do territorio de Galicia e no ámbito da propia Comunidade que obtive--lo recoñecemento." Practicamente é o mesmo; aínda que non o diga coas mesmas palabras.

Por último, en canto ó voto particular, paréceme que é do artigo 5. Decía o señor Nogueira por que non están o Conselleiro de Industria, Enerxía e Comercio, o Conselleiro de Agricultura, Gandería e

Montes. ¿E por que van estar? Tamén podería ser outra pregunta. Eu parto da base do que di o dictame da Comisión e que cada un dos membros que forman parte deste Consello, teñen algo que dicir ó respecto. Está implícito no desenvolvemento do artigo 7°.

O Presidente da Xunta de Galicia é obvio que presida o Consello; e o Conselleiro de Traballo, Seguridade Social e Emigración intégra, porque algo terá que dicir, fundamentalmente porque atinxe ós emigrantes. En canto ó Conselleiro de Cultura, está explicitamente dito no artigo 7° do Estatuto, xa que un dos seus obxectivos é a colaboración na vida social e cultural do pobo galego. Polo tanto está perfectamente encadrado; un representante do Consello de Cultura galega é obvio, polo mesmo; o representante da Real Academia, idem; tamén o representante da Universidade, etc.

En canto ás representacións das centrais sindicais, paréceme que a labourea que deben desenrolar está máis no ámbito laboral, aínda que tamén evidentemente atinxe aspectos sociais. Pero non é o seu obxectivo específico formar parte do Consello. De verdade, non entendo que teñan que intervir, aínda que contribuiría a agrandalo.

Respecto do voto particular que pretende mante--lo artigo 14, desde logo, ninguén pode nega--los dereitos políticos e individuais de tódolos galegos asentados fóra, pero non é este o ámbito. En canto a que haxa un censo de tódolos galegos con dereitos políticos ou non, aínda dos galegos que están fóra, eu non me nego, pero non entendo que teña que estar nesta lei. En todo caso sería un obxectivo da Dirección Xeral de Emigración elaboralo nas debidas condicións.

Remato dicindo que alégrome moito pola aprobación desta lei, que non ten precedente, porque é unha lei peculiar.

Onte decidíramos que non fose unha lei de desenrolo básico, porque ó se--la primeira neste sentido, pode que na súa aplicación se atopen con moitas faltas. En cambio, ó ser tratada como unha lei común, facilita a súa posible modificación nun futuro.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Miras Portugal.

O señor MIRAS PORTUGAL: Señor Presidente, Señorías, reconducindo o tema que foi plantexado polo señor Camilo Nogueira, digo que hai un aspecto económico que é o que se trata en definitiva de salvar nesta lei. Eu, moi polo contrario, creo que non se trata dun aspecto económico. O contido está clarísimo, a partir do artigo 7 do Estatuto.

No contido preliminar, o que non pode intervir en ningún momento son aspectos de carácter subxectivo, en todo caso, sería de corte corporativo. O artigo 7 fala concretamente das Comunidades galegas. A Ponencia na que formei parte desde o primeiro momento tratou de deslindar dous campos. En primeiro lugar, os aspectos económicos, a pesar de que o proxecto viña así. Sen embargo a Ponencia estimou que debía ser estatutario, aterse ó que establecía o Estatuto, concretamente, porque se podía incorrer nunha inconstitucionalidade. Isto, á parte de que podíamos estar en contra da lexislación do Estado, da lexislación doutros países e ter unha confrontación de intereses.

Nós coidámo--lo seguinte: primeiro, aspectos económicos, fóra; segundo, deslindar perfectamente un campo corporativo e outro individual. Nós entendemos na Ponencia que o fundamental non é que un home sexa fillo de galegos ou sexa galego. Trátase de algo moito máis profundo, que tratamos na lei anterior, que é o que se chama a cultura. Haberá moita xente que, ó me-

llor, pertenza a centros que nunca na vida tivo nada que ver con Galicia, no sentido físico, de ser "descendente de", pero comulga coa nosa cultura, que é o que nos preocupaba a nós.

O señor Camilo Nogueira, que se tranquilice, porque como moi ben apuntou o señor Piñeiro, con esa sutileza tan propia del, podemos chegar moito máis lonxe a través doutros camiños, e iso precisamente é do que se trata. E como consideramos que non pode estar incluído precisamente neste título, é probable que se deixe para unha posterior formación onde se toquen aspectos subxectivos e non corporativos.

Con isto anuncio que votaremos en contra das emendas presentadas por Don Camilo Nogueira.

Máis nada. Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o Deputado señor Rodríguez González.

O señor RODRIGUEZ GONZALEZ: Nós tamén imos opoñernos ás emendas do señor Nogueira. Isto hai que explicalo.

Efectivamente, a técnica parlamentaria do señor Nogueira ten que pasar por defende--la inclusión dos artigos do proxecto do Goberno. Se desaparece o artigo no proxecto do Goberno, desaparecelle a base de sustentación das súas emendas de adición. Pero, o que pretende engadir ó artigo 9 do proxecto do Goberno, non é necesario facelo, por canto, como xa se dixo desde esta Tribuna, o espírito e ata a letra das emendas do señor Nogueira están recollidos noutros preceptos do dictame da Comisión. Así, por exemplo, o artigo 9 do proxecto, como se dixo xa aquí polo señor Olives, está recollido no artigo 5, apartado a) do dictame da Comisión. E está recollido dun xeito moito mellor.

Penso que as aportacións dos outros Grupos Parlamentarios nos debates, tanto en Ponencia coma en Comisión, melloraron o proxecto do Goberno. O artigo 9 di que: "en todo caso, a través dunha sección especial do Diario Oficial da Xunta de Galicia", e engádese "sempre que sexa posible mediante notificación especial individualizada". Elimínouse unha frase innecesaria, como é "sempre que sexa posible", que non di nada. Todo o contrario, o que introduce no texto da lei é unha ambigüidade que non é axeitada, non é unha boa literatura xurídica, non garantiza nada, porque queda remitido a unha posibilidade, "cando sexa posible".

Polo tanto, ó recollerse no artigo 5 o recoñecemento da galeguidade estase recoñecendo o alcance dun dereito, e alcanza o dereito á información de cantas disposicións e resolucións se adopten polos poderes da Comunidade Autónoma Galega. ¿Que se quita, ou que se poda, ó elimina--lo artigo 9? Pois, non se poda nada, porque o contido do artigo 9 era unha reprodución do apartado 7, parágrafo 1, do artigo 30, do Estatuto de Autonomía. E o artigo 30 do Estatuto de Autonomía queda aí, con todo o seu contido.

E cando o Goberno galego faga uso das facultades que lle recoñece o artigo 30 do Estatuto, ó dicirlle que ten competencia exclusiva nas seguintes materias, coido que a vai ter para legislar sobre os plans para o desenrolo e execución en Galicia dos establecidos polo Estado para a reestructuración dos sectores económicos --que era o que se dicía no apartado a), do artigo 9, que se eliminou-- por programas orientados a estimular--la ampliación das actividades productivas e a implantación de novas empresas en Galicia; por programas de actuación referidos ás comarcas deprimidas en crise, á emisión de débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia, etc.

Cando todo isto se execute e se desenrole polo Goberno Autónomo,

por forza vai ter cabida no Diario Oficial de Galicia. Entón, como un dos dereitos que se lle recoñecen no texto que agora se somete á aprobación desta Cámara ás Comunidades galegas que se inscriban no Rexistro especial e soliciten o recoñecemento da súa galeguidade é o dereito á información de cantas disposicións e resolucións se adopten polos poderes da Comunidade Autónoma Galega, en definitiva non estamos podando nada, senón facendo un texto legal, moito máis axeitado, que respeta tódolos dereitos. Aquí, díxose con outras palabras e, ás veces, o que non se di tamén existe, e cunha proxección moito máis sinxela. Existe sen riscos de que, por dicilo no texto da lei, nos atopemos cun instrumento legal que poida ser chatado de inconstitucionalidade. En cambio, con esta cautela que se introduce no texto que saíu do debate da Comisión, podemos achar cun instrumento a utilizar de modo inmediato despois da súa promulgación.

Hai máis votos particulares do señor Nogueira. O dereito a colaborar coas institucións da Comunidade Autónoma na presenza cultural de Galicia no mundo, que é o que pretende engadi--lo señor Nogueira coa súa emenda de adición (e que para facelo, como dixeran antes, pola súa técnica parlamentaria trata de manter--la base do que é o artigo 11 do proxecto do Goberno), iso está recollido no texto do dictame, no artigo 11. Di que "no marco das competencias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, en cooperación coas Comunidades galegas, cursos ou ciclos especiais sobre lingua, historia e cultura galegas, tanto na Universidade e Institucións docentes e culturais de Galicia, coma nas dos países de asentamento destas Comunidades". E aínda máis, porque no artigo 5, apartado b), dise: "O dereito a comparti--la vida social galega e a colaborar na súa difusión, dentro do territorio de Galicia e no ámbito da propia Comunidade que obtive--lo recoñecemento". Polo tanto, esa emenda de adición do señor Nogueira queda re-

collida no dictame da Comisión.

Imos co tema da constitución do Consello. Efectivamente, tal como se poñía no proxecto, tiña unhas graves dificultades. Por vía de emendas non se obviaron esas dificultades. Tivo que ser un traballo imaxinativo da Ponencia, tras longo debate no que encontrou a fórmula máis axeitada. A parte da Presidencia do Consello das Comunidades Galegas, atribuído ó Presidente da Xunta, e a presenza do Conselleiro de Traballo, Seguridade Social e Emigración, do de Cultura e o de Turismo, Xuventude e Deportes, por seren as tres Consellerías con máis proxección na vida social e na vida cultural, e a representación da Real Academia, da Universidade de Galicia, aparece un representante por cada unha das Comunidades galegas que soliciten o seu recoñecemento.

Efectivamente, vai ser un Consello, en principio, moi numeroso, que podíamos calificar de asamblea. Por iso se lle engadiu un apartado 2 ó artigo que recolle a constitución do Consello, e é que no seu seo se constituirá unha Comisión delegada, elixida e renovada polo propio Consello. Desta forma créase, á través da Comisión delegada, un organismo moito máis operativo. De tal xeito, a constitución con tódolos membros do Consello ten unha faceta para nós constituínte. Despois elixe a súa propia Comisión delegada, e esta é a que vai te-lo carácter executivo e a que vai desenrola-la actividade propia do Consello, xa dun xeito moito máis reducido.

Debo facer referencia a algunhas outras omisións na constitución do Consello. E un feito que existe unha Federación Mundial de Sociedades Galegas e, efectivamente, atendendo a esa importante realidade no proxecto do Goberno, introducíase na composición do Consello dous representantes desta Federación. Pero dábase a circunstancia de que, ó non ser obrigatoria a Federación, esta non era representa-

tiva da totalidade das comunidades galegas asentadas fóra. Non era representativa da totalidade, dun lado, porque tódalas comunidades galegas asentadas fóra poden, se queren, solicita-la súa galeguidade, pero non tódalas Comunidades galegas asentadas fóra están integradas na Federación, polo seu carácter voluntario. Sen embargo, se atendemos ó feito de que todas, federadas ou non, van estar representadas no Consello de Comunidades, é evidente que tódalas que están federadas, están tamén representadas. En consecuencia, a representación da Federación Mundial de Sociedades Galegas está, pola súa propia natureza, representada no Consello, pero a través dos centros federados nela.

O eliminarlle ó proxecto as referencias á participación na vida económica, ó non dicilo na letra da lei, non quere dicir que se decline esa actividade. Precisamente, poderá ser abordada dun modo máis axeitado e sen riscos no desenrolo e na execución da lei. E evidente que ó eliminar ese concepto, impedía a representación no Consello de todas aquelas de tipo empresarial, de tipo sindical, de cámaras de comercio, etc. Pero aínda que non formen parte do Consello, non cabe dúbida de que na súa actividade pode terse en conta a realidade desas forzas económicas para o desenvolvemento da súa laboura.

Por todo isto, nós pensamos que o espírito das emendas do señor Noqueira e o espírito do proxecto está recoñecido dun modo xeneroso e moito máis axeitado no dictame da Comisión. Por iso, imos da--lo voto a favor do dictame da Comisión, e en contra das emendas do señor Noqueira.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Suspendese a sesión ata as cinco da tarde, que se reanudará coas votacións.

Suspendese a sesión.

Reanúdase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Continúa a sesión.

Ten a palabra o señor Nogueira, para facer aclaracións.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente solicitei a palabra xustamente para contestar ós turnos. Non tiven fortuna de que houbera turnos a favor senón unicamente en contra dos distintos Grupos.

Polas palabras dos meus contradictores, esta lei podía reducirse a un par de cousas. Unha, o artigo 5º, simplemente onde di que se recoñece a galeguidade das Comunidades e estas teñen dereito á información e a compartires a vida social galega e a colaboraren na súa difusión, etc., é dicir, recoñece-lo artigo 7º do Estatuto de Autonomía. Pero creo que esta lei, para ser mellor aclarada, debía levar unha cláusula de que se debe entender dentro do carácter dos galegos.

O señor Piñeiro esta mañá díxome que esta lei non ía moi alá, xustamente para que fose máis alá. E dixo exactamente o que se entende polo carácter dos galegos fóra de Galicia. Recordémo-la postura esa de que os galegos non sabemos se subimos ou baixamos. Din que isto é o que di Pío Cabanillas e, en fin, está recoñecido como o noso carácter. Pois xustamente esta lei, segundo a interpretación do señor Piñeiro e doutros señores Deputados, debe entenderse dentro do que é o contido do carácter dos galegos. Xustamente facemos unha lei para que non se dean conta de que a facemos, e polo tanto poder face-lo que eles non cren que vaíamos facer. A lei está resumida desta forma.

Se interpretámo-la lei desta forma, eu propoño ás Súas Seorías outras técnicas legislativas. Por exemplo, para facer unha lei que

trate da explotación enerxética dos nosos ríos, podemos facer unha lei de regulamento da traída de augas municipais, para que non se dean conta; ou unha lei de eliminación das provincias, e facer unha lei de concentración parcelaria. Quero dicir que son casos extremos de leis posibles que podemos facer coa técnica desta lei. Xustamente, porque nós dicimos que nos ocupamos da cuestión social, non dicimos de que se trata, e despois, a través diso, poñemos toda a cuestión económica e social, tal como nos acaban de propoñer.

Tamén teño que demostra--lo meu desacordo por outras cuestións, por exemplo, na integración do Consello. Dise aquí que non soamente os Conselleiros de Economía, as Centrais sindicais, as Centrais empresariais, etc., por un lado, tamén, para que non se dean conta que temos problemas económicos, pero, por outro díxose que era para que o Consello no fose moita xente. Eu pedín simplemente que fosen catro persoas, e a composición do Consello poden ser cen, ou douscentos, se non está establecido na lei.

A parte de que no artigo 5º se fale de comparti--la vida social e cultural, de feito no proxecto de lei non se desenrola máis que expresamente o problema cultural. O resto nin se toca, o que ben xustifica este tipo novo, inefable, de facer leis que temos neste Parlamento, e que o mellor inaugura unha nova etapa, posiblemente fructífera.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, a Súa Señoría defendeu as emendas e votos particulares que formulara, conxuntamente. ¿Ten inconveniente en que se poñan a votación conxuntamente tódalas emendas e votos particulares?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Non, non o teño, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Sométense a votación os votos particulares e emendas formuladas polo Deputado señor Nogueira.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 46
Votos a favor 1
Votos en contra 45

O señor PRESIDENTE: Quedan polo tanto rexeitadas as emendas e votos particulares.

Pasamos, polo tanto, a votalos artigos 6 ó 15, inclusive. Se non ten inconveniente a Cámara, podémolos votar conxuntamente.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 46
Votos a favor 45
Abstencións 1

O señor PRESIDENTE: Quedan aprobados os artigos 6 ó 15, inclusive, segundo o texto ofrecido pola Comisión.

Ponse agora a votación a Disposición Adicional.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 46
Votos a favor 45
Abstencións 1

O señor PRESIDENTE: Queda, polo tanto, aprobada a Disposición Adicional, segundo o texto do dictame da Comisión.

Ponse a votación a Disposición Final.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 46
Votos a favor 45
Abstencións 1

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a Disposición Final, segundo o texto ofrecido pola Comisión.

Sométese a votación a Exposición de Motivos.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 46
Votos a favor 45
Abstencións 1

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a Exposición de Motivos.

Queda polo tanto aprobada a Lei de Reconecemento da Galeguidade.

Pediron a palabra para explica-

ción de voto os señores Deputados González Mariñas, Piñeiro, Miras Portugal, Rodríguez, e polo Grupo Socialista, D. Ceferino Díaz.

Pode facer uso da palabra o señor González Mariñas.

O señor GONZALEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, un turno moi breve en explicación de voto, que será máis unha reflexión en alta voz sobre esta Lei, sobre o que significa, e as razóns, eu diría, non só dun voto positivo, senón dun voto apaixonadamente positivo.

Eu vexo polo menos media ducia de razóns para este voto positivo a este proxecto de lei. En resume, ó longo do debate desta mañá --pode sacarse esta conclusión--, dos traballos de Comisión e de Ponencia, esta é unha lei moi orixinal, en boa parte, de consenso parlamentario, que abre camiños de auténtica xusticia e oportunidade histórica en Galicia. Encerra tamén un compromiso de galeguidade, e por iso é especialmente coercitiva para toda a Comunidade Autónoma, e está chamada á comunicación, ó reencontro de Galicia consigo mesma.

Dicía que era unha lei orixinal que desde logo non ten precedentes, que eu saiba, en ningún país, quizais porque responde a unha peculiaridade moi propia, moi nosa, do pobo galego, tan afeito a poñerlos pes fóra dos seus eidos e traballar dese xeito. Unha lei que non só contempla esta orixinalidade, esta peculiaridade do pobo galego --o que sería unha pura recreación estética-- senón que procura, como xa se dixo desde esta mesma Tribuna, darlle canle por primeira vez para unha comunión de tódolos galegos na nosa vida social e cultural.

Dicía tamén que, en certo modo, era de consenso parlamentario en Comisión, que neste caso penso que hai que louvar, porque os Deputados que tivémo--la sorte e maila honra de traballar en Ponencia e en Comisión neste proxecto de lei, non o

fixemos desde a defensa ríxida de posturas e opinións persoais, senón dun xeito aberto na procura dun texto que fose expresivo da inquedanza de todos por esa Galicia da diáspora, por esa Galicia espallada por todo o mundo, da que tanto se fala e pola que, sen embargo, poucas cousas se fan sempre.

Por iso as discrepancias foron mínimas, aínda que algunha chegase a este Pleno. Esperemos que esta unanimidade que xa se mostrou nesta Cámara --cunha soa abstención-- sirva de bo exemplo para todos nós, e para todos aqueles que hoxe nos contemplan, nun intre que penso que é certamente importante para a Comunidade Autónoma galega.

E unha lei, dicía tamén, que abre camiños e que penso --frente algunhas apreciacións que se fixeron desde esta mesma Tribuna-- trata de sacalo maior froito ás competencias galegas nesta orde, apurando o texto do noso Estatuto. A pesar das afirmacións de que isto non é así, porque non se inclúe esa referencia á vida económica, penso que as razóns expostas desde aquí polo señor Piñeiro son ben convincentes. Son razóns de auténtica cautela fronte a calquera posible risco de inconstitucionalidade, e non outras interpretacións certamente xustas que desde esta mesma Tribuna, nun tono certamente humorístico, foron feitas hai uns momentos.

Repito que é unha lei, polo tanto, que apura o texto do noso Estatuto, e alí onde el non chega, plasma o compromiso de pular a actividade do Estado, como é o caso dese progresivo artigo 3º, en materia de tratados ou convenios internacionais.

E unha lei que a min me parece de verdadeira xusticia histórica, coa que imos te--la oportunidade de ser xenerosos con aqueles que tanto deron, e por tanto tempo, a Galicia, aínda que o enriquecemento que sexa froito ou produto da súa aplicación será, estou absolutamen-

te seguro, un enriquecemento mútuo. A iniciativa votada encerra un auténtico compromiso de galeguidade para toda a Comunidade Autónoma.

Declaro que esta lei non é un mero conxunto de píos desexos; pola contra está chea de fórmulas, chea de términos absolutamente coercitivos, absolutamente imperativos para a Comunidade Autónoma galega. Mesmo bordeando o que poderíamos dicir case a imperfección técnico--xurídica, inclúese unha Disposición Adicional, que practicamente remata a lei, que resalta xustamente a canle financeira para facer realidade os seus mandatos, cousa que non é usual. Pero, certamente, é demostrativa do espírito que inspiraron en todo momento os traballos en Comisión e en Ponencia, que deron lugar a esta lei.

Remato xa, señor Presidente, repetindo o comenzo da miña intervención: esta constitúe unha auténtica chamada ó reencontro de toda Galicia consigo mesma, un reencontro a través da comunicación social, da comunicación cultural, do intercambio das distintas formas de vivir e das distintas formas de sentir a Galicia, dentro e fóra dela. Esa pode ser, dalgún xeito, a raíz última da civilización.

A fin de contas, como dicía Curros, naquel poema dedicado á emigración: "A civilización y--as anduriñas / D'unhas terras pr'as outras ván é vén".

Señor Presidente, Señorías, pídolles perdón polo lirismo, pero hai veces --e penso que este é un deses casos-- en que ó da--lo voto afirmativo, o corazón e a Política, escrita con maiúscula, pode máis cáas frías razóns de técnica xurídica.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor Piñeiro Sánchez, para explicación de voto.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, veño consumir un breve turno de explicación de voto. Non vou cansar ás Súas Señorías co soppor dos argumentos xurídicos que xa esta mañá puiden expoñer aquí, aínda que tratei de simplificalos ó máximo. O que pasa é que o señor Nogueira fixo unha alusión de que, nos meus argumentos xurídicos --e puxo un exemplo--, non se sabía se estabamos subindo ou baixando a escaleira. Citou tamén a Don Pío Cabanillas. Imaxínome que era Cabanillas, non o poeta, pois xa queda lexos no tempo.

Pero quero dicirlle unha cousa, que a frase non é orixinal do señor Cabanillas, senón que isto me parece que o acuñou, mesmo literariamente, José María Pemán, que tiña ascendencia galega e nos coñecía ben. Foi quen dixo que cando se atopaba nunha escaleira cun galego, non sabía se subía ou baixaba. O señor Cabanillas, desde logo, é un home intelixente, que ten frases. Poido contarlles moitas ás Súas Señorías, bastante máis anecdóticas, e que reflexan tamén a súa orixinalidade e personalidade.

A propósito da frase do señor Cabanillas, se sobe ou baixa --por se iso tiña algunha concatenación, dígoo humoristicamente--, á explicación do señor Camilo Nogueira quero dicirlle que non sei se el sobe ou baixa, porque non sei onde se atopa nestes momentos.

Pero independentemente disto, señor Presidente, na miña explicación de voto, quero ratificar todas as verbas do compañeiro Pablo González Mariñas. Non vou insistir --porque a xustificación xa foi dada esta mañá na miña intervención-- pero hai algo que non debe quedar nesta Cámara coma motivo de esquecemento, e é que o proxecto responde a unha iniciativa do propio Presidente do Parlamento. Dixen que eu cando tiña que subir a esta Tribuna para facer un eloxio da xestión do Presidente, era honesto que tivese que facelo.

E de xusticia recoñecer tamén que nesta lei non soamente traballou o Parlamento de Galicia, senón que nos vimos asistidos --e vexo na Tribuna a entrañables compañeiros-- pola Cátedra de Dereito Internacional da Universidade de Santiago. Ademais é de mérito sinalar, non soamente ó señor Presidente, a vos tede, por ter esa iniciativa, senón tamén ó Presidente da Comisión, a presenza nos traballos do Decano e Profesor de Dereito Internacional da Universidade de Santiago de Compostela. Sen dúbida contribuíu a darlle categoría, a darlle vigor xurídico á lei. Se estamos construíndo un proceso normativo e levamos nese camiño de construción este tipo de intervencións, estaremos honrando á Comunidade Autónoma galega, e estarémonos honrando todos nós.

Moitas gracias, e máis nada.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Díaz.

O señor DIAZ E DIAZ: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, acabamos de aprobar unha lei moi importante, polos seus destinatarios: as Comunidades galegas no exterior, Comunidades nas que milleiros de galegos, lonxe da súa terra tentan de seguir vencellados a Galicia. Isto facémolo o mesmo día en que este Parlamento aproba unha lei que tamén clasificamos antes de transcendente, a Lei de Normalización Lingüística, e isto, señores Deputados, non é casual. A Mesa e a Xunta de Portavoces acordou que os dous temas, tan importantes, diría eu, debían ir no mesmo día: a recuperación da nosa lingua e tamén o recoñecemento dos galegos que viven e traballan fóra de Galicia.

Nesta lei, quero dicirlle ó señor Nogueira, esgotámo--lo teito que marcaba o artigo 7 do noso Estatuto. Non lle quede ningunha reserva de que non quedou teito sen esgotar. Esgotamos a tope ese tei-

to, e desde esa posición fixémo--la mellor lei que se podía facer.

Con esta lei preténdese conseguir que a chama de Galicia permaneza viva no exterior e viva a través das sociedades galegas. Estas sociedades, deica hoxe, sen a axuda de ninguén, co esquecemento de case todos, xa a mantiveron viva. Con esta lei que desenrola o artigo 7 do noso Estatuto, a Comunidade Autónoma comprométese a axudar ás Comunidades galegas no exterior, para que poidan colaborar e compartirla vida social e cultural de Galicia.

Os poderes de Galicia quedan obrigados por esta lei a traballaren conxuntamente coas Comunidades galegas, para manteren fortes os lazos que unen ós galegos de dentro cos galegos de fóra. O Consello de Sociedades Galegas, que se crea nesta lei, que se crea con gran amplitude, vai se--lo encargado de levar a cabo esa tarefa, e a ese Consello, desde aquí, desexámoslle sorte e acerto.

A Galicia emigrante, a Galicia dos galegos que tiveron que saír da Nosa Terra en busca dun traballo, en busca de mellores condicións de vida, ten o pleno recoñecemento desta lei, e ten tamén o apoio polo seu traballo de seguir vencellada á Galicia de dentro, a esa grande Comunidade que formámo--los galegos de dentro e fóra de Galicia.

Por último quixera dicir que hai unha cláusula nesta lei que a debe facer viable, que a debe facer algo máis ca unha simple declaración de intencións, que é unha adicional que consagra un presuposto, unha partida presupostaria específica para a levar adiante. Agardemos que a xenerosidade e a comprensión da Xunta de Galicia faga que isto se poida cumprir, e que esta lei na que as Comunidades poñen tantas esperanzas, e desde aquí tamén as poñemos nós, non sexa unha frustración máis, senón que sirva para camiñar cara a adiante con ilusión na construción desa Galicia nova que todos queremos.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Miras Portugal.

O señor MIRAS PORTUGAL: Señor Presidente, Señorías, ante todo creo que ó Goberno de Galicia e, concretamente, á Consellería de Traballo e ós homes que a compoñen se debe felicitar pola súa laboura. A través deles chegou aquí este proxecto de lei, que foi compartido por todos e, ademais dunha maneira xenerosa, xa que aceptaron totalmente os textos da Ponencia, porque entendían que se melloraba. E como xa lle dixen ó señor Camilo Nogueira, cando eles retiraron o sentido económico, foi porque desenrolaron concretamente o artigo 7º do Estatuto.

Eu coido que esta lei chega no intre exacto, porque primeiro tiñamos nós que recobra--la soberanía, que non se podía recobrar mentres non estivese artellado o Estado actual, é dicir, o Estado das Autonomías. Non chegamos a ter soberanía, e chegamos a ter dignidade, e chegamos a ter personalidade e identidade nós mesmos. Este foi o intre exacto en que nós podíamos dar imaxe fóra. Antes --é triste dicilo-- non eramos ninguén para acercarnos ós de fóra.

Temos unha débeda moi grande con tódalas Comunidades galegas de fóra, eu diría que inmensa, porque eles foron os que mantiveron unha chama viva, pero de Galicia non se emigrou soamente, por traballo, como se di. Por desgracia, moita xente emigra por traballo, pero hai outra emigración que é a política. E cando emigraron perseguidos, atoparon os brazos abertos nesas Comunidades de fóra, da arxentina, da mexicana, da venezolana, e podería dicir de case todo o mundo, porque por todo o mundo temos xente emigrada. Esa xente foi a que nos dou luz, foi a que creou concretamente editoriais para que despois se trasladaran aquí.

Témo--la comunión coa xente, e a comunión é un término do cristianismo, que quere dicir comunicación. E esa comunicación haina, nin máis nin menos, desde o intre que temos algo en común: unha idea.

Por iso as Comunidades de fóra de Galicia non soamente van recibir de nós, senón que coido que nós tamén imos recibir moito, moito delas. Por iso teño que rematar dicindo: ;Enhoraboa ó Parlamento, e tamén enhoraboa ó Goberno;

Moitas gracias. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodríguez.

O señor RODRIGUEZ GONZALEZ: Señor Presidente, Señorías, moi brevemente como lle corresponde a un turno de explicación de voto, pero éme imposible non facer referencia a algúns precedentes dos datos precisos para preparar este proxecto de lei.

En primeiro lugar, moitas gracias pola parte que me corresponde ó señor Miras Portugal, pola inmerecida felicitación á Consellería de Traballo. Fixémo--la nosa obriga, sempre con afán de perfeccionar e de acada--lo maior número posible de datos, para que esta lei fose de tódolos galegos, para tódolos galegos que están fóra.

Acadamos exactamente 337 direccións de diferentes centros galegos, fóra de Galicia. Escribímoslle 1.438 cartas relativas ó contido desta lei. Recibimos completas, con tódolos datos, 90 respostas, que é o censo provisorio de Comunidades Galegas asentadas fóra, que temos rexistrado. Viñeron de volta 54, das 337 cartas enviadas, o cal quere dicir que, ou ben eran direccións onde xa no había unha Comunidade galega organizada, ou ben cambiaran de domicilio. En total, hoxe, temos rexistradas 24 Comunidades galegas en España, 24 en Europa, 42 en América, e conto que en

breve prazo recibírase resposta dun número importante de América, porque se acadaron novas direccións delas.

A todas elas, dun xeito de información pública e "sui generis", remitiúselles--lo proxecto de lei en canto foi aprobado pola Xunta e presentado na Mesa do Parlamento. Pedíáselles suxerencias. Esas suxerencias fóronlles remitidas, á medida que chegaron --hai mesmo algún caso que chegou fóra do prazo de presentación de emendas ó proxecto--, a tódolos Grupos Parlamentarios.

Opinararon, polo tanto, sobre esta lei: o Centro Galego de Barcelona; a Casa de Galicia, en Guipúzcoa; o Centro Galego de Zaragoza; a Irmandade da Nosa Galicia, de Molllet; o Centro Galego de Avellaneda, na Arxentina; a Asociación Cultural "O Pote", de Holanda; a Federación de Sociedades Galegas en Suíza; e o Centro Galego de Confraternidade Hispano--Arxentina, de Tandil, tamén na Arxentina.

E xa solicitaron, de entrada, na primeira comunicación, o recoñecemento da galeguidade, sen haber lei para iso, o "Padronato da Cultura Galega" de Montevideo e a "Asociación Cabaleiros de Santiago" no Brasil. Pois ben, nós louvámonos da acollida que tivo fóra de Galicia esta iniciativa lexislativa no desenrolo do Estatuto.

O proxecto mellorou coa xenerosidade e as aportacións dos diferentes Grupos Parlamentarios. E no que mellorou, quero destacar --e non é a título de anécdota-- que no artigo 2º do proxecto de lei omitirámola definición das Comunidades galegas, omitindo o suxeito e aínda na definición do artigo de Comunidades galegas, o obxecto das mesmas. O obxecto principal das mesmas é que teñan nos seus Estatutos o mantemento de lazos culturais e sociais con Galicia, a súa xente, a súa historia, etc.

E nisto quixera dar lectura a

unha comunicación do Centro Galego de Tandil, hoxe "Centro Galego de Confraternidade Hispano--Arxentina de Tandil", porque o cambio de nome ten a súa significación. Dinme na súa comunicación, e vouna ler en castelán, que é como vén: "A causa de la inmigración gallega, esta República vio disminuir su masa de gallegos, que fue siendo desplazada por otros españoles y sus descendientes, así como provenientes de otras nacionalidades. Por ese motivo, en una asamblea que tuvo lugar el 13 de junio de 1976 se resolvió el cambio de denominación, siendo la actual, "Centro Gallego de Confraternidad Hispano--Argentina de Tandil".

E segue facendo as súas propostas de suxerencias. Refírese precisamente a algo que a Ponencia e a Comisión aceptou, e que se recolle no artigo 2: prescindir dos suxeitos que compoñen as Comunidades e atende--lo obxecto delas. Penso que isto é importante. Dicían eles que este é un inciso que "se refiere a que sus miembros sean ciudadanos españoles que ostenten la condición política de gallegos, o de ciudadanos españoles o extranjeros de ascendencia gallega". Texto do proxecto. Eles din: "Este es un inciso que privará a muchas entidades como la nuestra del reconocimiento de galeguidad, por todas las razones ya expuestas y que reitero: cada vez son menos los gallegos que llegan a este país. Los hijos de los gallegos llegados a principios de siglo han muerto o son muy viejos. Sus hijos, a su vez, se han casado con personas del gran mosaico internacional que forma esta República, y hoy hay, en entidades como la nuestra, hasta descendientes de japoneses que les toca un cuartillo de sangre gallega. ¿No será esto un pecado de racismo? ¿No será suficiente amar y respetar a Galicia y a los gallegos, que a través de los siglos le han dado una fisonomía peculiar y distinta a ese pueblo, que ha sabido conservar a través de las más adversas condiciones, su lengua, su religión, su panteísmo, su vigor, su "saudade", su inicia-

tiva, arte, personalidade y, en una palabra, toda su cultura?"

Isto preguntábase a Directiva do Centro Galego de Tandil, na Arxentina. Como eles, pensan moitos dos nosos Centros Galegos no estranxeiro. Penso que nós debemos felicitar a tódolos Grupos Parlamentarios de teren sacado adiante, e por unha unanimidade, un proxecto de lei que ten unha peculiaridade, como se dixo aquí: non ten precedentes no Dereito Histórico, nin no Dereito Comparado. Nese senso efectivamente é unha lei orixinal.

Pero tamén non é máis que o comenzo. E esta é a primeira pedra dun grande edificio que levantaremos entre todos: o grande edificio que supoña a unión dos galegos que residen no seu territorio e os galegos da diáspora. E a inclusión dunha cláusula adicional fixando --aínda que non fose necesario, como xa se dixo-- que na Lei de Presupostos habería unha dotación especial para cumprí--los fins desta lei. Eu estou seguro que a sensibilidade dos responsables da política económica do Goberno vai atender non só a demanda que nos fan os galegos de fóra, senón a responsabilidade que esta Cámara esixe respecto deles, en cumprimento da lei da que hoxe todos nos debemos felicitar pola súa aprobación.

Máis nada, e moitas gracias.

INTERPELACIONES

-DE D. MANUEL MORAN MORAN, DO GRUPO PARLAMENTARIO DE ALIANZA POPULAR DE GALICIA, SOBRE APLICACION DA CAMPAA DE VACUNACION ANTIAFTOSA OBRIGATORIA, E AVALIACION DAS PERDAS POLO SEU INCUMPRIMENTO.

O señor PRESIDENTE: Corresponde considera--lo punto terceiro: interpelacións.

Interpelación de don Manuel Morán Morán, do Grupo de Alianza Popular de Galicia, sobre aplicación da campaña de vacunación antiaftosa obrigatoria, e da avaliación das perdas polo seu incumprimento.

Pode facer uso da palabra o señor Morán para defende--la súa interpelación.

O señor MORAN MORAN: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, nun día como o de hoxe, en que aprobámo--la Lei de Normalización Lingüística, sexan as miñas primeiras verbas en galego, idioma que non domino por non ser nado nesta terra, pero que a partir de agora prométolles entrar no seu coñecemento. Prégolles disculpas, pois, por face--la miña intervención en castelán.

Quisiera en primer lugar hacer una exposición de tipo técnico, porque entiendo que muchos Diputados no tienen por qué conocer la técnica de las enfermedades infecto--contagiosas de los animales, y ello les hará comprender mejor los motivos de esta interpelación. En consecuencia, después he de hacer otra exposición del desarrollo de dicha campaña.

La glosopeda es una enfermedad infecto--contagiosa que viene con oleadas, y que nos llega con frecuencia a España procedente, según se decía antes, de los países del este, pero también se ha comprobado que vienen de los países del Mediterráneo, de Marruecos etc. España está dentro de los países que la sufren con bastante frecuencia, porque cae dentro de una de las áreas más afectadas por la glosopeda.

El período de incubación de esta enfermedad dura aproximadamente de dos a siete días, excepcionalmente puede durar hasta once. La enfermedad afecta especialmente a los rumiantes, aunque también puede afectar al ganado porcino. Es producida por un virus con unas carac-

terísticas muy especiales. Entre ellas tiene dos típicas, que son: su variabilidad, por mutaciones, dándose el caso que en un mismo tipo de virus puede haber varios subtipos, por lo cual no hay una especificidad antigénica, y es difícil conseguir una inmunización buena contra dicha enfermedad. A pesar de todo, se ha llegado ya, y precisamente en España, por profesores, doctores y veterinarios especializados, a conseguir vacunas con una gran variabilidad antigénica, diría yo, ya que pueden inmunizar los animales contra los tres tipos de virus que habitualmente se conocen, que son, el Cero, el A y el C.

En Francia, donde la enfermedad también les afecta casi como en nuestro país, se pone la vacuna habitualmente todos los años, y a pesar de que el 50% del ganado se suele vacunar, la enfermedad aparece con focos muy reducidos, llegando a comprobarse que el número de focos está en función inversa del porcentaje de ganado que se ha vacunado. Quiere esto decir que aunque no se vacune el 100%, con conseguir porcentajes a partir de 50 se puede reducir la aparición de los focos.

El virus de esta enfermedad se conserva mejor con calor seco que calor húmedo. Puede mantenerse a temperaturas de 37 grados, durante 48 horas; 3 semanas, a 26 grados; 5 semanas, a 4 grados; y en madera, heno, paja etc., hasta 15 semanas. Es un virus bastante contagioso, muy difusible y bastante vehicula-ble. A veces ha causado grandes estragos en la ganadería vacuna. Por ejemplo, en España, en el año 52, hubo una epizootia de glosopeda que en A Coruña afectó, concretamente, a 52.000 reses de vacuno mayor, de las cuales hubo 2.536 bajas. En México, en el año 47 sacrificaron obligatoriamente 1.000.000 de cabezas de vacuno. Como entonces no había un tratamiento eficaz, se empleó lo que se llamaba allí "El rifle" sanitario. Sin embargo, hasta el año 52, en que se aplicó masivamente la vacunación, no se pudo

erradicar la enfermedad del Estado de México.

Después de esta breve exposición técnica, vamos a exponer el desarrollo de la campaña, que es el tema que nos ocupa en esta interpe-lación.

Por resolución de la Dirección General de la Producción Agraria, se dan unas normas sobre la vacunación antiaftosa el día 21 de febrero de 1983. Precisamente, en el Diario Oficial de Galicia se publica dicha orden, el 5 de marzo. La orden está fechada de 3 de febrero, y no entendemos cómo se puede producir este retraso en un tema donde ya el propio reglamento epizootias considera como urgente la declaración de la enfermedad y la toma de las medidas adecuadas como son vacunación obligatoria y demás.

También sabemos que en un telex enviado por la Dirección General de la Producción Agraria del Gobierno central a la Organización Internacional de Epizootias y a la F.A.O., el 24 de febrero, le comunica el diagnóstico de un foco de fiebre aftosa en Valladolid, el día 19 de febrero, otro en Belvis del Sara y Manasalvas, en la provincia de Toledo. El día 31 de enero se había diagnosticado ya un foco en Tordesillas, el cual se comunica, por el escrito que nos envían de Madrid a todas las Comunidades, con fecha 2 de febrero. En él se dice: "Con fecha 31 se ha diagnosticado foco de fiebre aftosa en ganado bovino de raza autóctona, exploración extensiva y no vacunado en la localidad de Tordesillas, situado en zona centro occidental de España. Explotación 230 bovinos. Enviamos su material para confirmación. Esto confirma que efectivamente esta enfermedad es producida en este caso por un virus A.5."

Después de todos estos informes no comprendemos como se demora la publicación de una Orden de vacunación obligatoria, que entendemos es de total competencia de la Conse-llería de Agricultura del Gobierno

de Galicia, puesto que así se lo ha traspasado el decreto 3.118 del año 82, donde exactamente se establecen las competencias en materia de sanidad animal, que son competencia de la Consellería. Y en este caso, lo único que mantiene el Gobierno central como competencia es la coordinación, dado que estas enfermedades pueden afectar a ganados de otras Comunidades Autónomas. Que se comunique también al Gobierno central para que tome sus medidas. Sin embargo no le impiden para nada a la Consellería tomar sus medidas y ordenar la vacunación obligatoria. Unicamente tiene que pedir al Gobierno central las aportaciones económicas para la subvención de esta vacuna, en el caso que quiera que sea gratuita, como parece ser que se estableció en Galicia.

A partir de este momento aparece un foco en Arzúa. El día 28 de abril la Consellería nos dice que se garantiza el abastecimiento de vacuna en Galicia, y que ya se han repartido 102.000 dosis. Nuestros datos, del laboratorio Zeltia, de Porriño, es que en esa fecha se habían repartido 56.000.

Por lo tanto, no sabemos si es que se pretende repartir responsabilidades. Realmente, no sé el objeto de este error, que se da además a la prensa y se publica el día 28 de abril.

A finales de marzo, efectivamente, se habían distribuido 12.000 dosis, que se aplican exactamente en aquellas zonas como Arzúa, donde había aparecido un foco para crear un anillo de inmunización. Entonces, surge por parte de los ganaderos un gran nerviosismo, pidiendo que se le vacune su ganado, porque saben las graves consecuencias de esta enfermedad, que como hemos dicho antes, produce bajas, produce una mastopatía, que puede originar disminuciones del 25% al 75% de la producción láctea. Esto no sólo en el período de adaptación, desde el momento en que ocurre la enfermedad, sino en lactaciones siguientes, por una atrofia de la glándula

mamaria.

Por otro lado pueden quedar secuelas, como son unas miocarditis que hacen a los animales inaptos para cualquier aplicación de producción de leche, de trabajo, de carne, etc. Se producen también abortos, y hay graves pérdidas, como consecuencia del secuestro y de la inmovilización del ganado que impide celebrar ferias, una de las tradicionales formas de venta de ganado, y el modo que tienen los agricultores para realizar sus operaciones comerciales.

En función de todo esto no entendemos cómo se puede, en un tema de tal gravedad, tardar tanto tiempo desde que se conoce la aparición de la enfermedad. Y no es en Portugal, como se dice en la justificación de la orden de 3 de febrero, que justifica la vacunación obligatoria, por haber aparecido focos en aquel país. En esta fecha ya habían aparecido en Tordesillas, ya el Gobierno central nos lo había comunicado; ya la teníamos a la puerta.

Quiero también dejar muy claro la responsabilidad que pudiera alguien pensar que tendrían los técnicos competentes, en el comercio pecuario, concretamente los veterinarios. Ellos tienen la obligación de extender unas guías en las cuales no se dice ni más ni menos que certifican que en el momento de reconocimiento a aquel animal, no le observan --no quiere decir que no tenga-- enfermedad infecto-contagiosa, y que no está declarada en el término municipal. Por lo tanto, puede estar en período de incubación, pero esta es una circunstancia que no se puede constatar, porque haría falta hacer una prueba de fijación de complemento, por lo menos. Pero la mayor parte de los laboratorios --y menos los técnicos que desarrollan sus actividades en el medio rural-- no están capacitados ni tienen medios para hacerlo.

¿Se establece un calendario de vacunación? ¿Se determinan los animales que se han de vacunar?

Nos sorprende también que se diga de vacunar solamente animales de más de seis meses, puesto que la técnica de laboratorio preparador de la vacuna indica que también hay que hacerlo a partir de los dos meses. Posiblemente esto se base en que, antiguamente, los animales se sometían a una lactancia natural y, por lo tanto, tendrían cierta inmunidad a través de la leche de la madre. Pero en estos momentos en que prácticamente todos se destetan casi al nacer, no entendemos como se puede hablar de vacunar animales de más de seis meses, cuando el único requisito es que hay que revacunarlos, porque la inmunidad se diluye en función del crecimiento del animal, y por lo tanto apenas llega a tener defensa contra una infección.

Tampoco entendemos cómo no se habla ya de la campaña de revacunación, puesto que la enfermedad se sabe que se produce en primavera y en otoño. Ahora parece ser que se pide otra vez que se hagan buenos escritos pidiendo vacuna, pero la verdad es que lo que dice el Diario Oficial no es esto. El Diario Oficial dice que se haga una campaña de vacunación, y nada más.

Todo esto nos ha llevado a presentar una interpelación. Entendemos que sólo gracias a Dios y a las circunstancias meteorológicas no se produjo una explosión infecciosa como, por ejemplo, la del año 52. Si en Galicia se dieran ahora esas circunstancias las pérdidas creo que serían incalculables. No entendemos cómo desde el 3 de febrero no se hizo el acopio de vacuna, en previsión, máxime teniendo un laboratorio en la propia región de Galicia, que está en Porriño. Pero llega el final de abril y todo el mundo se pone nervioso, porque no tiene vacuna. Entonces, los labradores agobian a los técnicos, la Consellería dice que ya tiene tomadas las medidas, que ya tiene vacuna pero dicha vacuna no aparece. Yo podría mostrarles aquí cartas de técnicos que dicen que la tienen pedida y que no se la enviaron.

Y no sólo eso, sino que la burocracia administrativa ha llegado a situaciones --que personalmente conozco-- como las que paso a explicar. Por ejemplo, vacuna que se pidió el día 12 de abril por el conducto reglamentario, se recibió el día 28 de abril. Esa tramitación --no sé por qué-- no se envió hasta el día 22. El laboratorio la envía el día 26, y quien la tiene que recibir --que en este caso era el Diputado que ocupa esta Tribuna-- se hizo con ella el día 28. Creo que ante una situación de esta gravedad, no se puede andar con estos trámites burocráticos y con estas demoras, sino que hay que actuar rápidamente. Además, el Gobierno central nunca puso obstáculos para hacer la inversión necesaria en este tipo de vacuna. Es más, se han repartido en este momento 6.500.000 de dosis gratuitas, y teniendo en cuenta que el censo de ganado bovino de España son 4.000.000, todavía creo que nos han dado el 50% más de la unidad.

También quiero hacer aquí unas observaciones en relación con estos trámites burocráticos que causan graves perjuicios al comercio pecuario. Por ejemplo, recientemente en el Ayuntamiento de Escarón se ha declarado un foco de fiebre aftosa. No sabemos por qué se declara por parte de la Jefatura de Producción Agropecuaria aproximadamente el 12 de abril. Esta comunicación no se publica en el Diario Oficial de Galicia hasta el 27 de mayo. No se firma la resolución, pero en el mismo Diario está. Puede comprobarse que en el propio Diario Oficial de Galicia está la comunicación que se publica cuatro días después, con lo cual se produce una situación muy anómala. Si la enfermedad se detectó el día 12 de abril, ¿por qué no se declara hasta el día 27, y por qué se publica el 31? Lógicamente, la demora del 27 al 31 del Diario Oficial, es lógica; pero la que no es lógica es la otra: la demora entre la Dirección de la oficina Agropecuaria y la Consellería. Esto nos lleva a situaciones de gran riesgo, que con nuestra inter-

vención pretendemos que se eviten, y queremos hacer una llamada de atención para que en lo sucesivo no vuelva a suceder.

En consecuencia, formulamos a la Consellería de Agricultura la siguiente interpelación, y planteamos: Primero, si en la sesión plenaria de la Comisión Mixta de Transferencias, celebrada el 16 de junio de 1982, se traspasan funciones y servicios de Sanidad Animal, así como bienes, derechos y obligaciones y cargas financieras de los servicios traspasados, según la relación N° 3, Diario Oficial de Galicia N° 11, de 14 de febrero del 83, según el Real Decreto 3.318, al que antes aludíamos, de 24 de junio, que Presidencia del Gobierno central había establecido. Entendemos que este tema que nos ocupa es de total competencia y responsabilidad de la Consellería de Agricultura de la Xunta de Galicia.

Segundo, ¿cómo es posible que desde el 3 de febrero, fecha en que se firma la orden de vacunación obligatoria antiaftosa, no se haya previsto lo que la propia Orden establece en su norma tercera, haciendo la reserva de vacuna para facilitarla a los técnicos encargados de realizar la vacunación?

Tercero, ¿se han evaluado, por parte de la Consellería de Agricultura, las graves pérdidas que esta falta de previsión pudiera representar a los ganaderos de Galicia, donde la dedicación, especialmente ganadera de nuestra masa campesina, que representa aún el 48% de la población, y tiene como su principal fuente de ingresos los productos ganaderos, leche, carne de vacuno y carne de porcino?

Nada más, y muchas gracias, Señor Presidente y señores Diputados.

O señor PRESIDENTE: Por parte da Xunta, ten a palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES (Rey de Roa): Señor Presidente, señoras e señores Deputados, antes de comenazar a contestar á interpelación do señor Morán, quero facer algunhas aclaracións.

A primeira, efectivamente é certo que no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado se fixo a Transferencia de Funcións e Servizos de Sanidade Animal. Pero tamén é certo que varias destas Transferencias son compartidas. A declaración dun foco de enfermidade faise pola Comunidade Autónoma, a partir da autorización que lle dá o Goberno central, neste caso, a Dirección Xeral da Produción Agraria a través da Subdirección de Sanidade Animal. En moitos casos, e nos casos concretos que ten aquí exposto o señor interpelante --que penso que debía de coñecer-- é certo que efectivamente hai esa diferenza, porque moitas veces tárdase máis de 15 ou 20 días en confirma-la epizootia. As razóns, terá que preguntarlles ó Subdirector de Sanidade Animal, do Ministerio da Administración central. Naturalmente, non só o tempo que el tarda, é que nós temos que comunicalo a Madrid. Eles pénsano e despois respostan. Iso en canto a retrasos, á parte da publicación do Boletín.

Non é, polo tanto, competencia exclusiva a declaración. O certo é que levamos --e teño aquí a lista completa-- vinte focos de glosopeda nas catro provincias, e declarados, como sabe o señor interpelante, non son 20, senón bastante menos. Iso polo tempo á que se refire.

Polo que se refire á doación de vacina, é certo tamén que efectivamente se entregaron neste ano cantidade de vacunas, pero tamén é certo que as fábricas --entre elas a de Coper Zeltia, de Porriño-- non dan abasto na fabricación, e que se tivo que recorrer a importacións. Non deixa de ser menos certo que o ano pasado, polo menos na provincia da Coruña, podemos dicir con toda

seguridade que houbo dúas campañas de vacunación gratuítas, no que se inclúe os honorarios dos técnicos veterinarios que fan a vacunación, e que a porcentaxe de vacunación foi baixa. Tamén é certo que pode haber entre uns e outros certas diferenciacións entre a petición e a chegada da vacina.

En todo caso, no municipio de Sada, do que é veterinario titular o señor interpelante, houbo nove días de retraso, partindo de que a data para face--la vacunación --se os meus datos transmitidos polos servicios provinciais non fallan--era o día 28 de abril, e a vacina chegou antes dese día. E certo que ían unhas poucas doses menos, pero tamén é certo que non se poden vacunar tódolos animais nun día nin en dous. E tamén é certo que acababa de aparecer o día 11 de abril o foco de Arzúa, que foi o primeiro que se declarou, pero non o primeiro que houbo en Galicia. O anterior non se declarara, entre outras razóns, porque consideraron en Madrid que non debía aínda declararse. Polo tanto, o certo é que, efectivamente, o día da vacunación era posterior.

E á parte de que se poida entrar noutras matizacións quero proceder á contestación das tres preguntas que se me fan.

Parte da primeira está contestada: repito que non é competencia exclusiva. A competencia exclusiva é simplemente dicta--la orde. Pero, entre outras cousas, as vacunas veñen a petición da Comunidade Autónoma feita á Administración central. Os laboratorios que producen a vacina non poden suministrar directamente a vacina á Comunidade Autónoma, nin de Galicia nin de ningunha outra. E por si fose pouco, as importacións tampouco as pode face--la propia Comunidade. Polo tanto, non é competencia exclusiva da Comunidade. Se non entendo mal, unha competencia é exclusiva cando un pode facer todo, e como lle pette; pero non cando ten que consultar cos demais, porque entón non é

exclusiva, é compartida.

No que afecta á vacunación antiaftosa, trátase dunha campaña de tipo nacional con planificación a cargo do Estado, e a organización, dirección, execución e maila evaluación polos servicios da Comunidade Autónoma transferidos. O suministro de vacunas corre, polo tanto, a cargo do Estado central, que concerta cos laboratorios elaboradores a produción de vacunas, sen ningunha intervención da Comunidade Autónoma, que se entende, a tal efecto, unicamente co Estado central. A vacina ten un custo elevado, unha duración limitada, e será adecuada ós tipos de virus que en cada caso causan a epizootia, dentro dos múltiples tipos --como xa dixo moi ben o interpelante-- e coas variantes destes virus que causan a febre aftosa. Polo que non é posible afrontar permanentemente existencias de stock importantes.

A este respecto quero dicir que se é certo que o interpelante falaba do virus "A", os produtores de vacina dixeron diante da Administración que o causante era o virus "C". E por se fose pouco, dáse a circunstancia de que non hai moito detectouse --ou polo menos así se comunicou-- un foco en gando porcino, e o virus que ataca ó gando porcino adoita se--lo virus "C". Polo tanto, neste intre, aínda quizais non está moi claro que virus é; por iso se está a utiliza--la vacina trivalente, a pesar de que sabemos que unha vacina de dúas cepas ou dunha soa, sería moito máis efectiva.

A produción ten que ser sometida a probas, que permitan coñecer--la súa inocuidade e a súa eficacia, con carácter previo á súa entrega ó mercado, e que dura da orde dos 20 días a partir da terminación do proceso de produción. Polo tanto, tampouco se pode produci--la vacina en calquera momento.

A presenza dunha epizootia provoca demandas superiores á normal, e ó non poder forzarse no tem-

po a elaboración nin os controis, pode dar lugar a momentos de escaseza, como o sucedido nesta primavera, en que houbo que recorrer ás importacións.

As demandas de vacina veñen dadas polas previsións de vacunación feitas polos veterinarios titulares e colexiados ás Xefaturas de Producción Animal, e destas ó Estado central, que asigna os suministros. Desde o día 18 de abril fixéronse a través da Consellería, dada a ineficacia do anterior sistema. As Xefaturas Provinciais verifican a asignación de acordo coa urxencia, interpretando unha prioridade: a proximidade dos focos, e cos calendarios de vacunación previstos polas Alcaldías.

A totalidade das peticións de vacina na provincia da Coruña, feitas por veterinarios titulares, foron servidas no día ou cunha demora máxima de tres días, agás tres casos, nos que houbo demoras de 5, 6 e 9 días; a de 9 días, concretamente, no Municipio de Sada. Pero, en tódolos casos a vacina estivo en poder dos veterinarios antes do primeiro día sinalado para o calendario de vacunación, e en cantidades suficientes para facer fronte ás necesidades previstas por eles. Ademais recentemente estaba a vacina fabricada e controlada, polo tanto as condicións eran do mellor.

Hai que sinalar que no uso das distribucións do produto se tivo en conta a preferencia das zonas próximas ós focos, para crear un anel de protección, e defender así ó resto dos efectivos que están máis lonxe do foco. Non se pode falar de falta de previsión da Consellería polos motivos que explico:

A) Porque a vacina contrólaa o Estado central en tódalas súas fases de elaboración, compra e distribución.

B) Porque as demoras normais na entrega de vacina en campañas son moi superiores ás que se poden producir cando se practica en campañas

normais. En todo caso a previsión empezará cando o veterinario titular á vista das necesidades faga as peticións co tempo suficiente.

C) Porque aínda presentándose numerosos focos, proba de que o virus está presente, a vacunación no anel perdeu, ou polo menos retrasou, a difusión, e a proba disto é que non tiveron a importancia, e penso que non foi polo tempo, senón concretamente polas actuacións da Consellería.

D) Porque no ano 1982 en que se programou unha campaña non houbo vacunación aceptable, a pesar de que mesmo a aplicación foi gratuíta. Este feito, coa correspondente diminución do nivel de resistencia, é probablemente o que permitiu a difusión da epizootia actual, así como o movemento clandestino dos animais. E aí non se pode atribuír á imprevisión da Administración. A vacina foi gratis, e sobrou o ano pasado. Noutras palabras, non se fixo a prevención ata que apareceu a enfermidade. E aí é onde se debe actuar antes. A Súa Señoría sabe perfectamente que a inmunización tarda aproximadamente case 20 días en ser efectiva.

E) Porque a Consellería decretou a vacunación o día 3 de febreiro, e publicouse no Diario Oficial de Galicia o 5 de marzal. A tardanza na publicación penso que non se lle pode atribuír á Consellería. E como por parte dos veterinarios titulares non se fixera ningunha previsión de necesidades --segundo informan os Xefes Provinciais-- os Servicios Provinciais da Consellería recordárona o día 6 de abril, é dicir, un mes e un día despois. O día 12 de abril producíronse as primeiras peticións na provincia da Coruña, precisamente ante a sospeita da existencia de febre aftosa en Arzúa, que foi confirmada por declaración oficial o día 14 do mesmo mes. Isto motivou unha preferencia absoluta para a creación dun anel en torno ó foco establecido para impedi--la súa difusión.

Isto é o que recomendan tódalas organizacións, incluíndo entre elas a Oficina Internacional de Epizootias, esixida pola lexislación española á súa vez e aceptada por todos universalmente. Polos servizos da Consellería estase facendo divulgación en forma continuada ante os gandeiros da necesidade de vacunación sistemática con carácter preventivo, como parte dun calendario sanitario de rigorosa observancia, ó obxecto de que a inmunización acadase niveis suficientes cando se produza a presentación dun foco epizootico. Polo tanto, non se ten feito a avaliación dos males, porque non houbo falta de previsión nin de suministro, razón pola cal non se poden producir perdas debidas á falta de previsión.

A todo isto, e para rematar, quero referirme ó que se dixo aquí de que cando se pide a vacina se serve inmediatamente. Teño que dicir que non, que a vacina non se serve inmediatamente, polo menos nas cantidades que facían falla no momento, porque dáse a casualidade de que en Galicia cando apareceron os focos foi fundamentalmente por gando que veu de fóra de Galicia, de mans dos tratantes. Proba disto é que en Arzúa apareceu precisamente no establo dun tratante, e que as vacas as trae sistematicamente, desde hai moitísimos anos, dunha das zonas afectadas, a zona de Talavera de la Reina. E certo naturalmente que aquí se sabía, pero tamén é certo que, como ocorre co refrán: "a xente acórdase de Santa Bárbara, cando trona". Naturalmente, isto que referín son informes dos Xefes Provinciais de gandería.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Intervención dos Grupos Parlamentarios. Ten a palabra o señor Bernárdez Alvarez.

O señor BERNARDEZ ALVAREZ: Señor Presidente, Señorías, o señor Deputado Morán trae aquí un tema moi serio, polas repercusións eco-

nómicas, tanto polas mortes de animais coma polas enfermidades graves que trae como consecuencia a glosopeda, coma polas repercusións na produción de leite, polos abortos e polas consecuencias na sanidade humana. E por iso porque é un tema tan serio, e un pouco por respecto ó vacío que hai hoxe no Banco Azul, non vou facer unha intervención partidista. Penso que tampouco o señor Morán pretende neste tema unha confrontación política, xa que non tería sentido. Teño que pensar que a actuación do señor Morán é a actuación dun profesional adicado á política, e que neste caso se revela contra dunha deficiente política xeral de Sanidade Animal. Diría que é unha deficiente política xeral do Estado e, polo tanto, neste sentido adhirome á postura do señor Morán.

A gandería española está atravesando unha grave crise coa aparición de epizootias como pode ser a glosopeda, e como poden ser outras enfermidades de declaración obrigatoria, nacional e internacional. Todo isto é froito dunha inapropiada política respecto da produción, do fomento e da comercialización da gandería, así coma da elaboración e da comercialización dos produtos zosanitarios. E evidente que o Goberno central marxina as normas vixentes na Lei de Epizootias e na Lei de Bases de Sanidade. Un bo exemplo é a pasividade que está demostrando na aplicación destas leis. Temos unha proba no decreto do 23 de xaneiro de 1981, sobre produtos zosanitarios que tiña que estar en funcionamento en abril pasado, e aínda estamos esperando as normas de desenvolvemento deste decreto para a súa aplicación.

E evidente que hai unha falta de coordinación entre os servizos da Administración central e a Administración autonómica, o que entorpece a aplicación das normas vixentes en materias de Sanidade Animal. E evidente, tamén, que fallan as estruturas de servizos nas distintas Administracións, que nos levan a unha falta de control dos focos da epizootoloxía e das medidas

a adoptar en canto á hixiene e á profilaxe.

Neste senso, estou de acordo cunha interpelación, que hai moi poucos días acaba de presenta--lo Grupo de Alianza Popular no Congreso de Deputados, publicada o 28 de xuño de 1983, que versa sobre os motivos da crise na Sanidade Animal e a política en xeral para a economía agraria do seu sector gandeiro. Pero eu, desde este Parlamento, estou de acordo co Deputado Morán, porque téñome que preguntar que parte da responsabilidade lle corresponde ó Goberno de Galicia nesta falta de coordinación e nestes fallos de servicios. Non quero aproveitar esta ocasión nin para facer un ataque á Consellería de Agricultura, nin para buscarlle atenuantes.

Pero é evidente que neste caso concreto que hoxe nos presenta o Deputado Morán houbo por unha parte unha falta de axilidade. Non fai falta máis que repasa--la data de aparición dos focos de glosopeda, coa data das medidas adoptadas, para comprobarmos un retraso na reserva das vacunacións, e que houbo unha política bastante confusa --que é certo, e eu estou de acordo tamén co Conselleiro-- que en parte é responsabilidade do Goberno central.

A información non foi moi correcta, polo menos a dada á prensa, pola contradicción aparente --polo menos, eu non seguí moi de cerca o tema-- que existe entre o Deputado e o Conselleiro. Parece que houbo unha política informativa non moi clara en canto ás vacunacións. Por outro lado, tampouco as normas de vacunacións foron moi correctas. Díxose de vacunar a partir dos 6 meses, e fálase dunha vacunación cando está ben claro que unha vacunación correcta ten que ser en dúas doses. E curioso, porque lle quedou aquí --non sei a quen deles-- un prospecto dunha vacina, onde di exactamente isto. Eu non o trouxen, estaba aquí, e di que dúas doses; e en animais menores, hai que aplicar

unha terceira dose. Evidentemente, isto é o correcto. Penso que o prospecto non mo deixou o Deputado Morán ou o Conselleiro a propósito, pero di exactamente como ten que se--la vacunación, e parece ser que as normas da Consellería non foron tamén moi correctas.

Máis nada señores Deputados, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Recimil Taboada, polo término de cinco minutos.

O señor RECIMIL TABOADA: Señor Presidente, señores Deputados, só unhas breves consideracións á interpelación que acaban as Súas Señorías de escoitar.

Non cabe dúbida que o interés da loita contra a febre aftosa é importante, sobre todo en Galicia, onde a poboación agraria representa o 40 ou 45%, e onde ademais os ingresos que proveñen da gandería, na produción final agraria representan o 65%. Isto é para tomar en primeira consideración o que pode representar en canto a perdas, en canto a inconvenientes para a nosa poboación.

Por outra banda, estamos de acordo en que precisamos que sistematicamente se establezan estas campañas de vacunación, que en moitos casos non tiveron a eficacia que debían ter.

No último ataque de febre aftosa, hai cuestión de 9 ou 10 anos, indubidablemente que as vacunas, por algún defecto de fabricación --a técnica nunca é totalmente perfecta--, produciron unha serie de anomalías nalgúnhas reses, sobre todo falo de abortos, o que provocou un pequeno refugo por parte dos gandeiros noutras campañas que se estableceron. Isto é unha cousa que temos que considerar, posto que agora dispoñemos de vacunas ben elaboradas, que non producen eses pequenos defectos, que non tiñan

gran importancia, pero a alarma nos nosos gandeiros sempre é grande.

Aquí o que hai que establecer tamén --á parte de tódalas medidas que estiveron xa apuntadas-- é unha campaña de información. Non vale poñela só nos periódicos, porque os agricultores len pouco neles; non vale nada no Boletín Oficial, porque en cada municipio soamente o le o Concello. Entón, penso que se debe desenrolar unha campaña, non só en aneis --que é cando xa está a febre enriba-- senón unha campaña preventiva, con tódolos medios de difusión, prensa, radio e televisión, e elaborar carteis, cartas, folletos, e unha serie de información xeral. Os funcionarios en moitos casos xa estamos facendo ese traballo, pero iso tiña que completarse, para que vexan tódolos gandeiros que poden vacunar sen risco.

E unha tarefa que hai que facer tódolos anos, que debe levarse a cabo polas distintas organizacións, para a defensa da gandería, co fin de que se teña ese coñecemento. E a maneira de que se chegue a ese cincuenta ou sesenta por cento de vacunación, que é o mínimo para defende--la nosa gandería en contra destas enfermidades, sobre todo sabendo de que hai tempo que o problema estaba xa en Vascongadas, Cataluña, Levante e Santander.

Outra cousa na que queríamos tamén facer fincapé era que haxa unha coordinación entre a Administración central e a Administración autonómica, para que non teñamos eses desfases na información e na declaración de pestes, neste caso de febre aftosa.

Moitas grazas, señor Presidente e señores Conselleiros.

O señor PRESIDENTE: ¿O autor da interpelación quere facer uso do seu dereito de réplica?

Ten a palabra o señor Morán Morán.

O señor MORAN MORAN: Señor Presidente, señoras y señores Diputados, quisiera contestar a las manifestaciones del señor Conselleiro, en relación con las transferencias compartidas. Lamento no tener el tiempo suficiente para poder dar lectura, literalmente, a las competencias y funciones que asume la Comunidad Autónoma e identificación de los servicios que se traspasan, así como a la declaración. Parece ser que cuando hay que hacerla, se demora, como en el caso de Escalón, porque hay que comunicar a Madrid. El comunicar, no exime de declarar, y así lo dice muy claro el propio Diario Oficial de Galicia, que dice: "La declaración obligatoria de la existencia de una enfermedad se realizará por la Comunidad Autónoma, dentro de su ámbito territorial, a iniciativa propia o a instancias de la Administración del Estado. En el primer caso la Comunidad procederá a la previa comunicación a la Administración. En el segundo, la Comunidad deberá realizar la declaración instada". Por lo tanto, la declaración es competencia total y absoluta.

En cuanto a las competencias del control y vigilancia, éstas están dentro de las resumidas, y dice literalmente: "Las competencias asumidas por la Comunidad Autónoma son: a) Control y vigilancia de los animales y de las explotaciones para la detección de epizootias, y adopción de medidas sanitarias pertinentes en el caso de aparición de una de ellas; b) planificación, organización, dirección y ejecución de las campañas de saneamiento ganadero, no reguladas por las disposiciones de ámbito estatal; organización, dirección, ejecución, evaluación en su ámbito territorial de las campañas de saneamiento reguladas por las disposiciones de ámbito estatal".

Quiere decir que, si bien la materialidad de la subvención de la vacuna es del Estado, la organización de la campaña, que es de lo que aquí estamos tratando, es de la Consellería, señor Conselleiro. Yo

lamento tener que hablar así, pero le ruego me disculpe y no tome mis palabras por esto tan de moda que se llama "acritud", sino que están dichas en aras de los intereses que aquí represento, que son los de la ganadería. Por lo tanto, el primer punto de transferencias está aclarado.

En cuanto a la declaración oficial, también he aclarado que non hay motivo para demorarla. Además "lo que abunda no daña", dice un refrán muy viejo. Por lo tanto, el tomar medidas como ha dicho el señor Recimil creo que no impide el esperar a diagnosticar virus tipo "A", virus tipo "C", virus tipo "cero", subtipo esto o subtipo lo otro. Eso es lo de menos.

¿Qué se ha tardado 9 días en el Ayuntamiento de Sada? Bien: lamento tener que hacer uso de documentos que tengo aquí, porque donde hay papeles sobran las palabras, y los papeles dicen exactamente que en Sada se pidió la vacuna el día 12 de abril, se traspasó a Zeltia, laboratorio suministrador, el 21 de abril, que la envió el día 26. El señor Morán, anticipándose a todo, el día 23 había establecido el bando de vacunación, que también tengo por aquí. Por lo tanto, no ha habido demora por parte de los veterinarios, en este caso el señor Morán, a quien se ha mencionado. Lamento tener que hacer alusión personal, pero como a mí se me ha citado, tengo que hacer también defensa personal.

Podría citar muchos más documentos, pero creo que no es necesario, porque incluso yo he enviado telegramas lanzando un SOS a la Consellería para que me enviara la vacuna, puesto que tenía citados a los ganaderos unos días determinados y tenía necesariamente que hacerlo. Tampoco es motivo para que se diga que "en unos días", puesto que las vacas de Sada se vacunaron desde el día 28 al día 30, como está demostrado por los partes que tiene ya la Jefatura correspondiente.

Tengo cartas de veterinarios donde se lamentan de las manifestaciones de la Consellería, del día 28 de abril, donde se dice que hay vacuna suficiente. Esto, señor Conselleiro, lamento decirle que no es verdad, porque Laboratorios Zeltia me facilita una relación de vacuna suministrada, y en la relación figura dosis para rumiantes. Se suministran 12.000 dosis a finales de marzo; 5.000 dosis el 18 de abril; 40.000 dosis el 21 de abril; y luego, ya no se suministran más dosis hasta 45.000, en la primera semana de mayo. Por lo tanto el 28 de abril, cuando se dice en la prensa que hay vacuna suficiente, lamento tener que decirle que, según el laboratorio suministrador, no es así.

Campañas gratuitas. Bueno, pues gratuita ha sido exactamente en A Coruña, señor Conselleiro. En el resto de las provincias, han tenido que pagar los ganaderos, que yo sepa. En A Coruña ha sido gratuita, porque la Diputación en años anteriores tenía una cantidad presupuestada para campañas de saneamiento, y entre ellas entraba la glosopeda. La gratuidad no impide tampoco la vacunación. Creo que aquí, como muy bien ha dicho el señor Recimil, ha habido una falta de información. Como muy bien se dice, "la ignorancia no exime del cumplimiento de la ley". Pero los ganaderos no tienen tiempo para leer el Boletín, y a ellos no llega. Entonces, hay que decírselo en la prensa, y allí la primera noticia ha sido el 28 de abril, que yo sepa, cuando se han establecido normas y cuando se ha dicho ya la gravedad y demás.

La demanda, superior a lo normal. A primeros de febrero, señor Conselleiro, usted tenía una petición de vacuna de todas las Jefaturas de Producción Animal. Concretamente, de A Coruña le habían hecho una petición de 102.000 dosis, que son las que se habían utilizado en la campaña anterior. Es cierto que no es la totalidad, porque se calcula en 300.000 y pico de cabezas de vacuno, pero si tenemos en cuen-

ta el vacuno de menos de 6 meses --que ustedes dicen que no se vacune-- hay que pensar en unas 200.000 y pico de cabezas, y por lo tanto se estaba en el 50%. Como he dicho antes, eso hubiera sido suficiente para crear esos anillos de inmunización y demás. Por lo tanto, está demostrado que se había hecho previsión de necesidades por parte de las Jefaturas, en la misma medida que el año anterior.

Petición de las Alcaldías. Las Alcaldías no tienen por qué pedir. Yo le puedo decir que de la Alcaldía de Sada, concretamente, la Consellería recibió un telegrama. Lamento no encontrarlo, porque a mí me gusta siempre justificar las cosas con papeles, pero lo debo tener por aquí. Recibo el telegrama el día 21/4. Partimos de que la vacuna se declara obligatoria el 3 de febrero. Dice: "Recibido escrito de fecha 20/4/83, dando norma sobre la vacunación fiebre aftosa. Ruego envíen petición vacuna hecha el día 12/4". Esto lo dice el Alcalde de Sada el día 21/4.

Yo lamento señores tener que hacer alusión a Sada, pero como se ha citado y es el caso que más conozco, pues tienen que perdonarme que haga uso de ello.

En cuanto a falta de previsión, creo que si ha habido alguna, no ha sido por parte de ganaderos, ni de técnicos, ni de Alcaldes. No sé si es compartida o no. Mi opinión personal es que la organización, como dice muy bien el Diario Oficial de Galicia, corresponde a la Consellería. Si no había vacuna, también sabemos que el Gobierno importó 1.000.000 de dosis cuando fue necesario.

Las demoras en la entrega, es cierto que se han producido, y eso no se puede discutir porque lo hemos acreditado con datos. Creo que con esto queda claro lo que el señor Conselleiro parece ser que ponía en duda en cuanto a las manifestaciones que yo había hecho aquí. Por supuesto, no se trata de

ninguna alusión personal, ni de ningún ataque --como refería el Diputado Bernárdez--, sino que se trata, como dije al principio, de que yo tengo aquí una responsabilidad, que no estoy dispuesto a ceder por ninguna razón. Y por lo tanto, cuando haya que defender aquí los intereses ganaderos, estaré siempre del lado de ellos. Eso, lo siento mucho, pero tendrá que ser así, aunque a alguien no le guste. Me sorprende que el señor Conselleiro, que es ganadero, no entienda mi postura y quizá la tome por un ataque personal, cuando no es así.

Y con relación al Diputado Bernárdez, muchas gracias por adherirse a mi postura. Creo que han sido unas palabras muy cordiales y se lo agradezco profundamente. Y lo mismo digo al señor Recimil, que creo que ha dado en la diana. Ha dicho que las campañas son más eficaces las de divulgación --a través de los medios de comunicación-- que todas las demás disposiciones de Boletines ni de normas comunicadas, como las que aquí se han producido.

Señor Conselleiro, a propósito de normas comunicadas, yo lamento tener que seguir haciendo uso de papeles. Hay un papelito con una relación que se envía, sin publicidad, pero que a este Diputado le ha llegado, y quizá también al Diputado Bernárdez. Apareció por aquí, y en él se habla de la enfermedad, en plan reservado. Es del día 10 de mayo. Me sorprende que de Galicia se diga que apenas hay focos, como si fuera una zona donde no hubiera afectado la enfermedad. No lo entiendo. Quisiera que me lo explicara el señor Conselleiro, porque parece como que hubo alguna ocultación. No sé si es exactamente como lo que ocurrió en el Municipio de Escarón, que aquí sí que lo tengo demostrado, porque ahora tengo el Boletín. Y el Boletín dice: "Resolución del 27 de mayo de 1983, de la Dirección General de la Producción Agraria, por la que se declara la existencia de fiebre aftosa en el ganado bovino del Municipio de Saviñao (Lugo)". He dicho, 27 de

mayo. "Santiago de Compostela, 19 de abril. El Director General, Boletín Oficial del 31."

Quiero que alguien me explique esta demora, desde el 19 de abril al 27 de mayo, porque la del 27 al 31 es la normal de una publicación en un Boletín Oficial.

Nada más, muchas gracias señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES (Rey de Roa): Señor Presidente, señora e señores Deputados, primeiro, quero dicir que esa explicación xa a dei antes, de que, naturalmente, en tanto a Administración central non confirme a declaración de epizootia, a Comunidade Autónoma non a fai.

No segundo lugar, quero dicir que efectivamente, a Súa Señoría, se está o Boletín Oficial e o Diario Oficial de Galicia, non fai falta porque estas transferencias fíxenas eu. Dáse esa pequena casualidade. Polo tanto, sei perfectamente o que fixen de transferencia, porque non estaban na preautonomía.

Naturalmente, fun eu quen negociou a sanidade e a produción animal, e xa o teño dito nesta Cámara en varias ocasións; polo tanto é certo. Pero tamén é certo que as vacunas hai que pedilas á Administración central, aínda que lle pese ó señor Morán. E tamén é certo que a declaración válida, a única que ten valor faina a Administración galega cando a ratifica a Administración central. Eu non podo facer declaracións para andar por dentro da casa. Iso é o primeiro.

¿Que as medidas se tomaron? Pois é certo, e precisamente desde o momento en que se declararon os primeiros focos, produciuse a vacunación en aneis. Pero xa que esta-

mos a traer papeis, tamén quero traer un oficial, con data e rexistro, dado polo Xefe Provincial da Gandería da provincia da Coruña. Unha parte del, porque non vou lelo todo, di: "O Diario Oficial de Galicia, do día 5 de marzo de 1983, publica a orde de desenrolo da campaña de vacunación antiaftosa obrigatoria. Transcorrido un mes, non se recibiran peticións de vacina nin por parte dos veterinarios nin dos gandeiros. O día 6 de abril de 1983, diriximos a tódolos veterinarios e Alcaldes a Circular n.º 6/83, transcribindo a orde citada, á parte das comunicacións verbais no mesmo sentido, e sobre a execución e cumprimento da campaña de vacunación obrigatoria".

Isto tamén é un papel e oficial, e con rexistro de saída e de entrada. E di máis respecto das vacunas suministradas. Concretamente di: "12 de abril de 1983. Veterinario de Sobrado dos Monxes solicita 100 doses, entréganselle no mesmo día; 12 de abril de 1983, veterinario de Sada, solicita 500 doses, entréganselle o 22 de abril 400 doses; ordénaselle ó laboratorio, o día 21 de abril, a entrega doutras 500 doses solicitadas." E así podemos seguir con este documento oficial.

Polo tanto, naturalmente, non teño máis que dicir, só que este documento ten rexistro e ten firma. Creo que sobran máis comentarios ó respecto.

Sobre das campañas de prevención, creo que os primeiros encargados de a facer son os titulares da Sanidade local, e polo tanto os veterinarios titulares, que son os que fan a vacina por parte da Consellería de Agricultura, aínda que dependan da Consellería de Sanidade, e cobran polo feito de vacinalos animais. Se hai Concellos onde está radicada neste intre en Galicia a tuberculose e a brucelose, o que me sorprende é por que non está en todo o resto, cando hai Concellos onde está practicamente erradicada. E cando podemos ver como

funcionan os servizos de vacunación, tanto se a vacina é gratuíta coma non.

¿Que o ano pasado foi a provincia da Coruña? Estará recollido no "Diario de Sesións". Dixen eu que era na provincia da Coruña, cando menos, que era na Deputación --non sei se dixeran a Deputación, pero si dixeran que a aplicación da vacina era gratuíta--, e polo tanto é certo. Pero tamén é certo que hai unha cousa: por moito que fagamos campañas na prensa, na radio e na televisión, sómo--los gandeiros os que temos que te--lo gando vacunado.

Eu non teño glosopeda desde hai 18 anos, e neste tempo tiveron unha vaca tuberculosa e ningunha de brucelose. O mesmo poden facer outros, pero é o propio gandeiro quen ten que facelo. Por suposto, o representante da Administración debe traballalo. Estamos de acordo, repito, con data de saída, que nós temos unhas campañas obrigatorias desde hai moitísimos anos na primavera e no outono. Se eu non tiveron a glosopeda, foi porque vacunei as miñas vacas na primavera e no outono de cada ano. Se todos o tivesemos feito, non habería glosopeda, non só en Galicia, senón en España. Así ocorre, por exemplo, en Inglaterra que non a hai, porque eles vacunan.

O certo é que efectivamente eu teño que fiarme do que me din os Servizos Provinciais. Eles din isto que acabo de ler aquí detalladamente, de como se suministraron as vacinas, que é o que vale para min. Se hai outras críticas, veremos quen foi o que tivo a culpa, se foi o Xefe Provincial, se foron os veterinarios titulares dalgún sitio, pero naturalmente eu non a tiveron. Penso que este documento firmado e selado ten bastante valor.

Todos estamos preocupados pola sanidade do gando, e non só o señor interpelante. Toda esta Cámara, que é a representante do pobo de Galicia, independentemente de que Galicia teña máis ou menos vacas ca ou-

tro, todos estamos interesados en tódolos problemas de Galicia. E quen máis está son eu, polo menos tanto coma o señor interpelante, por dúas razóns: a primeira, porque son o Conselleiro de Agricultura e o responsable; e a segunda, porque son gandeiro, e naturalmente os problemas da sanidade que teñamos en Galicia aféctanme moito. E no caso do leite, penso como calquera, porque non son o que máis leite produce, pero tampouco o que menos.

Entón o que si é certo sobre as vacinacións é que hai que facer campañas, pero xa se veñen facendo desde hai anos. ¿Quen mellor que o propio titular, que está en contacto coa xente, é o que ten que facelas campañas? Non só de vacunación, senón tódalas de Sanidade. E cando algo falla, é como noutras cousas da vida: o que fallan son as persoas máis veces cás institucións. Isto é así de certo. Polo tanto, creo que non vimos aquí a dicirnos que se isto ou o outro. Os papeis témolos todos, e naturalmente eu teño que trae--los papeis oficiais que me mandan a min os Xefes Provinciais, que son por certo os encargados de entrega--la vacina.

Preguntábaseme por que se dicía que a saúde do gando era moi boa no mes de abril ou maio, xa non recordo. Nós declaramos case tódolos focos --por non dicir todos-- que eran novos, e os que non se declararon é porque Madrid pediu que non se declarasen, porque estaban preto dun que xa había, e o único que se facía era ampliar, ó mellor, por un anaco, uns quilometriños nada máis, o circuíto de protección. Pero o certo é que están todos recollidos. Penso que nunca na historia de Galicia se declararon tantos focos, non só de febre aftosa, senón de peste porcina africana, como neste intre en que estou eu na Consellería. Aí está a prensa, non se escapa un dos que chegan a nós.

Temos que ser todos conscientes de que calquera é posible que teña un foco dunha enfermidade, e nin sequera o comunique ó veterinario,

porque pode manda--la vaca á feira ou ó matadeiro, ou enterrala. E quen di iso, di os porcos ou calquera outro animal, e iso xa é competencia tamén das guías que dan os veterinarios, do control que fan as forzas da Orde Pública, na vixilancia das estradas, cando ven camiões de gando, e o que teñen que facer é para--los camiões e comproba--lo que levan. Pero iso non é competencia da Consellería de Agricultura, como tampouco se se celebran feiras no sitio onde deben estar pechadas, fóra do recinto, e sen que ninguén o denuncie. A Consellería asume a súa responsabilidade, pero nada máis que a súa responsabilidade.

Máis nada, e moitas gracias.

-DE D. MANUEL MORAN MORAN, DO GRUPO PARLAMENTARIO DE ALIANZA POPULAR DE GALICIA, SOBRE CONCURSO PARA CUBRIR PRAZAS DE XEFATURAS PROVINCIAIS, CONVOCADAS POLA CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES POR RESOLUCION DO 9 DE MARZO DE 1983.

O señor PRESIDENTE: Corresponde considera--la segunda interpelación do Deputado señor Morán Morán, sobre concurso para cubrir prazas de Xefaturas Provinciais, convocadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

O señor MORAN MARAN: Señor Presidente, señoras y señores Diputados, esto me recuerda esas corridas de toros que llamo "mano a mano"; en mi época era entre El Viti y Aparicio, o entre Manolete y Arruza, y ahora parece ser que es entre un Diputado y un Conselleiro. Lamento que tengan que aguantar ustedes estos rollos que son propios de agricultores, ganaderos y técnicos, pero así son las labores parlamentarias. De todas formas, muchas gracias por la paciencia que ustedes tienen.

La interpelación que nos trae

aquí nuevamente, es una resolución de la Consellería de Agricultura, Ganadería y Montes, en la que se convoca un concurso para cubrir plazas vacantes de Jefaturas Provinciales.

Esta resolución, del 9 de marzo del 83, dice textualmente: "Concurso n° 1. 1983. Aprobado el decreto 142/82, del primero de diciembre, se desarrolla la estructura orgánica de la Consellería, por la que se crean Jefaturas Provinciales que más adelante se relacionan. Esta Consellería, de conformidad con la legislación vigente, ha acordado anunciar la provisión de dichos puestos de trabajo, "de libre designación".

En primer lugar, vamos a ir analizando cada punto. Si se dice "Concurso n° 1", no entiendo como después se habla de libre designación entre comillado. Esto parece que es una contradicción, pero no ha sido errata de imprenta, puesto que al final se vuelve a rematar diciendo: "por tratarse de puestos de libre designación, la autoridad competente se reserva la facultad de declarar vacante o desierta la Jefatura que se convoca". Primera pregunta, que yo quisiera tener en cuenta ¿Cómo se puede mezclar la palabra "concurso" y la expresión "libre designación"?

En relación con el basamento de este concurso, creo que hay un vacío legal que no veo por ningún lado, señor Conselleiro. El día 9 de marzo, usted aprueba o presenta esta resolución y, sin embargo, el propio Gobierno de Galicia, según Diario Oficial de 15 de abril, y por una orden de Presidencia de 6 de abril, la número 57/83, publica la regulación de la función pública de la Xunta de Galicia. Por lo tanto, esa legislación vigente supongo que se refirirá, señor Conselleiro, a la del Estado central. Pero el Estado central, en ese momento, la legislación que tenía y que tiene es la Ley de los Funcionarios o de la Función Pública. Quiere decir que tampoco encaja dentro de eso.

Vamos a atenernos a la Comunidad Autónoma, que es en realidad la que si no estaba vigente, ya está vigente hoy. Y concretamente, esta legislación dice en su artículo 11: "La clasificación de puestos de trabajo, se realizará en atención a lo establecido por el artículo 53, de la Ley de Funcionarios y disposiciones concordantes, previo informe de la Comisión de Personal". Y sigo leyendo: "Capítulo IV. Provisión de puestos de trabajo". Artículo 12: "La provisión de puestos de trabajo se realizará en consonancia con lo establecido en los artículos 57 y siguientes de la Ley de Funcionarios y de conformidad con lo establecido en el presente decreto". Artículo 13: "Los puestos clasificados de libre designación, serán provistos mediante nombramiento entre funcionarios por el Conselleiro correspondiente, dándose cuenta del mismo a la Dirección General de la Función Pública". Artículo 15: "Los puestos no clasificados de libre designación se proveerán por concurso". Claramente distingue y separa lo que es concurso y lo que es libre designación, porque previamente ha tenido que ser clasificado. Que yo sepa, aquí no ha habido Junta de Clasificación, porque no existía reglamentación que la creara ni la coordinara. Continúo: "Artículo 17: "Una vez seguido este procedimiento y de resultar vacantes en la plantilla, la Xunta de Galicia convocará pruebas selectivas para su cobertura mediante personal contratado en régimen administrativo". Primer basamento legal, que además nos afecta, puesto que es de la Consellería.

Segundo, se plantea como requisito que los interesados "han de pertenecer a los cuerpos de la Administración pública, para cuyo ingreso se requiere título universitario superior. Solicitudes dirigidas al señor Conselleiro, en el plazo de 15 días".

Nos resulta muy extraño que cuando la propia Administración central establece una profesionalización o una dedicación o tecnifi-

cación en el personal que ha de ocupar ciertos puestos, aquí se mencione simplemente a una persona con título universitario superior y que esté en el cuerpo de la Administración del Estado. Tampoco lo entiendo, y por mucho que he buscado, no encuentro ningún basamento legal. He recurrido entonces a lo que hacen otras Consellerías. Por ejemplo, la de Andalucía anuncia plazas para Jefatura de Industrialización y Comercialización Agraria de Córdoba y Jaén. Requisitos: Pertenecer a los cuerpos de Ingenieros Agrónomos, Ingenieros de Montes o Nacional Veterinario, para la Jefatura de Industrialización y Comercialización. Pertenecer a los cuerpos de Ingenieros Técnicos, en especialidades agrícolas o forestales, o Inspectores de calidad, para la Jefatura de Negociado de Industrialización".

La Consellería de La Rioja, por ejemplo, el 23 de mayo del 83 dice: "La Jefatura de Sección de Estudios de Coordinaciones y la Jefatura Técnica Especial de apoyo de la Dirección Territorial". Bases de convocatoria: "pertenecer a cuerpos de Ingenieros Agrónomos, Ingenieros de Montes o Nacional Veterinario para la Jefatura de Sección" etc. Pertenecer a Cuerpos de Ingenieros, es decir que siempre especifica que han de ser técnicos en la materia los que han de ocupar dichos cargos. Es lógico, puesto que si no habrá que ponerles un equipo asesor, y creo que los puestos no dan para tanto, señor Conselleiro.

No quiero seguir, porque todas las demás Consellerías de las que tengo documentos siguen esta tónica. Por si esto es poco, la LOAPA, que no está vigente, pero que si está pendiente de unos recursos del Tribunal Constitucional, en su artículo 31.2 dice: "Las Comunidades Autónomas no podrán nombrar, ni contratar personal de cualquier clase, salvo para el desempeño de puestos de trabajo de carácter político o de especial confianza, sin haber antes comunicado la existencia de las vacantes a la Adminis-

tración del Estado, a fin de que ésta atienda la provisión de las mismas en la forma que este artículo dispone. Transcurridos cinco meses y si fuese estrictamente preciso", etc.

Por si esto es poco, como usted sabe hay una serie de recursos presentados. Pero quiero hacer hincapié en una situación y un recurso especial que ya está sentenciado, y que es del Tribunal Constitucional, de 27 de abril del 83, donde, en un tema como el que nos ocupa, ha anulado los nombramientos por considerar que no están de acuerdo a la Constitución española. Boletín Oficial del Estado n° 100.

Hay una Sentencia de la Audiencia Territorial de A Coruña, Sala de lo Contencioso, que en su considerando 4° también dice: "La discrecionalidad no puede referirse a la totalidad de los elementos de un acto, o un acto en bloque, sino a alguno o algunos de los elementos del acto, pudiendo decirse que son cuatro por lo menos los elementos reglados por la ley en toda potestad discrecional: la existencia misma de la potestad; su extensión, que nunca podrá ser absoluta; la competencia para actuarla que se refiere a un ente determinado, y dentro de éste a alguno o algunos de sus órganos; y por último, el fin, ya que todo poder es conferido por la ley como instrumento para el logro de una específica finalidad".

Esto es consecuencia de un concurso que queda revocado por esta Sentencia. No tiene nada que ver con esto, pero es un concurso.

A la vista de todos estos documentos que he aportado, considero que este concurso no se ha convocado con arreglo a las normas, ni de la Constitución, ni del Estatuto de Galicia al que se refiere.

Independientemente de que sé que se han producido una serie de recursos por todos los cuerpos afectados, que como sabe el señor Conselleiro son todos los generales

del Estado --puesto que tenían oposiciones realizadas a unas plazas determinadas, que eran Jefaturas Provinciales por la antigua organización del Estado--, yo preguntaría a qué vamos a dedicar todas estas personas ahora. Lo cierto es que hay que seguir pagándoles la nómina correspondiente. Si las transferencias se hacen --transferencias de personal, transferencias de competencias, y de todas las dotaciones presupuestarias-- yo no sé a que vamos a dedicar este personal ahora.

Si admitimos otro personal totalmente ajeno a estos cuerpos generales, eso va a suponer un mayor gasto, puesto que va a haber que ponerles asesores correspondientes. Si yo no puedo --y perdón por los señores juristas-- hacer un dictamen jurídico, no creo que pueda tratar temas agrícolas o ganaderos, un Catedrático en latín o un licenciado en Derecho porque pertenezca a un cuerpo general del Estado. Tendrá que asesorarse, para lo cual habrá que darle los medios de asesoramiento.

A mí me parece que esto puede traer como consecuencia un despilfarro, cuando no una "dedocracia", porque aquí, francamente para las bases del concurso se saltan todas las normas que existen en todas las Comunidades. Ya hemos dicho lo que se exige en las demás Comunidades.

Pero es que hay más. En la única Comunidad que se forman los Tribunales a base del personal de la Consellería, es en la de Agricultura de la Xunta de Galicia. En el resto, forma parte de esos Tribunales un miembro del Gobierno central, del Ministerio de Agricultura. Tengo aquí los datos, y puedo decirle hasta los nombres de las personas que forman esos Tribunales en otras Comunidades Autónomas.

Por todo lo expuesto hemos presentado esta interpelación, y yo rogaría al señor Conselleiro que nos contestara a las preguntas siguientes.

¿Se ha tenido en cuenta, al anunciar dicho concurso, lo que el artículo 103 de la Constitución Española establece como principio para el acceso a la Función Pública, el mérito, la capacidad y la imparcialidad? Tales circunstancias son primordiales y fundamentales en un estado democrático de derecho.

Segundo. ¿Se ha tenido en cuenta el artículo 56, y concordantes, de la Ley de Funcionarios Públicos, que establece que las plazas vacantes se cubrirán por concurso de méritos, salvo las que excepcionalmente se califiquen por la Comisión Superior de Personal como de libre designación?

Tercero. ¿Ha habido alguna calificación de la Comisión Superior de Personal de la Xunta de Galicia en las plazas citadas?

Cuarto. ¿No cree el señor Conselleiro --y dicho sin acritud, señor Conselleiro, y con todos los respetos y consideraciones-- que con resoluciones como las que nos ocupan en este momento estamos montando un Estado de Autonomías con planteamientos extralegales y arbitrarios, o asumiendo competencias y poderes inexistentes, que lesionan legítimos derechos de los administrados, y en este caso de los funcionarios públicos afectados?

Muchas gracias señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES (Rey de Roa): Señor Presidente, señoras e señores Deputados, para non rele-las preguntas recentemente feitas, vou contestalas por orde.

Primeira. Evidentemente a Constitución Española, no artigo 103.3, sinala como principios para o acceso á Función Pública, e non como circunstancias, os méritos e a capacidade. Para logra-la imparcial-

idade na selección dos funcionarios resulta, desde todo punto de vista indubidable, que tales criterios son requisitos indispensables. Convén non obstante, para unha coherente interpretación de tal principio constitucional, destacar que o propio artigo 103, no seu apartado 1, establece que: a Administración pública sirva con obxectividade "ós intereses xerais", configuración finalista da Administración, con contido propio e distinto, que en todo caso e no momento deberá garantir a neutralidade da mesma (artigo 103. 3). A Constitución, polo tanto, representa xa un modelo concreto da Administración, determinada polos cinco principios que o propio artigo 103. 1 enumera: "eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación". Polo tanto, o mérito e a capacidade deben estar en función de tales principios de eficacia.

O decreto 142/1982, do 1 de decembro, inspirouse nos citados principios, e por consecuencia as actuacións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, no devandito aspecto, constitúen un pleno, cabal e respetuoso acatamento ó establecido na Constitución Española.

Sentado todo o que antecede, ten que significarse que o mérito, a capacidade e a imparcialidade non poden calificarse como circunstancias, segundo afirma a interpelación, senón antes ben constitúen principios que regularán o Estatuto dos Funcionarios Públicos, como determina a Constitución no artigo 103.3. De aí que tales principios, no seu sentido máis lato, se calificasen ou xulgasen en relación co acto de Resolución do concurso. Por iso, a antedita Resolución resulta imparcial e obxectiva, na medida que se axusta ós cinco principios enunciados, tendo en conta o mérito e a capacidade dos aspirantes.

De aí que esta pregunta teña que referirse ó resultado da convocatoria, e non a un "prius", isto é, á convocatoria mesma.

Como dixemos, a convocatoria vén condicionada polo cumprimento da finalidade de atender con obxectividade ós intereses xerais, dentro do marco dos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

Desde esta óptica en lóxico acatamento á máis estricta norma dos principios constitucionais, por tratarse de "libre designación" os postos convocados, en virtude da Resolución á que se contrae a interpelación, está claro que:

Primeiro, anunciouse publicamente a súa provisión.

Segundo, consecuentemente co anterior e pola antedita vía da súa publicación, tratouse de busca--las persoas de maior mérito e capacidade para os postos convocados.

Terceiro, necesariamente as anteriores premisas levan, con arreglo a unha sa crítica, a entender que a motivación desta convocatoria non é outra que a imparcialidade na designación, pretendendo que os designados sirvan con obxectividade ós intereses xerais, en obrigado acatamento ó xa establecido no artigo 103 da Constitución.

Segunda pregunta. En primeiro lugar, significárase que se ben a Xunta de Galicia conta cunha Comisión de Persoal, foi decretada en virtude do decreto 163/1982, do 1 de decembro. Pero tal Comisión non foi constituída ata o día 25 de marzo do 1983, e dado que a Resolución pola que se anuncian as vacantes das Xefaturas Provinciais leva data do día 9, é obvio que a calificación desas prazas pola Comisión de Persoal non se podía facer naquela data, pois non estaba constituída a devandita Comisión. E obvio, polo tanto, que mal se podían calificar tales vacantes pola Comisión de Persoal, como "de libre designación", cando desa Comisión non estaba constituída, no momento de facerse pública a convocatoria das Xefaturas.

Pero, en todo caso, é incuestionable que a Comunidade Autónoma de Galicia goza da facultade de organización das súas propias institucións, ó amparo do establecido nos artigos 149.1 e 149.18 da Constitución, 28.1 e 39 do Estatuto da Autonomía, sen prexuício do debido acatamento ás actuais leis e disposicións do Estado, que se refiren a materias da súa competencia, tal como establece a Disposición Transitoria terceira do Estatuto da Autonomía. A provisión das Xefaturas convocadas efectuáronse anteriormente polo Estado, e así o fai actualmente con arreglo ás prácticas ou criterios de oportunidade en orde á organización dos servizos.

Difícilmente se pode entender--la estruturación do Estado, do anterior Estado centralista, nun corsé que impida a posibilidade de modifica--la situación estatutaria dos funcionarios no exercicio da potestade da reorganización dos servizos, tal como o recoñeceu reiteradamente a xurisprudencia do Tribunal Supremo, en Sentencias do día 8 de xaneiro, 9 de abril e 8 de maio do ano 1968, dado que as condicións regulamentarias do exercicio das funcións públicas son sempre susceptibles de modificacións, atendendo ás características e necesidades do servizo, porque doutra sorte, o interés público quedaría supeditado ós supostos dereitos dos servidores da Administración, sen posibilidade de modificacións orgánicas, acomodadas á conveniencia daquel interés. (Sentencia do Tribunal Supremo 7/11/1968).

E tal como expuxen anteriormente no acatamento ó principio constitucional, establecido no artigo 103. 1 da Constitución, a Administración Pública ten como finalidade esencial servir ós intereses xerais, ós que se serve atendendo ás características e ás necesidades de cada servizo.

En conclusión, nada impide á Comunidade Autónoma de Galicia establecer--la súa propia organización administrativa sen violación dos

principios esenciais da lexislación estatal. Isto, e máis nada ca isto, é o que realizou a Consellería de Agricultura coa convocatoria das prazas de Xefaturas Provinciais.

Terceira. En primeiro lugar, temos que remitirnos ó afirmado na pregunta anterior. A convocatoria foi publicada antes da constitución da Comisión de Persoal.

En segundo lugar, terase que significar:

1.- Que as Xefaturas convocadas pola Resolución a que se refire a pregunta son de libre designación. Así viña establecido na lexislación estatal, citando a título de exemplo o Decreto 26. 84.71, do 5 de novembro, no seu artigo 34.2°, que deixaba ó libre albedrío do titular do Departamento o nomeamento e cese dos Xefes Provinciais. De aí que, ó amparo do artigo 28.1°, e 37.3°, e Disposición Transitoria terceira do Estatuto de Autonomía, a Administración da Xunta pode asumir "directamente" tal clasificación, con fundamento nas súas competencias executivas e na xeral supletoriedade do dereito estatal; proclamado ademais polo artigo 149.3° da Constitución Española, sen necesidade do acto previo clasificatorio da Comisión Superior de Persoal correspondente.

Finalmente, o Decreto 57/1983, do 6 de abril, sobre regulación da Función Pública da Xunta, nos seus artigos 13 e 14, que constituen normativa específica da Comunidade Autónoma de Galicia para a provisión das prazas controvertidas na interpelación que se contesta.

Por todo isto, as prazas anunciadas non se corresponden coa determinación do artigo 56, da Lei dos Funcionarios Civís, senón que figuran entre as de "libre designación".

Para rematar, contestarei á última pregunta. Non soamente non creo que as resolucións, como a sinalada polo interpelante, consti-

túan plantexamentos extra--legais e arbitrarios, senón que, por canto queda exposto, ó responder ás anteriores preguntas tratouse, pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que a Administración pública autonómica sirva con obxectividade ós intereses xerais.

A propia convocatoria é evidente manifestación dun criterio de imparcialidade, e que polo tanto pugna abertamente coa arbitrariedade. Desde logo, de ningún modo se pode admitir que a Xunta de Galicia --e concretamente, neste caso o Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes-- asume competencias e poderes inexistentes, como claramente se expuxo ó contestar ás anteriores preguntas.

Pero moito menos se pode afirmar alegremente que se lesionan lexítimos dereitos dos administrados e dos funcionarios públicos, porque, en primeiro lugar, e así se afirmou reiteradamente nesta contestación, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes axustouse con sagrado respecto ós principios establecidos no artigo 103.3 da Constitución, no senso de que a configuración finalista da Administración vén determinada polo criterio de servir con obxectividade ós intereses xerais. Moito menos comprensible resulta falar da lesión dos lexítimos dereitos dos funcionarios públicos, por canto, como xa dixen tamén con anterioridade, o interés público non pode quedar supeditado a uns supostos e non reais dereitos dos servidores da Administración, sen posibilidade de modificacións orgánicas. Se a convocatoria impugnada implicase nalgún aspecto modificación orgánica estaría amparada non só pola doutrina do Tribunal Supremo de Xusticia, citada ó responder á segunda pregunta, senón tamén, e de maneira moi fundamental, polos principios establecidos nos preceptos da Constitución e do Estatuto da Autonomía de Galicia, que así mesmo foron reiteradamente invocados.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Por parte dos Grupos Parlamentarios, ¿quere algún Grupo intervir neste debate? ¿O Deputado autor da interpelación desexa replicar?

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Señor Presidente, eu pedín facer uso da palabra.

O señor PRESIDENTE: Perdón, é que non o advertira. Ten a palabra o señor Deputado.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Señor Presidente, señora e señores Deputados, coido que xa foi unha falta de percepción do señor Presidente, porque non vía eu tampouco que pedindo a intervención dos Grupos Parlamentarios non puidese subir á Tribuna.

O interpelante falou dun conflito taurino cando empezou a súa intervención, e remontouse ós tempos del, que desde logo non son os meus. Os conflitos taurinos do meu tempo suscitábanse entre "O Cordobés" e o "Neno da Capea". Eu penso unha cousa, que mesmo pode sorprendet. Xa mo dicía algún compañeiro do Grupo Mixto: "¿Como vas ti, que non eres de AP?" Pois si, dígolle unha cousa: non son de AP, pero veño aquí e vou explicar por que.

Desexaría, e sigo coa explicación que iniciaba, que tanto o interpelante coma o señor Conselleiro, como dous bos lidiadores cando van e fan unha boa faena, saíran a ombros xuntos e pola porta grande.

Non obstante, teño que facer algunhas consideracións. Vounas facer non desde a perspectiva da miña posición de responsable dos servizos xurídicos da Xunta, porque ademais non tiña tampouco coñecemento desta disposición que ocasiona ou que xera esta interpelación. Vouno facer nun campo específico, que é o campo puramente parlamentario. E dígolle de verdade, señor Morán, que non vou tomar partido

por unha posición ou outra, porque tal vez, dentro dese recurso que vostede anunciou --ó que posiblemente coaduxaran outras institucións-- teña que intervir eu despois, como xefe dos Servizos Xurídicos, ou ben a Dirección Xeral do Contencioso, para saber ou analizar se se axusta, ou non, ó Dereito.

Non vou entrar agora en consideracións particulares, porque o sopor dos argumentos xurídicos, a min, nun día de calor como o que vai hoxe, xa me empezan tamén a molestar. Pero é certa unha cousa: a interpelación parlamentaria, señor Morán dígollo con todo respecto, con toda sinceridade, se chegase ese momento, no que na verificación dos servizos xurídicos o Decreto tivese que ter unha consideración, coide a Súa Señoría que, desde a miña posición persoal, non dubidaría un momento para poder dicirlles ós responsables no establecemento do propio recurso, que tiña que repórtese. E máis: é un criterio xeral, que lle anuncio a vostede, que sempre foi o criterio desta Asesoría --ó menos cando tivo que intervir, ou deste responsable como Xefe da Asesoría Xurídica-- que non se aplique o silencio administrativo, o que considero que é unha descortesía da Administración con respecto ó administrado. Terá a Súa Señoría tódalas garantías, no que respecta á interpretación que nós poñamos darlle. Unha cousa é que sexa acertada, e outra cousa é que non o sexa despois.

Pero voume ó campo parlamentario, que era polo que eu quería intervir, realmente, e vouno facer dunha maneira moi concreta e sincrética. Penso que a interpelación parlamentaria ten unha finalidade: traer aquí debates sobre a política xeral, ou sobre aplicacións, ou criterios políticos do Goberno, e a Súa Señoría fixo mención a unha disposición que non é tanto un acto político, senón un acto administrativo. Remítolle --e non quero entrar en calificacións xurídicas complexas-- ó que é a propia lei, aprobada por este Parlamento, na

que se regulan as disposicións que poden emanar do Executivo galego.

Pois ben, un decreto, que é unha norma puramente regulamentaria --polo menos no Dereito positivo que lexislou este Parlamento, e que aplica a Xunta de Galicia--, ten unhas canles xurídicas para poder ser recorrido. Iso é o recurso de reposición. Posteriormente está a xurisdicción contencioso--administrativa, e aínda cabe máis, por aplicación da Constitución española --se mal non recordo, e ó mellor fago esquecemento-- nos artigos 151 e 163: o recurso de Constitucionalidade, cando así sexa.

O que non considero prudente é trasladar--lo que xa está sometido ó ámbito da xurisdicción ordinaria a un debate político, e dígoo sen acritude. Non o considero prudente, porque esta Cámara está para resolver cuestións políticas e non xurídicas.

Pense tamén a Súa Señoría que aquí se podía dar resposta ás preguntas que se están plantexando concreta e especificamente, no senso de que podía desvirtuar a propia presentación dun recurso, e voulle poñer un exemplo. Pregúntase ó señor Conselleiro --que neste caso non importa que sexa ó Conselleiro, que podía ser unha pregunta feita a calquera outro responsable do Executivo--: "¿Adecúase o decreto a tal precepto xurídico?" Contestación: "Premisa que plantexa o señor Deputado. Xa foi recorrido o decreto." Malamente tiña argumentos no recurso, se despois vén preguntar se se adecuaba, ou non se adecuaba a un concepto xurídico que, fundamentalmente, tiña que sabelo moi ben, tiña que servir tamén de base polo plantexamento do recurso administrativo.

Este é o feito. Estamos no campo dos Dereitos Administrativos, no campo do que é a fiscalización dos actos puramente normativos, e nesta Cámara, nesta Tribuna, no Parlamento, vimos discutir cuestións estrictamente políticas. Entón, eu

quixera coa miña intervención desligar "os dous campos"; é dicir, seguindo co símil taurino: non pasar do primeiro ó último tercio sen as banderillas. Pero, conste que tamén quero rematar dicindo que non trato de colocarlle banderillas, e menos negras, a ningún dos intervinientes, con anterioridade.

Moitas gracias, señor Presidente, e máis nada.

O señor PRESIDENTE: Réplica do señor interpelante.

O señor MORAN MORAN: Señor Presidente, señora, señores Diputados, yo lamento tener que insistir nuevamente en el tema, a pesar de que al señor Piñeiro le agradezco los consejos jurídicos.

Yo no entiendo de juristas, señor Piñeiro. Muchas gracias por sus consejos, pero entiendo que estamos en un debate político, en un debate administrativo, puesto que el propio Conselleiro ha dicho que se trata de plazas de libre designación. Nos lo ha aclarado aquí hoy. En el concurso convocado, lo dejaba entre Pinto y Valdemoro, que si era "concurso", que si era "designación". Ahora ha dicho que es "libre designación". Esos son de confianza, y son puestos políticos. Por lo tanto, estamos ante un debate político, y estamos ante un planteamiento en que lo que trato es de evitar el precedente que esto pueda suponer para actuaciones sucesivas, porque ésta es la verdadera igualdad de derechos que aquí se ha citado entre todos los españoles, como establece la Constitución.

De todas formas, muchas gracias señor Piñeiro. Se lo digo así aunque mi forma de hablar quizás sea un poco particular, pero pese al estilo, no es agresividad, no me lo tome usted como agresividad.

Yo lamento, señor Conselleiro, que el que le ha redactado a usted ese escrito que nos ha leído, de

tipo jurídico --como es lógico, usted y yo de términos jurídicos no entendemos--, se haya comido algunos párrafos, que eran precisamente los que tenían que haberse citado. Por ejemplo, el artículo 103, por ejemplo, la Disposición Transitoria tercera del Estatuto, que tengo en mi poder y que usted leyó hasta un punto, pero no continuó. Dice la Disposición Transitoria tercera: "Mientras las Cortes Generales no elaboren las leyes a que este Estatuto se refiere, y el Parlamento de Galicia legisle sobre las materias de su competencia, continuarán en vigor las actuales leyes y disposiciones del Estado que se refieren a dichas materias". Punto. Ahí se ha parado usted, pero el texto continúa, pone una coma y sigue: "sin perjuicio de que su desarrollo legislativo, en su caso, y en su ejecución, se lleve a cabo por la Comunidad Autónoma gallega en los supuestos así previstos en este Estatuto".

En el punto 4°.4 de dicha Transitoria dice: "Los funcionarios adscritos a servicios de titularidad estatal o a otras instituciones públicas que resulten afectados por los traspasos a la Comunidad Autónoma, pasarán a depender de ésta, siéndoles respetados todos los derechos de cualquier orden y naturaleza que les corresponda en el momento del traspaso, incluso el de participar en los concursos de traslado que convoque el Estado en igualdad de condiciones con los restantes miembros de su Cuerpo".

Por lo tanto, que quede claro que esas Disposiciones están muy definidas y, por lo tanto, nos parece correcta la Constitución, en el artículo 103, que usted también ha leído, en el apartado 3, que dice: "La Ley regulará el Estatuto de Funcionarios Públicos, el acceso a la función pública de acuerdo con los principios de mérito y capacidad, las peculiaridades del ejercicio de su derecho a sindicación, el sistema de incompatibilidades y las garantías para la imparcialidad en el ejercicio de sus funciones". Pe-

ro el apartado 2, que usted no leyó, también dice: "Los órganos de la Administración del Estado son creados, regidos y coordinados de acuerdo con la ley". Si son los del Estado, con mucha más justificación los de la Comunidad Autónoma.

Yo creo, señor Conselleiro, --y quiero seguir insistiendo en el tema-- que se han lesionado unos derechos de unos funcionarios que la propia legislación del Estado, la LOAPA, todas las legislaciones de las Comunidades Autónomas, y la propia legislación de la Comunidad Gallega que con fecha posterior, exactamente unos días después, establece las normas. Usted dice: "no había Junta" ¿Cómo la va a haber, si no se ha creado? Pero habrá que esperar a que se cree; no se puede poner el carro antes de los bueyes, porque si no el carro no anda.

De modo que a mí no me sirve esa justificación de que como no había Comisión, no se podían clasificar. Supongo que usted, en el Gobierno, debiera estar enterado de que estaba pendiente una Ley o un Decreto, --no se cómo le llaman ustedes-- un Decreto 57, de regulación de la función pública de la Xunta. Por lo tanto, si este Decreto no existía, no podemos ahora empezar a legislar una cosa que después va a estar en contradicción con ese Decreto.

Ahora cabe, como muy bien dice el señor Piñeiro, un recurso. Pues no sé; pero es que aquí estamos para evitar que se produzcan situaciones raras, y que se legisle de acuerdo con la Ley, y que no se lesionen derechos. Precisamente, las Autonomías tienen esos inconvenientes, y ahí está el gran inconveniente de la LOAPA: que no se puede aprobar porque tiene una serie de recursos ante el Tribunal Constitucional. Hay muchos problemas que no tienen fácil solución, y uno de ellos es el de los funcionarios, quizás de los más importantes que tiene la LOAPA.

Por lo tanto, entiendo que ese

concurso debiera de ser anulado. Le rogaría al señor Conselleiro que anule el concurso, para evitar perjuicios que irían en contra de los principios elementales de nuestra Constitución, por lesionar derechos adquiridos de unos funcionarios.

Nada máis, señor Presidente, muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: ¿O señor Conselleiro quere dicir algo máis?

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES (Rey de Roa): Señor Presidente, señoras e señores Deputados, só dicirlle ó señor interpelante dúas cousas. A primeira, que os postos da Administración, tanto na central coma na autonómica son de libre designación, e que, naturalmente, as persoas que pasan ás Comunidades Autónomas non se lles pode quita--lo título, non se lles pode quita--lo nivel, nin os trienios, nin ningunha outra cousa, pero que o que si se lles pode é cambiar de xefatura. E iso non hai nada que o impida, e é certo que sistematicamente todas as Administracións do Estado fixeron estes cambios, e ningún nunca se rasgou as súas vestiduras.

E algo máis para rematar. Di que noutras Comunidades se cubriron os postos doutra maneira. Pois tamén teño eu un papel da Comunidade Autónoma andaluza, da "Junta de Andalucía", con rexistros en que convoca os seguintes postos: Xefatura do Servicio de Capacitación, Experimentación Agraria e Apoio Técnico; Xefatura do Servicio de Producción Animal; Xefatura do Servicio de Presupostos e Programación; Xefatura do Servicio de Administración Interior e Asuntos xerais; Xefatura do Servicio de Industrias Agro--alimentarias. E di: "Comisión examinadora das solicitudes: Presidente, o Excelentísimo señor Conselleiro de Agricultura e Pesca. Vo-cais"..., e unha chea de nomes que non vou nomear.

E ó terminar di: "Nomeamento. A proposta da Comisión examinadora efectuarase pola autoridade competente o nomeamento do funcionario seleccionado, ó que non se lle concederá ningunha autorización de compatibilidade, e estará obrigado a presta--los seus servicios en réxime de dedicación exclusiva". E no medio do Decreto di o seguinte: "Requisitos dos interesados: Pertencer a corpos das distintas Administracións públicas que teñan atribuídos índice de proporcionalidade dez ou oito, e posuír titulación universitaria superior".

Con isto dou por terminada a miña intervención.

O señor MORAN MORAN: De acuerdo con el artículo 151, quiero manifestar, aunque tengo tres días para presentarlo por escrito, que voy a convertir esta interpelación en moción.

O señor PRESIDENTE: Muy bien.

O señor MORAN MORAN: Muchas gracias.

-DE D. RAMON FELIX BLANCO GOMEZ, DO GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, SOBRE PROGRAMACION DE INSTALACIONES DEPORTIVAS DA CONSELLERÍA DE TURISMO E DEPORTES NOS MUNICIPIOS GALEGOS.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á interpelación de Don Ramón Félix Blanco Gómez, do G. P. Socialistas de Galicia, sobre programación de instalacións deportivas da Consellería de Turismo e Deportes nos Municipios galegos.

Pode facer uso da palabra o señor Blanco Gómez.

O señor BLANCO GOMEZ: Señor

Presidente, Señorías, vou tratar de se--lo máis breve posible. Coido que foi unha xornada longa, unha xornada moi interesante, por suposto, para o pobo de Galicia, pero vou ter que cumprir coa miña obriga, e como digo vou se--lo máis breve posible.

Cando presentamos esta interpelación, faciámolo porque entendiamos que a Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes, no ano e medio que viña xa asumindo estas funcións, non había --ó noso xuicio-- ou polo menos ignorábase por parte deste Deputado, realizacións concretas neste eido, que consideramos moi importantes.

Penso que en toda sociedade moderna o deporte é algo fundamental, e nisto coincidimos todos: os da esquerda e os da dereita. Probablemente teñamos unha visión diferente en como organizalo e tamén en canto á filosofía, en canto a legislar en materia deportiva.

Non é nada extraño que nas sociedades industrializadas, nas que os cidadáns dispoñen cada vez de máis horas libres de folganza, cómpre, para que estes cidadáns poidan ter acceso e poidan disfrutar desas horas, que haxa instalacións deportivas que faciliten a práctica do deporte a todos aqueles que desexen voluntariamente facelo.

Isto ten incidencia a moitos niveis. E dicir, os cidadáns que practican con frecuencia o deporte, teñen probablemente unha maior vontade. Penso que o deporte é tamén forxador de vontades, e isto tradúcese a tódolos niveis da vida. As persoas que practican a cotío calquera disciplina deportiva, logran --mesmo desde o punto de vista da responsabilidade que poidan asumir nos distintos ámbitos da vida e tamén no traballo-- consecuencias positivas porque o deporte forxa unha maior vontade, e axuda a forxa--la responsabilidade.

Polo tanto, a educación físico-deportiva, ou a cultura físico-

-deportiva, debe ter, ó noso xuicio, preponderancia tanto nas grandes liñas de actuación política coma na plasmación organizativa, para chegar a unha estrutura de servizo público educativo e cultural, pensando máis, ó noso xuicio, no deporte como factor educativo e formativo, ca no deporte como un sector meramente competitivo e de promoción, cáseque moitas veces en exclusiva do propio elitismo.

A interpelación tamén xurdía ó fío de que a Xunta de Galicia a través da Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes comunicara a moitos Concellos, polo menos a algúns que a min me consta, promesas --ou polo menos así se interpretou-- de inversións en instalacións deportivas, por cantidades importantes.

A preocupación era que examinados os Presupostos da Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes para o ano 82 e tamén para o ano 83 en materia de inversións ofertadas --ou ó menos así interpretadas polo interpelante, por quen lles está falando-- parecíanos que podían ter unha interpretación de carácter meramente electoralista.

Non estamos en desacordo con que se fagan esas inversións para dotar ós distintos Concellos de instalacións deportivas axeitadas, pero si nos parecía que sería preciso establece--los presupostos necesarios para configurar estas instalacións deportivas.

Por exemplo, neste tema concreto, que foi tamén --como dicía-- un dos elementos que me induciu a presentar esta interpelación, é que o día 28 de xaneiro do 83, o Pleno do Concello de Ribadavia sinalaba ós medios aformativos polo seu portavoz, o Alcalde, o seguinte: "Deportes e contribucións. Deuse lectura a un escrito recibido da Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes, referente ás obras solicitadas polo Concello no campo municipal do Xestal, recinto do Castelo, A Veronza e o campo de fútbol do Outei-

ro de Francelos, por un importe superior a 35.000.000 de pesetas".

No escrito expoñíanse as normas sobre a realización correcta da petición, consistentes na presentación de diversos documentos e garantías. Por tanto, esta afirmación do señor Alcalde, a través dos medios de comunicación, permitíanos interpretar que se intentaba crear en torno a esta situación unha especie de oferta de inversión, superior por unha banda ó que contemplaban os presupostos da Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes, pero tamén inaxeitada, porque nos parece que, desde o noso punto de vista, as inversións debían facerse unha vez coñecida a realidade das instalacións deportivas existentes no ámbito galego, e establece-las prioridades, en función dunha serie de criterios determinados, que supoño que o señor Conselleiro tería que establecer, porque senón, deste xeito, se ían concentra-las inversións --que non sei de onde saían, despois o señor Conselleiro poderánolo explicar-- exclusivamente, porque non había para máis, nun Consello en concreto.

Polo tanto, como digo, nos presupostos do 1982, a Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes da Xunta de Galicia contemplaba uns presupostos conxuntamente de inversións reais, entre o Consello Superior de Deportes e a propia Xunta de Galicia en 39.070.000 pesetas. Isto era o presupostado en inversións reais por parte da Consellería no ano 1982. Evidentemente, vistos así por enriba os presupostos do ano 1983, desgraciadamente para o deporte --polo menos desde as inversións que se puidesen facer desde a Consellería, e polo tanto desde a Xunta de Galicia-- aparecen inversións reais moi pequenas ou practicamente inexistentes.

Pero á parte diso, na nosa interpelación formulabamos unhas preguntas que poden esclarecer moitas das dúbidas que a este Parlamento lle quedan, e que na réplica nas preguntas que lle formulamos ó

señor Conselleiro poderemos concretar algúns aspectos. Non quero facer tampouco aquí interpretacións que non teñan unha base fundada.

Espero que o señor Conselleiro, na súa resposta, me permita ver se son capaz de saír da dúbida, ou senón será pouco satisfactorio para o deporte en Galicia, e sobre todo desde o punto de vista deste informe que antes lle fixen respecto do Concello de Ribadavia.

Moitas gracias

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE TURISMO, XUVENTUDE E DEPORTES (Villanueva Cendón): Señor Presidente, Señorías, faramo o favor o señor Deputado que poida aclararlle algún concepto que é necesario dicir para que na súa cabeza, sempre de amigo e cordial, non queden dúbidas.

Primeiro, eu lamento que no ano 82 a Súa Señoría non vise a xestión da Consellería, porque si podo dicirlle que eu me sinto lexitimamente orgulloso do que se fixo no Departamento de Turismo, e sen dúbida pódolle asegurar que o esforzo da Consellería e da Xunta fai que este Departamento poida estar situado á cabeza de España respecto dos Entes Autonómicos.

E difícil era, por suposto, que no tema do deporte, no tema da xuventude, sen competencias transferidas e sen dotacións, puidesemos facer grandes cousas. Pero eu quixera contestarlle claramente sobre o tema de Ribadavia. Alégrome moito que estea aquí o señor Conselleiro de Economía quen sen dúbida, disto pode saber moito máis ca min.

No presuposto do 82 a Súa Señoría di que figura unha partida de 39.070.000 pesetas para inversións reais. Creo que deu unha mala lectura ó presuposto, porque era precisamente 29.070.000 pesetas, para

a práctica do deporte escolar, e dez millóns de aportación da Xunta. En inversións reais, cero, cero, cero, absolutamente. Polo tanto, fíame tamén o favor, o señor Deputado, de pensar, por un problema mínimo de sentido común, que eu non ía ofrecer ó Concello de Ribadavia 35.000.000 de pesetas, cando no presuposto de inversións había cero.

De certo na súa pregunta faíno --e logo falaremos diso-- e nós, no coñecemento directo que tiñamos que ter da situación de tódolos Concellos de Galicia, dirixímonos a todos preguntando as súas necesidades. Practicamente a todos lles contestamos cunha carta dicindo que os seus proxectos, os seus presupostos serían postos a estudio, con vistas ó presuposto do ano 1983. Polo tanto, pódolle asegurar, señor Blanco, que mal puiden ofrecerlle ó Concello de Ribadavia 35.000.000 millóns, porque ademais coincido plenamente con vostede, que isto esixiría un estudio de prioridades, un estudio de situación e de necesidades. Asegúrolle, formalmente, que iso non é certo nin responde, sen dúbida, a ningunha motivación electoral, porque creo que xa vai sendo hora de que o pobo galego vaia esquecendo eses pequenos enganar que tanto dano lle fan a todos.

Quixera empezar dicíndolle que no plantexamento xeral que fai vostede das necesidades do deporte e do desenrolo do deporte en Galicia, hai unha coincidencia xeral, porque é moi amplo o tema que vostede plantexa. Son conceptos xerais, onde é moi difícil entrar en pequenas diferenciacións. Quero dicirlle que xa no plan da Consellería, exposto hai catro ou cinco meses --que por certo alégrome que moitos sectores, mesmo do Partido Socialista, a nivel nacional e a nivel de Concellos, coincidan moito con el--, é certo que figura unha descentralización do deporte absolutamente necesaria; é certo que existe unha comarcalización; é certo que vai existir unha dedicación preferente á iniciación de educación física deportiva, moi por riba sen dúbida

do deporte competitivo. Simplemente deixa--lo deporte competitivo para aqueles rapaces que mostren unhas condicións preferentes, que fagan posible a súa participación en competición.

Pregunta a súa Señoría sobre do coñecemento que a Consellería ten da relación das instalacións deportivas en Galicia. Nós, xa hai tempo, viñémonos dirixindo a tódolos Concellos de Galicia. Témo--la contestación practicamente do 100%, con excepción de dous ós que lle seguimos reclamando intensamente a resposta sen que chegue. Pódolle dicir que a maiores da comunicación, os servizos técnicos da Consellería --que tamén é moito falar de servizos técnicos, pero son os que temos-- visitaron xa o 87,2% dos municipios de Galicia.

A título de orientación, dígo--lle o seguinte. En relación co número de instalacións existentes, que a Súa Señoría pregunta: campos de fútbol: A Coruña 167, Lugo 72, Ourense 132, Pontevedra 169; pistas polideportivas: A Coruña 79, Lugo 24, Ourense 35, Pontevedra 61; pabellóns cubertos: A Coruña 11, Lugo 10, Ourense 3, Pontevedra 15; piscinas: A Coruña 12, Lugo 8, Ourense 16, Pontevedra 12; outras instalacións, campos fluviais, de tiro, etc...: A Coruña 3, Lugo 8, Ourense 5, Pontevedra 25. Isto, en Galicia, fai aproximadamente o 87%, comprobado e revisado. Totais: campos de fútbol, 540; pistas polideportivas, 199; pabellóns cubertos, 39; piscinas, 48; e outras instalacións, 41.

En relación ás instalacións demandadas e solicitadas polos Concellos, de acordo cos datos recibidos de tódolos que o solicitaron, son os seguintes: campos de fútbol: A Coruña 50, Lugo 51, Ourense 34, Pontevedra 21, total 156; pistas polideportivas: A Coruña 61, Lugo 60, Ourense 43, Pontevedra 28, total 200; pabellóns cubertos: A Coruña 14, Lugo 12, Ourense 5, Pontevedra 19, total 50; piscinas: A Coruña 9, Lugo 16, Ourense 27, Pontevedra 13, total 65; outras instala-

cións, en total 35.

Obras de reparación. Na comunicación que fixemos ós Concellos eran preguntas concretas: ¿Que instalacións teñen? ¿En que estado están? ¿Que necesitan para poñelas ó día? ¿Que necesidades plenas ten o seu municipio para quedar satisfeito cun programa de instalacións deportivas? A contestación é que hai que mellorar en reparación, construción de vestuarios, gradas, drenaxes, pistas, iluminación, etc. Os totais son: na Coruña 77 instalacións, en Lugo 48, en Ourense 96, en Pontevedra 99, o cal fai un total de 320, que engadidas ás novas peticións fan un total de 827 demandas de instalacións deportivas en Galicia. Certamente, é un tema importante, grave, que veremos como a Xunta cos seus presupostos pode acadar.

Pero non é un tema só de prioridades, non é un tema só de ubicación, non é só o tema da densidade demográfica. É un tema de plena responsabilidade dos Concellos e das Deputacións que solicitan a colaboración da Xunta do Plan Provincial de Inversións. Coas Deputacións --e contesto á outra pregunta-- estamos no tema dos plans provinciais, para ve--las aportacións que os Concellos e Deputacións poden facer.

Vai saír un decreto, que será presentado ó próximo Consello da Xunta, no que se terá preferencia cos Concellos que nos seus presupostos dediquen unhas cantidades mínimamente necesarias para un tema tan importante como é o mantemento e a conservación.

No longo recorrer de instalacións por Galicia, eu coido que, á marxe de acertos ou erros --que creo que de todo houbo na ubicación dos sitios--, houbo unha enorme imprevisión por parte dos municipios que solicitaban instalacións. Dábase o caso que nos seus presupostos non figuraban partidas para dotalas de persoal, non figuraban partidas para dotalas de luz, non figuraban

partidas para dotalas de auga, e dábase a circunstancia de que ós equipos de rapaces que ían xogar alí esixíanlles unha cuota de participación no uso da pista, que non podían pagar, e consecuentemente era a carioca que se mordía a cola, e isto non pode ser. Os Concellos teñen que ser plenamente responsables do que pidan. Neste sentido, o decreto vaino establecer claramente.

Quixera dicir tamén --e alégrome da presenza do Conselleiro de Educación-- que imos firmar un convenio con Educación, para a utilización fóra das horas lectivas, das instalacións dos colexios públicos, que hai moitos, en moi boas condicións, e que se pode utilizar. E a maiores, que, en colaboración coa Consellería de Educación, presentaremos proximamente o Plan de Deporte Escolar, que empezará en setembro deste presente ano, e que pretendemos que sexa un modelo de desenvolvemento do deporte escolar.

E quixera dicir tamén, neste sentido de instalacións de centros de ensino, que en campos de fútbol hai: 11 na Coruña, 11 en Lugo, 11 en Ourense e 15 en Pontevedra, en total 48; pistas polideportivas: 79 na Coruña, 95 en Lugo, 47 en Ourense e 106 en Pontevedra, total 327; ximnasios: 14 na Coruña, 8 en Lugo, 8 en Ourense e 13 en Pontevedra, en total 43; piscinas: 1 soa en Pontevedra; e outras instalacións: 3 Ourense e 16 Pontevedra.

Pregúntame tamén o señor Deputado, con cargo ó presuposto do ano 83, como se van dota--los presupostos da Xunta. Vostede sabe que desgraciadamente se poden coller dous conceptos: as inversións propias, que afronta a Xunta de Galicia; e as transferencias de capital, do Capítulo VII dos Presupostos, que este ano, cando sexa transferido, cando cheguen os cartos, importará a cifra de 243.770.000 pesetas. Distribuíremolos, no plan xeral de axudas, entidades públicas e privadas. Evidentemente, o sentido que nos vai levar nisto será de xusticia equitativa nas provincias gale-

gas, atendendo ás zonas menos valoradas ata agora, e atendendo, por suposto, ás necesidades, e doulle a vostede a miña palabra de honor, sen criterios electorais.

Creo, señor Deputado, que máis ou menos fun contestando ó que vostede me preguntou no desexo sincero de se--lo máis rápido posible e distrae--lo menor tempo a atención da Cámara.

Gracias señor Presidente, señora e señores Deputados.

O señor PRESIDENTE: ¿Grupos Parlamentarios que desexen intervir? (Pausa).

Señor Olives Quintás pode facer uso da palabra.

O señor OLIVES QUINTAS: Señor Presidente, señora e señores Deputados, alégrome moito de que un tema coma este chegase aquí sobre unha cousa, moi cariñosa para min, desde hai preto de 20 anos. Quero dicirlle ó señor Blanco que o fin que el persegue é o mesmo que persigo eu, o que pasa é que polo camiño desvíaseme.

En primeiro lugar, entendo que o señor Blanco confundiu a Educación Física co deporte. A ningún se lle nega que a Educación Física é a parte integrante da educación integral. O deporte é outra cousa: é unha especialización clara nun sector determinado; o deporte complementa, pero condiciona. ¡E atención! Cando algo condiciona, pode facelo positiva ou negativamente.

Por iso, quero manifestarlle que hai que partir da base que unha cousa é a Educación Física, que vai directamente á formación integral do individuo, e outra cousa é o deporte. De aquí creo que parten algúns, que para min son erros na interpretación de como isto se debe desenrolar.

Cando se di "Deporte, activida-

de de todos", eu digo, de tódolos que queiran, para empezar. E despois quérolle facer unha precisión: non nos vaíamos pasar de listos. A min, realmente, isto que está tan de moda agora, que se chama "jogging" ou "footing", e que eu coñezo de sempre por carreira continua, é algo que en tódalas televisións oficiais dos países adiantados se está advertindo dos seus perigos. ¡Atención! Non todo o mundo pode facer isto dunha maneira total. Hai que ter en conta que ese anuncio que dicía a televisión "o que move as pernas move o corazón" é certo. Precisamente, porque iso é certo, aí radican os principais perigos.

Na televisión americana, nun dos anuncios que se repiten constantemente, di que un 24% dos individuos que practican o "jogging" teñen taquicardias, ou padecen de enfermidades do corazón. Polo tanto ¡atención! porque este punto ten os seus perigos.

O que si lle podo dicir ó señor Blanco é que eu entendo o deporte en tres aspectos fundamentais: no primeiro, o deporte como folganza; o segundo, o deporte base, e aí radica, como diría un castizo, a nai do cordeiro; e, por outra parte, o terceiro, o deporte competición. Evidentemente, estes tres campos do deporte non poden ir dirixidos ó libre albedrío.

Sendo o deporte unha parte especializada, necesita a competición. ¿Por que necesita a competición? Por un xeito moi sinxelo. ¿Vostede podíame explicar que sería un deporte asociativo se non tivese competición? Non sería tal; non podería existir. E por outra parte, se ó deportista en si, que é un especialista, se lle quita o contraste con outros especialistas, elimínase a superación, e elimínase a razón de ser do deporte.

Cando di --ou polo menos enténdille eu-- que o deporte é un servizo público, respóndolle: Bueno... Bueno... simplemente iso: bueno...

Coido que o interpelante tivo outro erro, cando fala de elitismo. Aquí, estimo que o señor Blanco confunde o que é o elitismo, co espectáculo e co negocio. Eu, desde logo, estou totalmente en contra do negocio, porque desvirtúa a razón de ser do propio deporte. Pero, ¡olho! O elitismo e o espectáculo son necesarios. E sono por unha razón moi sinxela: nun carro, hai xente que vai dentro del, e hai xente que tira do carro. O que tira do carro do deporte, non é máis que o elitismo e o espectáculo. E se non é así, que se me demostre o contrario, e levo moitos anos neste tema.

"Deporte para todos", efectivamente foi outro "slogan" que se utilizou hai tempo. Xa lles dixen antes que aquí había que ter moito coidado. Como promoción, como transmisión dun desexo, paréceme ben, pero, ¡atención!: Non todos están capacitados, e non todos deben practicalo.

Pódolles contar unha anécdota. Temos un gran deportista internacionalmente coñecido --por sorte, galego-- que de pequeno era asmático. Tivo a sorte de atopar a un gran preparador físico --por certo tamén galego, e dos mellores do mundo-- e foi campeón de Europa. Non o vou citar porque o coñecedes.

Este é un tema moi concreto, pero ¡atención!, porque o tema non só pode ir por aí, e non sempre é o mesmo. O que realmente se necesita é unha estrutura. Aquí quero enlazar cun tema moi en boga hoxe en día: o do INEF galego. O primeiro que necesitamos para desenrola--lo noso deporte é obter aquí, na nosa Comunidade, os verdadeiros profesionais que facendo profesionalidade deste eido, poidan sacalo adiante.

Cando me falan da independencia dos municipios, eu diríalle que dos municipios e doutras cousas. Desde logo, non me vexo obrigado única e exclusivamente a estar coordinado polo municipio. Podo e teño a faci-

lidade de asociarme e crear outras cousas, aínda que logo me coordinen.

En canto ás instalacións, quero dicirlle que bueno, os exipcios facían pirámides para mete--los mortos; o sistema anterior facía grandes presas, e logo secábanse os ríos; e agora parece ser que está de moda --non sei por que-- facer instalacións en todos aqueles municipios que se teñen por tales. Estou de acordo en que se fagan instalacións, quero moitísimas instalacións. Pero sorpréndeme, por exemplo, que certas instalacións tivesen o estreo cun gran mitin a toda bomba. ¡Claro! Aí xa non estou de acordo.

O que hai que ver é o rendemento destas instalacións, cal é o verdadeiro rendemento a que está adicado, cal é o seu aproveitamento, quen é o que o usa e para que, porque efectivamente as instalacións deportivas son para face--lo deporte, e non outras actividades.

Señor Blanco: estou totalmente de acordo co que vostede persegue, pero o camiño non é o mesmo. Voulle dar unha indicación que, ó meu parecer, é como debe ser. En primeiro lugar, parte dunha educación física na escola. Evidentemente, de 12 a 1, antes de comer, non se pode facer deporte; e menos de 3 a 4 da tarde, antes da clase de matemáticas. Isto estase a facer. E un problema de programas educativos, ou do ensino, que terá que resolve--lo Conselleiro de Educación.

Entón, primeiro, Educación Física é a base no deporte, porque non queremos especialización dos nenos ata chegar a certa idade. Queremos Educación Física de base e non especializa--los nenos; non queremos ese tipo de deporte, e moito menos outros que se anuncian moito pola televisión e que son totalmente prexudiciais.

Logo vén o deporte escolar, que terá que coordina--lo señor Conselleiro de Turismo, Xuventude e Deportes co de Educación. Aquí si que

é onde poden entra--las institucións: a estrutura do deporte, a aportación de profesionais. Iso téñennolo que da--las institucións. E as institucións téñennos que dar tamén as instalacións, pero tamén nos teñen que da--la distribución de tempos e espazos desas instalacións.

Polo tanto a orde é: escola, estrutura, profesionais, instalación e distribución de tempos e espazos. Se non, mentres falle un dos puntos da cadea, o deporte continúa no mesmo eido que se atopa actualmente.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Miras Portugal.

O señor MIRAS PORTUGAL: Señor Presidente, señora e señores Deputados, despois de escoitar ó meu compañeiro Antonio Olives daríalle un sobresaliente se, en realidade, fose o Conselleiro de Turismo, Xuventude e Deportes.

Despois de escoitar en primeiro término ó Conselleiro, quero dicirlle que non entendín a súa intervención cando di que se fixase o señor Blanco no que se fixo en Turismo. Aquí evidentemente faríase moito, non sei, pero creo que o que se pregunta é o que se fai en Deportes. Pódolle dicir ó señor Conselleiro que poderán ser moitísimas cousas as que se van facer, pero feitas, non. O que estaba feito, está aí.

Hai unha pregunta que fai o señor Blanco, que me atingue a min porque a vivo en carne propia, desde a Deputación e desde o Concello. E despois xa falarei sobre a maioría de idade dos Concellos. Di: ¿Contempláronse no plan de inversión da Consellería as previstas polas Deputacións Provinciais nos seus plans para o ano 1983? ¿Claro; A Consellería non ten por que contemplalas, pode contemplalas, pero

non; pode coordinar. Paréceme moi ben iso. Pero, diríalle unha cousa: vai agora facer un ano, aproximadamente, que se recibiron as transferencias neste campo de deportes. De inmediato comenzaron uns plans provinciais, por terceiras partes entre Deportes, Deputación e Concello. Na provincia de Ourense hai dous polideportivos, ou pabellóns cubertos --voulle chamar polo seu nome--, que efectivamente están dentro deste concerto, nesas Concellos. Eu son dun deles, do Concello do Carballiño, e outro é o de Xinzo de Limia, do cal creo que é o señor Blanco, atopámonos con ese problema, que aínda hoxe non sabemos como vai ser.

Espero que o señor Conselleiro previse isto, porque ó recibi--las transferencias recíbeas nun estado que sabe exactamente cada situación. Cando se fai unha perfecta exposición da situación deportiva de Galicia, atópome coa que existe, pero, en definitiva, non sería unha filosofía. Por iso dicía que lle daba sobresaliente ó señor Olives, porque en realidade di unha filosofía, é dicir, unha política que se vai seguir. Non soamente se trata de inverter cartos, senón cuns criterios.

Atrevéndome a interpreta--lo que di o señor Blanco nas súas preguntas, a min o que máis me preocupa é ¿como se van gasta--los cartos? ¿Cal é a filosofía? Por exemplo, apuntábase, eu creo que con razón --non é samente sinalado polo señor Conselleiro--, que non se trata de facer un pabellón deportivo, ou facer escenarios deportivos, haberá que dotalos despois duns medios, senón ímonos atopar con mortos.

Pero que ó mesmo tempo --e vou ó que anunciaba ó principio-- coido que os Concellos teñen maioría de idade demostrada. Voulle dici--lo por que esa maioría de idade vén dada --e perdón que sexa máis unha reflexión política ca deportiva-- pola responsabilidade, e a responsabilidade vén dada por unha cousa

que se chama democracia, e a democracia baséase nas eleccións. E a propósito de eleccións, como o señor Conselleiro fixo mención delas, digo que hai que ser serios. Quero dicirlle ó señor Conselleiro --sen ánimo de polémica-- que sexamos todos serios no tema das eleccións, e non prometamos cousas que despois xa non se poden facer.

O señor Conselleiro faime aceños coa cabeza, dicindo que non, e en certa medida non quero sacar aquí detalles concretos. Non me parece prato de gusto nin para el, nin para min recordar cousas de campañas electorais, nas cales todos podemos caer, e ó mellor caín eu mesmo. Non quero por iso facer unha crítica ó señor Conselleiro. Pero si gustárame que reflexionase e pensase nunha política de inversións deportivas. Despois xa haberá moitas teorías para desenrolar, pero o que importa é ter unha política. Sobre todo, vostede peléxese co Conselleiro de Economía, para que lle dea máis cartos.

Moitas gracias e máis nada.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Deputado Casasnovas.

O señor GARCIA CASASNOVAS: Señor Presidente, eu non tiña previsto intervir, pero o deporte é un tema apaiñoante.

Por unha banda, estou totalmente de acordo co señor Olives, que nos deu unha información ampla e puntual no que penso que debe ser o deporte na Nosa Terra. Por outra banda, penso que o señor Conselleiro poderalle respostar mellor ca min ó señor Miras, porque terá os datos oportunos. Pero hai unha alusión moi directa ó Concello de Ribadavia. Como se dá a circunstancia de que eu son Deputado da provincia de Ourense, pero resido, vivo e convivo en Ribadavia, teño que facer aquí unha pequena intervención, mesmo sen consultar co señor Conselleiro.

Por suposto, entendendo que represento ó Grupo de Alianza Popular, estamos totalmente de acordo co que expuxo aquí o señor Villanueva respecto da súa planificación e da súa futura actuación. En relación a Ribadavia, falouse aquí dos 35.000.000 de pesetas para obras do Castelo, Veronza, Francelos, etc. Eu estaría encantadísimo de que isto se confirmase, cousa que por outra banda non se confirmará agora, nin por suposto ata despois da aprobación dos presupostos, e despois dunha serie de estudos que levará o señor Conselleiro.

Teño que dicir que co señor Villanueva tiven a oportunidade de visitar Concellos como Berán, Macendo, Cortegada, Melón, Avión, Leiro, Arnoia, Ribadavia, Francelos, etc., etc., e toda a provincia de Ourense. En ningún momento o señor Conselleiro consignou ou dixo que ía entregar cantidade algunha, nin neste momento o Concello de Ribadavia, por suposto, recibiu unha só peseta para estas actuacións. O señor Conselleiro, na súa condición, pediu información ós Concellos, e mesmo a persoas que non están nin vencelladas co Concello e que nalgún momento podían ter unha actuación partidista.

O señor Conselleiro trouxo unha información adecuada e puntual das necesidades destes Concellos. Polo tanto, teña a tranquilidade de conciencia e de alma, señor Blanco, de que o Concello de Ribadavia non recibiu ata este momento nin unha soa peseta destes 35.000.000, que eu espero que nas próximas datas, unha vez que se aproben os Presupostos da Xunta, se poidan recibir non 35.000.000, senón 3.000.000 se os necesita Ribadavia, e 350.000.000 se os necesita o Concello.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Deputado Blanco Gómez, usando o seu dereito de réplica.

O señor BLANCO GOMEZ: Señor Presidente, Señorías, en primeiro lugar empezarei por dicir que eu tamén estaría satisfeito se se invertesen en Ribadavia 30.000.000 ou 35.000.000, que se invertesen alí e en todos aqueles lugares que fose preciso invertelos.

A nota de prensa á que eu facía referencia, señor Conselleiro, e a que dá o corresponsal de Ribadavia, que saíu nos tres periódicos, é dicir na "Rexión", na "Voz de Galicia" e mesmo no "Faro de Vigo". Fai referencia concreta a esta decisión, que é unha información que fai o señor Alcalde no pleno do día 28 de xaneiro de 1983. Non invento nada; fixen referencia a esta nota. Sinaléi que podía ser unha interpretación deste parlamentario, e podía ó mellor non coincidir totalmente o que di a nota co que é a realidade. Pero a verdade é que a nota está aquí, non foi desmentida, e polo tanto consta.

En segundo lugar, eu non lle manifestei ó señor Conselleiro nada relativo ó tema do turismo. Simplemente fixen referencia na miña interpelación ó tema do deporte. Probablemente non coincidamos, señor Olives. Non me considero na posesión da verdade absoluta, pero penso que vostede tampouco. Vostede ten unha forma de entende--lo deporte. Eu teño outra forma distinta de entendelo.

Eu fixen referencia, por unha banda, ó que é o deporte escolar, a educación física. Aquí, naturalmente, podemos discrepar: vostede ten a súa teoría, e probablemente se inspira noutra filosofía. Desde o meu punto de vista, o deporte na escola neste momento, desgraciadamente, non se está facendo nin de forma organizada, nin de forma libre. Non hai absolutamente política en materia de Educación Física e deportiva. Esta é unha realidade, e ten consecuencias desde o punto de vista da competición deportiva como tal, na especialidade que cada persoa queira desenvolver. Pero, tamén ten consecuencias aínda que ningún

queira facer competición deportiva, pero desexa practica--lo deporte para sentirse ben física e psiquicamente.

Polo tanto, as tres cuestións que vostede plantexa son perfectamente combatibles. Cando sinaléi a Educación Física ou cultura física, díxeno así, nestes términos. Simplemente, a sinaléi e non afondei nela, porque non é competencia exclusiva, ou case do señor Conselleiro de Deportes, senón, como vostede dicía moi ben, da Consellería de Educación. En colaboración coas dúas Consellerías pódese facer unha mellor utilización e unha maior programación na práctica deportiva a nivel escolar.

Mesmo, como tamén sinalaba a Súa Señoría, centros ou pabellóns escolares que están vacíos deberían ser utilizados por sociedades deportivas, ou por grupos que quixeran facer competicións deportivas na especialidade que permitan esas instalacións. Desgraciadamente tampouco se está facendo.

¿A que me leva esta conclusión? A que hai unha descoordinación. Eu en ningún caso dixen --ou polo menos se así o interpretaron as Súas Señorías, non era o que eu quería dicir-- que a Xunta asumise as competencias que son dos Concellos. Por suposto, señor Olives, os Concellos deben ter unha autonomía na planificación do seu deporte. Tampouco dixen que fosen exclusivamente os Concellos, senón que eles deben fomentar, deben crear condicións que permitan a participación e o desenrolo deportivo. O deporte non o debe encorsetar ningunha institución. pero, o que si parece necesario é que haxa unha planificación mínima, xeral, respetando a autonomía de cada unha das partes.

Respecto das Deputacións, a nós parécenos que non soamente no tema do deporte --e penso que é un tema que se vai plantexar a nivel global nesta Cámara, e que alguén o plantexou xa nalgunha ocasión-- haberá que coordina--las inversións que se

fagan desde a Xunta de Galicia, con esas propias Deputacións, se non, Señorías, non imos facer rentables as nosas inversións. As distintas inversións en instalacións deportivas que se poidan facer deben ter ese mínimo de coherencia e planificación, pero en ningún caso encorsetamento nin asumir funcións que lles correspondan a esas institucións, que en todo caso, é tarefa das Corporacións Locais. Isto é o espírito.

Hai un tema que me parece moi importante cando falaba do deporte para todos. ¿Que significa isto? Calquera que viaxase un pouco por Europa, polos países que teñen un maior desenvolvemento industrial, que teñen probablemente un maior desenvolvemento cultural, verá que hai instalacións axeitadas que custan moi pouco facelas. Esas instalacións permitenlle a calquera cidadán que se atope en condicións de saúde facelo deporte que queira.

O señor Olives sinalou aquí o perigo que pode existir para aqueles que fagan deporte non estando nun estado de saúde adecuado. Poden correr un risco, naturalmente, pero neses países, ata cando se vai facer sauna hai controles médicos, para saber se a persoa está en condicións. Polo tanto, iso dáse por descontado.

Quería dicir que nas grandes cidades cada vez é máis necesario que nos seus entornos e nos pobos importantes se creen o que se chaman "parcours-vitás", coma en Francia e no estranxeiro. Eles permiten que calquera pola mañá se levante e, en vez de quedarse sentado vendo a televisión, se hai unhas instalacións que llo permiten, saia a dar unha volta, a pasear, correr ou a facelos exercicios deportivos que queira, ou poida facer. Iso ten uns custos moi pequenos, señor Conselleiro, porque non son grandes instalacións. Trátase simplemente de sinalar uns recorridos, cuns exercicios físicos determinados perfectamente, cientificamente estudados, para que aquel que os

queira facer e estea no estado de facelos, os faga, e o que non, non.

Pero isto permite a motivación. Non sei se os científicos americanos coincidirán comigo, pero me parece que cada vez a nosa sociedade demanda máis posibilidades de facer deporte. O lóxico é que se fagan maratóns en tódalas grandes cidades, o lóxico é que se fagan carreiras de ciclismo ata nas aldeas. Quere dicir que a sociedade cada vez está máis interesada en promover e facer deporte.

Polo tanto, os organismos, as institucións, teñen que facer adecuadamente este traballo, clarificarlas súas inversións, de xeito que non entren en colisión con outras institucións de rango distinto, como poden ser as Deputacións ou os propios Concellos, pero que haxa unhas inversións axeitadas, partindo das necesidades reais. Son consciente de que non se fixeron sempre instalacións deportivas partindo de realidades concretas. Fixéronse inversións en deportes para contentar ós veciños dun pobo, pero son campos de fútbol que están abandonados. Iso é así de claro, na nosa xeografía e na nosa Galicia. Tampouco pido que se fagan instalacións por facelas, senón que estean en función das necesidades reais que cada pobo ou que cada cidade poida ter.

Como ve o señor Olives, non hai grandes diferencias entre o que vostede dixo e o que eu dixen. Tampouco manifestei que me opoñía ó deporte de élite. Dixen que non exclusivamente deporte de élite. O que queira facer deporte de élite, que o faga. Probablemente ten máis posibilidades o que queira facer deporte de élite que o mellor o que queira facer outro tipo de deporte. Pero non son excluíntes; polo tanto todos son compatibles.

Nos Presupostos de 1982, como dixen efectivamente, había unha partida de 29.000.000 do Consello Superior de Deportes, e outra de 10.000.000, que eran da Xunta de

Galicia. Polo tanto, no ano 83: inversións reais da Xunta de Galicia --independentemente das transferencias de capital que lle dean o señor Conselleiro-- non hai; a Xunta de Galicia non inverte nada. Iso é a constatación da miña lectura rápida dos Presupostos do ano 83. Evidentemente, se vostede di que van vir 200.000.000 e pico por parte das transferencias do Estado, benvidos sexan. Pero a Xunta, como tal, non xera ningunha inversión real con cargo ós seus Presupostos e con cargo á financiación que a Xunta puidese buscar a nivel de Galicia.

Máis nada, moitas gracias señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE TURISMO, XUVENTUDE E DEPORTES (Villanueva Cendón): Señor Presidente, desde o escano, quixera contestar moi brevemente, primeiro, porque trato de ser respetuoso coa norma, e porque xa interpelación do señor Blanco entendo que se concreta e reduce ás preguntas.

Creo que aquí se produciu un debate sobre deporte escolar que naturalmente eu non tiña previsto, aínda que toquei os puntos especiais de desconcentración, de iniciación técnico-deportiva, de deporte de competición. Pero o señor Gato Soengas fíxome no seu día unha interpelación por escrito, que a petición súa quedou para pasar a oral, e non sei que foi dela. Sen dúbida houbo algún defecto de tramitación ou algunha outra circunstancia, pero eu esperaba contestar ó señor Gato Soengas no tema do deporte escolar. Non obstante, creo que nas ideas xerais que expuxen, coincido co señor Olives, e coincido en parte co señor Blanco, por suposto.

Quixera rematar aclarando ó señor Miras Portugal que eu non falei

de eleccións. Foi o señor Blanco quen lanzou unha alusión en relación ó Concello de Ribadavia, e eu dixen que non era así, que non era certo. Polo tanto, non ten a Súa Señoría por que darse por aludido, porque nada máis lonxe da miña intención que facer referencia algunha dese tipo.

En segundo lugar, cando fala vostede do Concello do Carballiño, do polideportivo e dos fondos transferidos á Xunta polo Consello Superior de Deportes, debo aclararlle que cando foron transferidos ás competencias da Xunta, xa no Capítulo de Plans de Obras en Galicia estaban absolutamente contraídos os gastos, polo Consello Superior, os Concellos e as Deputacións. Naturalmente, a tramitación destes expedientes, conferidos xa antes de que as competencias fosen asumidas, estanse a transferir. Prácticamente tódalas semanas recibimos un paquete de dotacións de expedientes que avalan as obrigas contraídas. Está-molo xestionando, pero naturalmente coa responsabilidade do Consello Superior de Deportes, e non nosa.

Quero dicirlle, señor Blanco, que efectivamente no Presuposto do 83 figura unha partida de inversións reais de 243.000.000, unha inversión propia da Comunidade Autónoma de 875.000 pesetas. E logo, como sabe vostede, na Sección 31 hai un Fondo de Disposición e Distribución mediante a presentación de programas, no que sen dúbida --eu espero, polo menos-- Deportes terá unha certa habilitación. A maiores aínda que non para este ano, pero si para o ano 84, está o Fondo de Compensación Interterritorial. A Consellería non puido telo no 83, porque era de nova creación en Galicia e, polo tanto, non tiña participación no Fondo, pero no 84 espero que polos programas presentados sexa concedida.

Respecto do que se falou do Conselleiro de Educación, da iniciación do deporte e do deporte escolar, estou de acordo. Pero dígo-lle que o deporte escolar, cando eu

cheguei á Consellería estaba xa absolutamente programado e previsto. Entendín --e quizais non sexa momento este de aclaralo-- que existían graves defectos de forma e de fondo. Digo neste sentido voluntariamente tiven que limita--lo deporte escolar deste ano, para dar paso a sentar novos principios que en setembro do 83 permitan, sen dúbida creo que pode ser así, a práctica dun deporte escolar do máis alto nivel, ou polo menos ó mellor nivel que na Comunidade Autónoma e en Galicia se poida practicar

Moitas Gracias.

-DO GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA SOBRE CALENDARIO LEXISLATIVO DA CONSELLERÍA DE AGRICULTURA.

O señor PRESIDENTE: Interpelación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre calendario lexislativo da Consellería de Agricultura.

O señor Casal pode face--la defensa da interpelación.

O señor CASAL VILA: Moitas grazas, señor Presidente. Señorías, vaimos permiti--lo señor Presidente que, antes de falar da interpelación que agora temos diante, faga unha referencia a que non interviñamos en dúas interpelacións anteriores, non en razón do tema, que en ámbalas dúas era importante, senón en razón dos termos en que foron plantexadas.

Efectivamente, o señor Piñeiro dixo que estaba plantexada en termos administrativos, e mesmo algún señor Deputado falou de termos taurinos, de Manolete y Arruza, e do Cordobés e o Niño da Palma. O mellor tamén había que escoller entre Sada e Arzúa, e non se trataba de elixir estas alternativas, senón de vir falar de termos políticos.

Tamén puidera ser que fosen en termos futbolísticos nos que houbese que falar, e que se tratase de que un xogador está metendo un gol na propia porta e, polo tanto, o que hai que facer é eleva--lo marcador e simplemente seguir.

Pero cinguíndonos ó tema que nos ocupa, a nosa preocupación está no calendario lexislativo no sector da agricultura. No calendario que a Xunta presentou estaba para o ano 82 o proxecto de Lei de Incendios e o proxecto de Lei de Caza; e para o ano 83 a Lei de Explotación Familiar Agraria Galega, e outro proxecto de lei, que anque non é directamente da Consellería de Agricultura, afecta moito ó desenrolo da agricultura, como é a Organización e Réxime Xurídico da Parroquia.

Máis adiante, o señor Conselleiro anunciou en diversas intervencións nesta Tribuna, ou na Comisión correspondente, a presentación doutros proxectos de lei, concretamente: o de Montes Veciñais en Man Común, o de Parroquias de Actuación Intensiva, o da Concentración Parcelaria, que xa en total xuntan un número de 7, que el nunha sesión de marzo, tamén, falou de que se presentarían ó Parlamento. Falou de que se presentarían antes do verán; o tempo pasou e non entrou aínda ningún na Cámara.

Por outra banda, a presentación destes proxectos, debera facerse dun xeito paulatino, para que a Comisión puidese ir traballando na Agricultura e nestes proxectos que fan tanta falta. Hai un anaco un señor Deputado moi vencellado coa agricultura dicía, e non lle faltaba razón, que esta Cámara debera adica--lo 50% do seu tempo á agricultura, xa que o 50% dos galegos viven e traballan na agricultura. Isto non se está cumprindo, porque á Comisión correspondente non chegaron os proxectos de lei que foron anunciados, e a iniciativa lexislativa do Goberno está fallando estrondosamente.

O señor Vicepresidente político

--tamén hai uns días-- extrañábase da desigualdade do traballo nas Comisións do Parlamento. Isto é certo. Hai algunhas Comisións que están traballando arreo, porque teñen proxectos de lei que foron enviados pola Xunta e poden ter traballo adiante. En cambio, na Comisión de Agricultura non pasa isto, e aí hai unha gran necesidade e, ademais, unha grande inqueda pola Depu-tados que forman parte desta Comisión, porque estas leis son dunha grande urxencia. A peculiaridade de Galicia, e a peculiaridade do xeito de produción e de vida na explotación agraria galega, fan que urxan estas leis de axeitamento da agricultura.

Van pasando períodos de sesións, e temos que no eido agrario non saíu aínda ningún proxecto de lei, e isto é grave. Nós facemos esta interpelación para saber de onde vén esta gravidade, onde están os atrancos que impiden que estes proxectos de lei cheguen á Comisión. Hai dúas etapas na elaboración dun proxecto de lei. Primeiro a Consellería remite este proxecto de lei ó Consello da Xunta, e posteriormente o Consello da Xunta apróba, e remíteo ó Parlamento.

O Conselleiro anunciou estas leis. Non sabemos se están elaboradas, anque el dixo que estaban, e se o están, que é o que pasa na Xunta, que é o que pasa no Consello da Xunta para que a estas leis lles poñan atrancos e non cheguen ó Parlamento. Porque se efectivamente están feitas e teñen algún defecto, nós dicimos que ningunha lei é perfecta, e precisamente o traballo das Comisións e das Cámaras consiste en chegar a darlles unha maior perfección e unha visión moito máis ampla, de tódolos grupos políticos que teñen unha visión da realidade galega moito máis completa.

Polo tanto, repito, a nosa interpelación vai no senso de saber onde está a responsabilidade de que os proxectos de lei non cheguen a esta Comisión e cales son os atrancos que fan que non se cumpran as

promesas que o señor Conselleiro de Agricultura fixo no Parlamento e na Comisión.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Resposta da Xunta. O señor Conselleiro pode facer uso da palabra.

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES (Rey de Roa): Señor Presidente, señoras e señores Deputados, é certo, que o compromiso da Consellería de Agricultura era facer sete leis axeitadas á realidade agraria galega, pero coido que na data de que fala o señor interpelante, do día 2 de marzo, eu non dixen que se presentarían as sete antes do verán, senón que se presentarían neste ano. De todas formas, efectivamente, o certo é que o compromiso está aí.

Vou facer unha pequena lectura, e vou facela en castelán, porque como os papeis traíoo sempre en castelán, ó face--la tradución aquí, a metade das veces cóstame moito máis traballo e por enriba sae un galego moito peor.

Indudablemente la Consellería de Agricultura está en condiciones de reiterar su anunciado propósito de presentar un conjunto de leyes que permitan adecuar la normativa vigente a las características de Galicia. Sin que constituya un tópico hablar de escasez de medios, tampoco se puede ni se debe ocultar que éstos han sido, no escasos, sino mínimos. Y si no es intención del Grupo interpelante entrar a considerar este aspecto, ciertamente pierde objetividad el planteamiento, y se escamotea uno de los términos, si se quiere resolver con tal criterio de objetividad el problema planteado.

Los presupuestos por los que se ha regido la Comunidad durante el año 1982, herederos del anterior Gobierno, han colocado a la Consellería en el penúltimo lugar en el

orden de disponibilidades. Y téngase en cuenta que tales presupuestos son los que han regido en el año 1982, y aun los de este último año, aprobados en diciembre, no puede decirse que han ofrecido a la Consellería mejores condiciones que el año anterior, entre otras razones, porque nos encontrábase sin ningún tipo de transferencias.

Hecha la primera observación, quiero tomar buena cuenta de la disposición del Grupo Parlamentario interpelante por el buen tono y tálante en que se produce su escrito, el especial reconocimiento de la importancia de la Consellería de Agricultura para el País Gallego, así como que tiene conocimiento de que la Consellería ha elaborado algunos anteproyectos, reconocimiento que nos congratula, lo que supone admitir el sentido de responsabilidad al intentar unos textos lo más acertados posibles, y que ha trascendido al pueblo la labor de elaboración de los citados anteproyectos.

Ahora bien, como el interpelante conoce perfectamente, según la Ley de Procedimiento Administrativo, en su artículo 129 y siguientes, para la elaboración de disposiciones de carácter general es preciso disponer de los estudios e informes previos que garanticen la legalidad y acierto, además de la oportunidad, de la norma, para solicitar dictámenes, consultas, informes, etc.

Pues bien, la Consellería de Agricultura, Ganadería y Montes, ha procurado obtener la máxima información en los temas objeto de sus proyectos, que desgraciadamente no han sido evacuados, en muchos casos, con la rapidez, profundidad, e incluso objetividad --que todo hay que decirlo-- que los temas se merecían. Del mismo modo, estamos de acuerdo con el interpelante en que los proyectos de ley deben presentarse de forma escalonada y, así, puede afirmar el Conselleiro de Agricultura que los de Ley de Concentración Parcelaria para Galicia

y Actuación Intensiva en Parroquias Rurales, debían haber sido presentados, no habiéndolo sido por las razones expuestas anteriormente.

Respecto de los otros anteproyectos, en primer lugar, cabe referirse al de Montes Vecinales en Mancomún, también en grado muy avanzado de gestación, pero que prácticamente por lo complejo de su elaboración, después de dos intentos, en 1968 y 1980, de dar una regulación válida, útil y eficaz para Galicia, sería lamentable que como en los toros, la normativa sobre los montes recibiese un tercer aviso por su falta de idoneidad para arrancar tales tierras del abandono y desaprovechamiento de que están siendo objeto, máxime si esta era una ley dictaminada por el Parlamento Gallego.

La responsabilidad del empeño ha impulsado a la Consellería a adoptar el máximo de precauciones en el texto que tiene elaborado, y de ahí que el permanente fluir, aunque con cierta discontinuidad de informes, sugerencias y contradictorios criterios y puntos de vista, hayan constituido causa más que suficiente para demorar su presentación, por mayor tiempo del previsto.

Y aquí quiero aprovechar, no sin advertir que no es mi propósito convertir esta Tribuna en un Muro de las Lamentaciones, para decir que los medios materiales han sido y son muy exigüos, como Su Señoría conoce perfectamente.

Respecto a los demás anteproyectos de ley, el Conselleiro de Agricultura está en condiciones de afirmar que el borrador de la Ley de Caza está circulando hace algún tiempo para consulta, con general aceptación --salvo algunas excepciones que respetamos-- y en condiciones de presentar el texto definitivo. No sucede lo mismo con la Ley de Incendios Forestales y Espacios Naturales, porque el retraso públicamente conocido, por parte del ICONA respecto a las transferencias, podría conducir a la for-

mación de unos textos desacordes con las competencias de la Comunidad Autónoma. Precisamente, para la próxima semana, está anunciada una reunión de la Comisión Mixta de Transferencias, para llegar a un texto definitivo con el ICONA. La misma filosofía puede aplicarse a la Ley de Conservación de Recursos Genéticos.

Dicho todo lo que antecede y, en conclusión, ciñéndonos al estricto contenido de las preguntas, podemos y debemos hacer a Sus Señorías, y al pueblo que representa este Parlamento, las siguientes puntualizaciones:

Primera. Indudablemente no se presentarán antes del 30 de junio todos los proyectos de ley anunciados. La razón queda expuesta. Las graves tensiones que han provocado las negociaciones de transferencias con el ICONA, el retraso sufrido en el calendario de las mismas. Aún hoy, no hay un texto con el ICONA aceptado por la Xunta de Galicia, por ser remiso en reconocer nuestro techo estatutario el citado organismo. Son motivaciones de orden intrínseco, de propia esencia y "ratio iuris" para acometer alegremente unos textos en flagrante contradicción con el paquete de competencias recibidas. Es preferible, aún so pena de verse sometido al acoso parlamentario, demorar un calendario anunciado, que lanzar unos textos que no satisfarían en absoluto al Gobierno gallego, ni por supuesto a la oposición.

Respecto a las leyes de Concentración Parcelaria y Actuación Intensiva en Parroquias Rurales, reitero el anunciado propósito de su presentación a esta Cámara a la mayor brevedad posible. Además, ciertamente parece obvio hacer aclaraciones respecto de la segunda parte de la pregunta. Las dificultades, problemas y obstáculos que han impedido tener elaborados definitivamente los otros textos, quedan ampliamente expuestos a lo largo de mi intervención.

En todo caso, quiero decir que, naturalmente, por lo que a la Consellería de Agricultura se refiere, ha cumplido, creo que en buena parte, el calendario, y buena prueba de ello es que incluso estos días en la prensa han salido comentarios diversos sobre la Ley de Caza. Igualmente ocurrió, en su momento, sobre la Ley de Concentración Parcelaria y Parroquias Rurales, y de las otras leyes, si bien no ha habido una divulgación, a nivel de información tan amplia, lo cierto, es que la mayor parte de ellas, están circulando por Galicia.

Nada más y muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Grupos Parlamentarios que desexen intervenir neste debate.

Pode facer uso da palabra o señor Deputado Recimil Tabora.

O señor RECIMIL TABORA: Señor Presidente, Señorías, dada a situación preponderante da agricultura en Galicia, necesita, como dicía o señor Casal, unha regulación dunha cantidade de realidades circulantes que temos, realidades agrarias que estaban implicadas nunha normativa nacional, que aquí non serve para aplicar en moitos casos. Hai unha cantidade de leis e normas que vimos aplicando hai moitos anos, que aquí é imposible aplicalas, que aquí non teñen sentido, que aquí non nos serven para nada. Polo tanto, temos que ter, neste sentido autonómico, a nosa lexislación propia para podermos ser máis eficaces no aproveitamento de tódolos recursos na nosa agricultura. Por iso, creo que dispoñer dun paquete de medidas, un paquete de normas para o sector agrario, é imprescindible.

Dadas as limitacións que ten a Consellería, en canto a persoal e en canto a medios, eu diría que era preciso ordenar un pouco estas necesidades, en canto a prioridades, tendo en conta moitos casos, porque algunhas veces hai moitas dificult-

tades. Aínda que hai normas que debían ser prioritarias, ás veces non poden ser as primeiras. Hai que ordenalas, en base, non só a un valor económico, senón á oportunidade de elaboración, a un apoio do poder ou da xente que poida estar implicada nela. Nese sentido, débese ter en conta tanto ós funcionarios coma ás entidades, coma ó público en xeral, e levar a cabo isto de tal forma, que sexa unha consulta anticipada sobre cales son os proxectos que máis rapidamente se poderían elaborar, contando sempre con todos estes medios.

Máis nada, Señorías moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Lage.

O señor LAGE LAGE: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, con toda sinceridade quero manifestarlle ó señor Conselleiro que estou totalmente en desacordo co que acabo de oír por parte del, no senso de que cumprira o seu compromiso con esta Cámara e co pobo galego, como logo demostrarei. O máis grave aínda é que non soamente ese compromiso non o cumpriu o señor Conselleiro, senón tampouco o propio Goberno en pleno, como logo tamén demostrarei.

Desde logo, se se cumpriese o calendario lexislativo, temas de interese --coma os que trae moitas veces o señor Casal e o señor Morán a través de interpelacións-- quizais non terían entrada neste Parlamento, senón que serían debatidos nunha Comisión. Pero dado que se produce esta falta de iniciativa lexislativa por parte do Goberno, non cabe dúbida que o Parlamento tense que ocupar, vía interpelacións, de temas que, aínda que son parciais, son moi importantes.

Quero seguir estimulando ó señor Morán que non se desanime. Aínda que algún Conselleiro, ou algún Parlamentario considere pois que

non son obxecto de debate político, o certo é que reflexa unha realidade viva, e creo que nós coma representantes do pobo temos que solucionar eses problemas. Cada pregunta que vostede plantexou antes, non cabe dúbida que está aí na rúa, e a autonomía agraria nace mal, señor Conselleiro. Non é bo para Galicia, non é bo para a agricultura que desde que se tomaron as transferencias se producisen uns conflitos tremendos entre os funcionarios e a Consellería. Isto é grave, e hai que tratar de evitalo.

Volvendo ó que dixen anteriormente --e oxalá estivera equivocado--, eu quero expoñer de manifesto que no "Diario de Sesións" desta Cámara do 30 de xuño de 1982, hai unha pregunta formulada precisamente polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre o sistema de prioridades e calendario lexislativo da Xunta. A pregunta foi formulada, se mal non recordo, por Don Ceferino Díaz, do Grupo Socialista, e foi contestada por un dos máximos representantes do Goberno galego, da Xunta, concretamente polo señor Vicepresidente, señor Romay Becaría, quen dixo, entre outras cousas: "Pois ben, o día 17 do mes de marzo de 1982, a Xunta aprobou un calendario lexislativo no que marcaba as prioridades que considerou axeitadas".

O acordo da Xunta foi dado ó coñecemento do público en xeral, e entón na súa explicación que daba o señor Romay Becaría distinguía entre leis institucionais e leis sectoriais, e o compromiso da Xunta de presentalas respectivamente no ano 1982 e 1983. Aquí sinalaba as leis, digamos, institucionais.

E no que respecta ás sectoriais, dicía o seguinte: "Leis sectoriais. Preséntanse no ano en curso os seguintes proxectos de lei". Séguese, entón, no caso que nos ocupa aquí, no tema agrario. Dicía: "Da adaptación da Lei dos Incendios Forestais á realidade galega, da Regulación da Caza, Pesca nas Rías e Augas Interiores, de Marisqueo e

Agricultura" --non sei o que quere dicir iso, pero como pon "Agricultura", leo o que trae aquí recollido o "Diario de Sesións"--, "sobre Normas adicionais de Protección do Medio Ambiente e da Paisaxe" --entendo que ten que ver algo coa agricultura-- "de Pesca Fluvial e Lacustre, de Explotación Familiar Agraria Galega". Repito que di aquí: "Presentaranse no ano en curso os seguintes proxectos de lei". Era o ano 1982, aínda que despois a seguir dicía: "Os proxectos devanditos presentaranse no decorrer do ano 83, desenrolándose no resto da Lexislatura as demais leis sectoriais".

Pero logo, a continuación, dicía o señor Vicepresidente da Xunta: "Mais convén engadir que, na reunión da Xunta do día 21 de abril pasado, aprobouse que no calendario legislativo fose incluída unha nova lei referente á Concentración Parcelaria da Ordenación Rural, dadas as especiais condicións do noso agro, e da propiedade da nosa terra".

Por iso recórdolle, con tódolos respetos o que vostede dixo con motivo da reunión da Comisión de Agricultura do día 2. Refírome a aquel compromiso que adquirira de levar ó Consello 7 proxectos de leis. Repito que agora vostede manifestou que non era posible cumprir--la data do 30 de xuño, senón que tiña que ser á fin de ano. Vemos que por parte da Xunta no seu conxunto non se cumpriu o calendario, cun compromiso feito ante esta Cámara e ante o pobo galego.

Aínda hai outra cousa, que é máis significativa, polo que se refire ó proxecto da Concentración Parcelaria e da Ordenación Rural. Se mal non recordo, e dado que a maior parte, ás veces, das informacións que moitos Deputados temos é a través dos medios de comunicación, --pode que me equivoque nun mes, e ó mellor non estou no certo-- teño entendido que este proxecto, ou anteprojecto elaborado pola Consellería, foi presentado ó

Goberno galego, no mes de decembro. Pregunto: se isto é así, ¿por que ese proxecto non vén aquí ó Parlamento, vía Comisión? ¿Foi aprobado, ou non foi aprobado? Se foi aprobado, ¿por que non se envía? Se non foi aprobado, ¿cal é o motivo de non apurar estes temas?

Non hai dúbida --e niso estou de acordo unha vez máis con Don Benxamín Casal-- de que se queremos que a Autonomía marche, ten que marchar collida da man da agricultura. Será nun 50% ou nunha porcentaxe menos ou máis da actividade parlamentaria que deberá adicarse ós temas da agricultura. Estou totalmente de acordo en que, aínda que os proxectos que aquí anunciou o señor Conselleiro sexan moi importantes, desde logo, se non se leva a cabo unha Lei de Adaptación da Concentración Parcelaria e Ordenación Rural á nosa terra, eu creo que as mais leis pouco poden seguir adiante.

Teño que lamentar unha vez máis o meu desacordo co señor Conselleiro, usando o que sempre se di aquí: escaseza de medios, que as transferencias viñeron tarde, falta de estudos. Pero, imos ver, eu creo que en Galicia está todo estudiado, o que falta é aplicalo. Creo que en realidade non hai nada que inventar. ¿Novos técnicos? Os técnicos están aí, non son persoas novas. Foron transferidos medios persoais e materiais. Pois eu creo que pouco hai que inventar.

Son consciente --e non quero criticar sempre a actitude do señor Conselleiro-- dos esforzos que está facendo. Teño que dicir, a través da prensa, que realmente hai unha serie de anteprojectos que mesmo están circulando por aí, ante organismos, ou ante entidades, ou ante asociacións. Fálase da caza, fálase doutros proxectos. Paréceme moi ben, pero repito que é un tema non soamente, digamos, da Consellería, senón unha responsabilidade total do Goberno galego.

Están rematando as tres se-

sións. Moito me temo que cando remate este ano non teñamos ningún proxecto aprobado, que sexa beneficioso para a realidade galega. Estamos como dixeran na metade do tempo do noso Período de Sesións parlamentarias, de representantes do pobo galego. Repito unha vez máis que debemos traer leis adaptadas á realidade galega. Neste sentido si que somos diferentes, non cabe dúbida, co resto do país, pero o noso campo, a nosa agricultura e os nosos montes teñen que ter un tratamento específico. Entón, pido unha vez máis que a Xunta tome conciencia neste tema, e nos envíe, o antes posible, proxectos para seren debatidos nesta Cámara.

Máis nada, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Casal, no seu turno de réplica.

O señor CASAL VILA: Señor Presidente, Señorías, o señor Conselleiro falounos dalgunhas das leis, pero non falou de todas. Eu fixen referencia a algunhas, como a Explotación Familiar Agraria Galega, que non mencionou o señor Conselleiro, e que ten unha importancia grandísima para o desenvolvemento da agricultura. A explotación agraria é o cerne de todo o desenvolvemento da actividade económica e da vida real do campo en Galicia, e ademais ten unha grande importancia para o desenvolvemento dunha futura lei de concentración. Esta non será certa e eficaz se non se considera vía propietarios, porque noutras zonas de España non coincide o propietario con quen fai a explotación, pero en Galicia o propietario é o que leva a cabo a explotación, é un máis da casa, como xa se teñen estudado por ilustres xuristas galegos. O mesmo señor Presidente da Cámara sabe moito disto, e que pode ter unha importancia extraordinaria adiantar esta Lei da Explotación Agraria Familiar Galega, mesmo para futuras leis que afecten a toda a agricultura. Doutro xeito tamén o

señor Laxe aludiu a outros proxectos de leis que están anunciados, e que tampouco o señor Conselleiro deu conta deles.

Con respecto ós proxectos de Concentración, ós de Parroquias, os da caza, veñen circulando hai tempo, pero hai problemas. Haberá que facer unha lei de tráfico, porque circular, circulan, pero debense de atopar aí cun "Stop" diante do Pazo de Fonseca, porque aquí non entran. Polo tanto, se efectivamente o Conselleiro con poucos medios fixo as leis, e a Xunta non as pasa, realmente é necesario --como dicía o señor Laxe-- que nos expliquen por que causas estas leis non chegan ó Parlamento. ¿Que circulación pechada é esa que se fai ó redor do señor Conselleiro, que non acaba de rompela para que os proxectos entren na Cámara? E necesario sabelo.

Por outra banda, de novo o señor Conselleiro --hai que recordar aquilo de "podo prometer, e prometo"-- prometeu unha vez máis. Eu pediríalle ó señor Conselleiro que non nos prometa máis proxectos: tráíanolos.

Moitas Gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA; GANDERÍA E MONTES (Rey de Roa): Señor Presidente, señora e señores Deputados, primeiro vou contestar ó señor Laxe.

Xa dixeran antes que non se cumprira o calendario de presentación. Eu dixeran que se cumprira o calendario de face--las leis, que é outra cousa; pero non dixeran que se cumprira o calendario de presentación.

Cando apoiou os conflitos dos funcionarios, penso que naturalmente cadaquén é libre de face--lo que queira, pero eu preguntome unha cousa que xa preguntei nalguna ocasión: Vostede, como representan-

te do pobo de Galicia, ¿quere facelas cousas axeitadas á nosa realidade, ou non? Naturalmente, cando despois vén dicir, que o conto é que sómo--los únicos practicamente de España que necesitamos leis distintas, eu penso que non, cada un necesita as súas leis. O certo é que nós non somos moi diferentes de Asturias ou de Cantabria, porque a España verde non é tan distante unha da outra. Son distintas a España verde e a España seca, ou a outra España, pero tamén é certo que hai que acepta--las súas realidades.

Xa dixen en moitas ocasións que, naturalmente, o que non se pode é dicir que estamos dispostos a traballar porque somos distintos ós demais. Somos distintos relativamente, nada máis, nunhas cousas e iguais noutras. Naturalmente, ou somos distintos ou somos iguais, ou somos algo distintos, que é a única verdade. Nin distintos, nin iguais: algo distintos; cada un ten a súa peculiaridade. Como sabe a Súa Señoría, Ourense non é o mesmo que A Coruña, nin ca Pontevedra, nin ca Lugo. Dentro da Nosa Terra, dentro de Galicia, temos catro provincias distintas, e aínda máis, hai bisbarras distintas dentro de cada unha das súas provincias. Polo tanto, iso de iguais ou distintos é un tema moi manoseado, e que non me gusta.

Despois leu concretamente cales eran as leis a que nos comprometemos: a Lei de Caza, a Lei de Incendios, Marisqueo e Acuicultura, que recoñeceu que non sabía moi ben o que era. Pois marisqueo e acuicultura, é o marisqueo das Rías Baixas; e acuicultura, son os cultivos mariños, e polo tanto naturalmente non ten nada que ver coa miña Consellería. O Medio Ambiente e Paisaxe, é certo. Pero tamén é certo que se nós non asumimo--lo ICONA, dificilmente poderemos facer unha lei axeitada ó medio ambiente e á paisaxe, se aínda non sabemos cales son as nosas competencias. O que temos, hai que recordalo hoxe aquí, é un decreto de preautonomía

e, polo tanto, ten que quedar pechado cun decreto de autonomía.

Outros proxectos eran: Pesca Fluvial, que está integrado no ICONA; Explotación Familiar, que naturalmente, e niso estou de acordo co señor Benxamín Casal, é unha das leis principais, pero precisamente tamén das máis difíciles, non só xa de discutir aquí neste Parlamento, senón de preparar e de ver concretamente que é o que queremos facer antes de acometelo.

Quero xustifica--la miña Consellería por dúas cousas. Primeiro, porque é certo que naturalmente as leis están practicamente rematadas, e enténdese que non son leis acabadas. As leis acábanse cando saen deste Parlamento; polo tanto, o que hai rematado son os proxectos de lei.

Teño aquí varios recortes de prensa de hai días que falan da Lei de Caza; uns a favor e outros en contra. Quere dicir que se lles presentaron, porque senón non poderían falar. Pero é máis, eu teño aquí a Lei de Concentración Parcelaria, elaborada pola miña Consellería. Teño aquí o Proxecto de Lei de Actuacións Intensivas de Parroquias Rurais, que é pequena naturalmente, porque non necesita o mesmo cá da Concentración Parcelaria. Teño a Lei de Montes Veciñais en Man Común, que hai que depurala moito, antes de entrar aquí, porque sería triste que a terceira lei sobre este tema, aínda non servise. Teño aquí o borrador de bases técnicas para a elaboración dun Proxecto de Lei de Caza para Galicia, que é o que está circulando, o mesmo que circularán os outros proxectos. Teño aquí o borrador de bases técnicas, para a elaboración da Lei de Adaptación á dos Incendios en Galicia, e que non pode circular aínda, porque ata que non teñamos acordado as competencias é francamente difícil poder facelo; sen embargo, aquí está. E por último temos un esquema dun Anteprojecto de Lei de Espacios Naturais Protexidos Galegos.

Sen non me equivoquei, podemos volver repetilo, son 6 leis que efectivamente están aquí. Algunhas é certo que non chegaron. Iso non é culpa miña, porque non son eu quen os ten que traer aquí. O certo é que, naturalmente, ó final, moitas veces, cando as leis xa están presentadas, hai algunhas matizacións que fan pedir ó mellor informacións que poden retrasar. Penso que é mellor retrasar e ter un informe adecuado e axeitado á realidade, que non trae--las leis soamente polo motivo de terse comprometido.

Máis nada e moitas gracias.

INTERPELACION

-DE D. CAMILO NOGUEIRA ROMAN SOBRE ELABORACION, APROBACION E EXECUCION DE PLANS, PROGRAMAS, NORMAS, E ORIENTACIONES PEDAGOGICAS DE DESENVOLVEMENTO E COMPLEMENTARIEDADE DO ENSINO DE EDUCACION XERAL BASICA.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á interpelación de D. Camilo Nogueira Román, sobre elaboración, aprobación e execución de Plans, Programas, Normas e orientacións pedagóxicas de desenvolvemento e complementariedade do Ensino de Educación Xeral Básica.

Ten a palabra o señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, anuncio que vou retirar-la interpelación debido a que esta cuestión de tanta importancia, que significa a regulación de aspectos complementarios do ensino de E.X.B. que corresponden á Comunidade Autónoma, no momento que foi formulada non estaba tomada en consideración polo Goberno Galego. Neste momento están en desenrolo na Consellería --segundo coñecín ultimamente-- plans de traballo, mesmo algunha normativa sobre a cuestión. Entón,

diríamos que a retiro, e manteño esta cuestión en reserva, para ver como se desenrola o traballo da Consellería.

Pola miña parte, máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moi agradecido, señor Nogueira.

Podo anticiparlles que está previsto o próximo Pleno para o día 21, ás cinco da tarde, para continuar ó día seguinte.

Levántase a sesión.

Eran as nove da noite.

FOLLA DE SUSCRICION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome
Domicilio
Cidade Teléfono
Desexo suscribirme ó Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas a partir do
día de de 19 ata o 31 de decembro de 19
Con data de de 19 envíolles por xiro ou talón
nominativo, número, a cantidade de Pesetas.
..... a de de 19
Firmado

Edición e suscripción:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Baixos do Pazo de Raxoi - Santiago de Compostela.
Teléfonos 981/587022 - 587212 - 587412 - 587612.
Suscripción anual: 2.500 Ptas. Número solto: 60 Ptas.

HOJA DE SUSCRIPCION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre
Domicilio
Ciudad Teléfono
Deseo suscribirme al Boletín Oficial del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condiciones estipuladas, a partir del
día de de 19, hasta el 31 de Diciembre de 19
Con fecha de de 19, les envío por giro postal o ta-
lón nominativo, número, la cantidad de Pesetas.
..... a de de
Firmado

Edición y suscripción:

Servicio de publicaciones del Parlamento de Galicia.
Bajos del Palacio de Rajoy - Santiago de Compostela.
Teléfonos 981/587022 - 587212 - 587412 - 587612.
Suscripción anual: 2.500 Ptas. Número suelto: 60 Ptas.


NOTA:

A suscripción é anual, por anos naturais. O período da suscripción remata o 31 de decembro de cada ano. As Altas producidas durante o ano contaránse, a efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de suscripción sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea anterior a ésta.

PUBLICACIONES DO PARLAMENTO DE GALICIA



Vol. 0	Regulamento do Parlamento de Galicia
Vol. 1	Estatuto de Autonomía de Galicia Lei da Sede das Institucións Autonómicas Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente
Vol. 2	Lei de normalización lingüística
Vol. 3	Lei de limitacións á propiedade nas estradas non estatais de Galicia
Vol. 4	Lei de recoñecemento da galeguidade Lei de Fundacións de interés galego Lei do Consello da Cultura Galega
Vol. 5	Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1982 Lei para o incremento dos tipos de taxas de cuantía fixa Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1983
Vol. 6	Lei de sanidade escolar

Distribúe
GALAXIA
Reconquista, 1 - Vigo
Teléfono (986) 218204

De venda
en librerías